



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Igualdade

Informe anual de seguimento da Lei  
11/2007, do 27 de xullo, galega para  
a prevención e o tratamento integral  
da violencia de xénero

2011

Informe elaborado por:

**Secretaría Xeral da Igualdade  
Presidencia da Xunta de Galicia**

**Marzo de 2012**

## ÍNDICE

|           |                                                                                                                                                                                                        |           |
|-----------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>01</b> | <b>Prólogo</b>                                                                                                                                                                                         | <b>3</b>  |
| <b>02</b> | <b>Análise e magnitude da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do ano 2011.</b>                                                                                              | <b>6</b>  |
| 02.1      | Introdución                                                                                                                                                                                            | 6         |
| 02.2      | Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das Comunidades Autónomas.                                                                                                               | 17        |
| 02.3      | Mulleres mortas por violencia de xénero. Galicia 2011                                                                                                                                                  | 19        |
| 02.4      | Casos 2011                                                                                                                                                                                             | 23        |
| 02.5      | Acreditación da situación de violencia de xénero                                                                                                                                                       | 24        |
| 02.6      | Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2011. Comparativa cos datos globais do territorio español                                                | 25        |
| 02.7      | Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2011. Comparativa co total de denuncias e renuncias presentadas no territorio español                              | 26        |
| <b>03</b> | <b>Medidas e actuacións levadas a cabo pola Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do ano 2011, no marco da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.</b> | <b>27</b> |
| 03.1      | Introdución                                                                                                                                                                                            | 27        |
| 03.2      | Título 1: Prevención da violencia de xénero                                                                                                                                                            | 28        |
|           | Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero.                                                                                                                                   | 29        |
|           | Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero.                                                                                                                | 52        |
|           | Capítulo III: Medidas no ámbito educativo                                                                                                                                                              | 77        |
| 03.3      | Título II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero                                                                                                                                        | 82        |
|           | Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico                                                                                                                                                  | 83        |
|           | Capítulo II: medidas no ámbito xudicial                                                                                                                                                                | 90        |

|                                                                                                                               |            |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| Capítulo III: outras medidas de apoio e protección                                                                            | 92         |
| Capítulo IV: medidas no ámbito da formación e do emprego                                                                      | 100        |
| Capítulo V: medidas de carácter económico                                                                                     | 105        |
| 03.4 Titulo III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero. | 131        |
| <b>04 Disposicións adicionais</b>                                                                                             | <b>178</b> |

## 01 Prólogo

O presente informe fai balance das políticas públicas implementadas polo Goberno Galego en materia de violencia de xénero, cumpríndose así coa disposición adicional Cuarta da Lei Galega 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que obriga ao Goberno da Xunta de Galicia a remitirlle o Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, contando coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento desta problemática que constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Esta Lei constitúe un fito histórico no ordenamento xurídico xa que é a primeira lei galega elaborada para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, que conta co precedente da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, onde se dedicaron a este problema os artigos 19 e 20, que conteñen previsións xerais sobre as medidas precisas para a erradicación da violencia contra as mulleres, así coma algunhas actuacións xudiciais.

É importante resaltar que esta Lei se aprobou co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, o cal indica o grao de sensibilización e de concienciación sobre a importancia do fenómeno da violencia de xénero na nosa sociedade.

Así mesmo, esta lei segue o camiño iniciado no marco do Estado español, grazas a sucesivos adiantos lexislativos en materia de loita contra a violencia de xénero; así, a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola cal se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal; ou a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un novidoso sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, concentrando nunha única resolución xudicial a adopción de medidas de natureza civil e penal e a activación dos instrumentos de protección social destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero,

recoñece un feito diferencial de xénero; recolle no artigo 19, co título «Dereito á asistencia social integral», que «as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións multidisciplinaria e profesional».

Outras Comunidades Autónomas que tamén aprobaron leis especificamente dirixidas a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero son:


- Comunidade Foral de Navarra: Lei Foral 12/2003, de 7 de marzo, de modificación da Lei Foral 22/2002, de 2 de xullo, para a adopción de medidas integrais contra a violencia sexista.
- Cantabria: Lei de Cantabria 1/2004, de 1 de abril, Integral para a Prevención da Violencia Contra as Mulleres e a Protección ás súas Vítimas.
- Castilla y León: Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Madrid: Lei 5/2005, de 20 de decembro, Integral contra a Violencia de Xénero da Comunidade de Madrid.
- Aragón: Lei 4/2007, de 22 de marzo, de Prevención e Protección Integral ás Mulleres Vítimas de Violencia en Aragón.
- Murcia: Lei 7/2007, de 4 de abril, para a igualdade entre mulleres e homes, e de protección contra a violencia de xénero na Rexión de Murcia.
- Andalucía: Lei 13/2007, de 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero.
- Cataluña: Lei 5/2008, de 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia machista.

Este informe está organizado seguindo a estrutura da propia lei galega para facilitar o seu obxectivo principal, que é verificar o seguimento de todos os compromisos e medidas nela establecidos, e incorporando unha breve introdución con datos estatísticos relativos á poboación feminina galega relativos ao ano obxecto de referencia.

## 02 Análise e magnitude da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do ano 2011.

### 02.1 Introducción

A poboación en Galicia, a 1 de xaneiro do 2011, ascende a **2.798.422** persoas, das cales 1.349.591 son homes (48%) e 1.445.831 (52%) son mulleres, que constitúen no seu conxunto o 6% da poboación estatal, 47.190.493 persoas.




Fonte: IGE: Instituto Galego de Estatística

- Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro do 2011 segundo provincia e sexo.

| PROVINCIA    | HOMES            |               | MULLERES         |               | TOTAL            |                |
|--------------|------------------|---------------|------------------|---------------|------------------|----------------|
| A Coruña     | 551.476          | 40,86%        | 595.648          | 41,20%        | 1.147.124        | 41,04%         |
| Lugo         | 170.854          | 12,66%        | 180.676          | 12,50%        | 351.530          | 12,58%         |
| Ourense      | 160.570          | 11,90%        | 172.687          | 11,94%        | 333.257          | 11,92%         |
| Pontevedra   | 466.691          | 34,58%        | 496.820          | 34,36%        | 963.511          | 34,47%         |
| <b>TOTAL</b> | <b>1.349.591</b> | <b>48,28%</b> | <b>1.445.831</b> | <b>51,72%</b> | <b>2.795.422</b> | <b>100,00%</b> |


Fonte: IGE: Instituto Galego de Estatística



▪ Evolución da poboación. Galicia 1998-2011:

| ANO  | TOTAL     | HOMES     | MULLERES  |
|------|-----------|-----------|-----------|
| 1998 | 2.724.544 | 1.310.415 | 1.414.129 |
| 1999 | 2.730.337 | 1.312.881 | 1.417.456 |
| 2000 | 2.731.900 | 1.312.391 | 1.419.509 |
| 2001 | 2.732.926 | 1.314.078 | 1.418.848 |
| 2002 | 2.737.370 | 1.316.721 | 1.420.649 |
| 2003 | 2.751.094 | 1.324.385 | 1.426.709 |
| 2004 | 2.750.985 | 1.324.987 | 1.425.998 |
| 2005 | 2.762.198 | 1.330.703 | 1.431.495 |
| 2006 | 2.767.524 | 1.333.797 | 1.433.727 |
| 2007 | 2.772.533 | 1.337.159 | 1.435.374 |
| 2008 | 2.784.169 | 1.344.268 | 1.439.901 |
| 2009 | 2.796.089 | 1.349.603 | 1.446.486 |
| 2010 | 2.797.653 | 1.350.547 | 1.447.106 |
| 2011 | 2.795.422 | 1.349.591 | 1.445.831 |

Fonte: IGE: Instituto Galego de Estatística




- Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2011.


| IDADE        | TOTAL            | HOMES            | MULLERES         | %             |
|--------------|------------------|------------------|------------------|---------------|
| 0-4          | 111.702          | 57.733           | 53.969           | 3,73%         |
| 5-9          | 108.525          | 55.752           | 52.773           | 3,65%         |
| 10-14        | 103.892          | 53.491           | 50.401           | 3,49%         |
| 15-19        | 115.896          | 59.564           | 56.332           | 3,90%         |
| 20-24        | 137.977          | 70.066           | 67.911           | 4,70%         |
| 25-29        | 176.999          | 89.784           | 87.215           | 6,03%         |
| 30-34        | 224.592          | 113.075          | 111.517          | 7,71%         |
| 35-39        | 225.157          | 113.204          | 111.953          | 7,74%         |
| 40-44        | 215.850          | 107.441          | 108.409          | 7,50%         |
| 45-49        | 203.467          | 100.647          | 102.820          | 7,11%         |
| 50-54        | 195.969          | 96.767           | 99.202           | 6,86%         |
| 55-59        | 174.265          | 85.708           | 88.557           | 6,12%         |
| 60-64        | 171.654          | 83.023           | 88.631           | 6,13%         |
| 65-69        | 156.697          | 74.120           | 82.577           | 5,71%         |
| 70-74        | 132.353          | 59.502           | 72.851           | 5,04%         |
| 75-79        | 143.304          | 60.592           | 82.712           | 5,72%         |
| 80-84        | 103.524          | 40.043           | 63.481           | 4,39%         |
| 85 e máis    | 93.599           | 29.079           | 64.520           | 4,46%         |
| <b>TOTAL</b> | <b>2.795.422</b> | <b>1.349.591</b> | <b>1.445.831</b> | <b>51,72%</b> |

Fonte: IGE: Instituto Galego de Estatística

Comparativa da poboación segregada por sexos e grupos quinquenais de idade



% de mulleres por grupos quinquenais de idade



▪ Evolución da taxa de nacementos segundo sexo. Galicia 1996 - 2011 (I semestre)

| Ano                | Total  | Homes  | Mulleres |
|--------------------|--------|--------|----------|
| 1996               | 18.597 | 9.529  | 9.068    |
| 1997               | 18.683 | 9.647  | 9.036    |
| 1998               | 18.538 | 9.621  | 8.917    |
| 1999               | 18.784 | 9.691  | 9.093    |
| 2000               | 19.418 | 10.052 | 9.366    |
| 2001               | 19.361 | 9.955  | 9.406    |
| 2002               | 19.327 | 9.987  | 9.340    |
| 2003               | 20.423 | 10.539 | 9.884    |
| 2004               | 20.621 | 10.652 | 9.969    |
| 2005               | 21.097 | 10.867 | 10.230   |
| 2006               | 21.392 | 11.075 | 10.317   |
| 2007               | 21.752 | 11.216 | 10.536   |
| 2008               | 23.175 | 11.981 | 11.194   |
| 2009               | 22.537 | 11.572 | 10.965   |
| 2010               | 22.047 | 11.500 | 10.547   |
| I semestre<br>2011 | 10.446 | 5.458  | 4.988    |


Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

En Galicia, ao igual que no resto do mundo, nacen máis homes que mulleres (uns 105 homes por cada 100 mulleres); sen embargo, ao ter as mulleres unha esperanza de vida superior á dos homes, ao final da vida, a proporción queda equilibrada ou incluso sobreviven máis mulleres.


▪ Poboación segundo nacionalidade e sexo. Galicia 2011

| POBOACIÓN       |           |             | HOMES       |           |              | MULLERES       |           |              |
|-----------------|-----------|-------------|-------------|-----------|--------------|----------------|-----------|--------------|
| TOTAL poboación | Española  | Estranxeira | TOTAL homes | Españóis  | Estranxeiros | TOTAL mulleres | Españolas | Estranxeiras |
| 2.795.422       | 2.684.954 | 110.468     | 1.349.591   | 1.293.985 | 55.606       | 1.445.831      | 1.390.969 | 54.862       |
|                 | 96,05%    | 3,95%       |             | 95,88%    | 4,12%        |                | 96,21%    | 3,79%        |

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes




### Proporción de mulleres españolas e estranxeiras




### ▪ Poboación estranxeira distribuída por provincias. Galicia 2011

| PROVINCIA    | TOTAL          | HOMES         | MULLERES      | % MULLERES    |
|--------------|----------------|---------------|---------------|---------------|
| A Coruña     | 39.302         | 18.810        | 20.492        | 37,35%        |
| Lugo         | 14.502         | 7.535         | 6.967         | 12,70%        |
| Ourense      | 16.750         | 8.565         | 8.185         | 14,92%        |
| Pontevedra   | 39.914         | 20.696        | 19.218        | 35,03%        |
| <b>TOTAL</b> | <b>110.468</b> | <b>55.606</b> | <b>54.862</b> | <b>49,66%</b> |

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>




% de mulleres estranxeiras distribuídas por provincia




▪ Poboación estranxeira segundo sexo e país de nacionalidade. Galicia 2011

| NACIONALIDADE            | TOTAL          | HOMES         | MULLERES      | % MULLERES    |
|--------------------------|----------------|---------------|---------------|---------------|
| Nacionalidades europeas  | 45.413         | 26.373        | 19.040        | 34,71%        |
| Nacionalidades africanas | 12.047         | 8.038         | 4.009         | 7,31%         |
| América Central          | 7.076          | 2.679         | 4.397         | 8,01%         |
| América do Norte         | 1.753          | 702           | 1.051         | 1,92%         |
| América do sur           | 40.096         | 15.376        | 24.720        | 45,06%        |
| Nacionalidades asiáticas | 3.930          | 2.360         | 1.570         | 2,86%         |
| Oceanía                  | 125            | 59            | 66            | 0,12%         |
| Apátridas                | 28             | 19            | 9             | 0,02%         |
| <b>TOTAL</b>             | <b>110.468</b> | <b>55.606</b> | <b>54.862</b> | <b>49,66%</b> |

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>




% de mulleres estranxeiras segundo nacionalidade




▪ Poboación estranxeira segundo idade. Galicia 2011

| IDADE        | TOTAL          | HOMES         | MULLERES      | % MULLERES    |
|--------------|----------------|---------------|---------------|---------------|
| 0-4          | 3.660          | 1.920         | 1.740         | 3,17%         |
| 5-9          | 4.408          | 2.244         | 2.164         | 3,94%         |
| 10-14        | 5.471          | 2.793         | 2.678         | 4,88%         |
| 15-19        | 6.020          | 3.017         | 3.003         | 5,47%         |
| 20-24        | 9.437          | 4.453         | 4.984         | 9,08%         |
| 25-29        | 14.575         | 6.902         | 7.673         | 13,99%        |
| 30-34        | 16.362         | 8.136         | 8.226         | 14,99%        |
| 35-39        | 13.975         | 7.321         | 6.654         | 12,13%        |
| 40-44        | 10.921         | 5.841         | 5.080         | 9,26%         |
| 45-49        | 8.177          | 4.274         | 3.903         | 7,11%         |
| 50-54        | 5.884          | 3.080         | 2.804         | 5,11%         |
| 55-59        | 4.063          | 1.992         | 2.071         | 3,77%         |
| 60-64        | 2.695          | 1.316         | 1.379         | 2,51%         |
| 65-69        | 1.768          | 869           | 899           | 1,64%         |
| 70-74        | 1.249          | 640           | 609           | 1,11%         |
| 75 e máis    | 1.803          | 808           | 995           | 1,81%         |
| <b>TOTAL</b> | <b>110.468</b> | <b>55.606</b> | <b>54.862</b> | <b>49,66%</b> |

INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>



% de mulleres estranxeiras por grupos de idade




## 02.2 Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das Comunidades Autónomas.

Dende a súa posta en marcha en setembro do 2007, o teléfono 016 ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero as 24 horas do día os 365 días do ano, ten carácter gratuíto e se caracteriza pola universalidade na prestación do servizo especializado, que se efectúa en castelán, galego, catalán e euskera; así mesmo atende en inglés e francés.

A prestación do servizo de información compete a un equipo de persoas especializadas en violencia de xénero, producíndose unha derivación automática das chamadas de emerxencia e urxencia aos centros 112 autonómicos.


A cifra total de chamadas referentes á violencia de xénero atendidas polo 016 dende o **3 de setembro de 2007 ata o 31 de decembro de 2011**, no conxunto de España, foi de **297.582**, das cales **13.489** foron efectuadas desde Galicia.



*Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. Informe mensual, decembro de 2011*

As 13.489 chamadas efectuadas desde Galicia distribúense do seguinte xeito por provincias:


| PROVINCIA  | Nº    | %      |
|------------|-------|--------|
| A Coruña   | 6.189 | 45,88% |
| Lugo       | 1.576 | 11,68% |
| Ourense    | 1.256 | 9,31%  |
| Pontevedra | 4.468 | 33,12% |



Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. Informe mensual, decembro de 2011

- A media diaria de chamadas atendidas no período do 3 de setembro de 2007 ata o 31 de decembro de 2011 foi de 188, situándose a media de chamadas diarias atendidas durante o mes de decembro de 2011 en 195.
- A media das chamadas atendidas cada hora en todo el período foi de 8; no mes de decembro de 2011, a media de chamadas atendidas cada hora foi de 10.
- Segundo a hora do día, o 14,9% das chamadas de violencia de xénero concéntranse durante horario diurno, concretamente entre as 11h e as 12h. Son as 9h o momento no que se produce o maior aumento no número de chamadas recibidas, que crece un 154,0% respecto á hora anterior. Este crecemento continúa ata acadar o nivel máximo ás 12h. Na franxa horaria 9h-13h recíbense o 33,0% do total das chamadas. No mes de decembro de 2011, o 16,9% das chamadas recibíronse entre as 11h e as 12h.

Segundo o número de chamadas por comunidade autónoma, 70.282 foron realizadas desde Madrid (23,6% do total), 49.851 dende Andalucía (16,8%), 38.552 dende Cataluña (13,0%), 30.590 dende a Comunidade Valenciana (10,3%), 18.266 dende Canarias (6,1%), 13.860 dende Castilla y León (4,7%), 13.489 dende Galicia (5,09%), 10.856 dende Castilla - La Mancha (3,7%) e 8.824 dende Murcia (3,0%). O menor número de chamadas procedían de Ceuta, Melilla e La Rioja, con 441, 647 e 1.555, respectivamente, e cun peso sobre o total, entre as tres, do 0,9%.



### 02.3 Mulleres mortas por violencia de xénero. Galicia 2011

Galicia rexistrou ao remate do 2011 tres mortes por violencia de xénero, unha máis que no exercicio 2010, o mesmo numero que en 2009, e cinco menos que en 2008, cifra que representa o 4,9% dos 61 casos rexistrados no conxunto de España ao remate do ano 2011.

| MULLERES MORTAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO NAS PROVINCIAS GALEGAS |   |
|----------------------------------------------------------------|---|
| TOTAL                                                          | 3 |
| A Coruña                                                       | 2 |
| Lugo                                                           | 0 |
| Ourense                                                        | 0 |
| Pontevedra                                                     | 1 |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia.

- Mulleres mortas por violencia de xénero en mans da súa parella ou exparella por CCAA.

| CC.AA.               | Nº casos  | %             |
|----------------------|-----------|---------------|
| Andalucía            | 16        | 26,2%         |
| Aragón               | 2         | 3,3%          |
| Asturias             | 2         | 3,3%          |
| Islas Baleares       | 1         | 1,6%          |
| Canarias             | 3         | 4,9%          |
| Cantabria            | 0         | 0,0%          |
| Castilla - La Mancha | 1         | 1,6%          |
| Castilla y León      | 2         | 3,3%          |
| Cataluña             | 9         | 14,8%         |
| Com. Valenciana      | 8         | 13,1%         |
| Extremadura          | 0         | 0,0%          |
| Galicia              | 3         | 4,9%          |
| Madrid               | 9         | 14,8%         |
| Murcia               | 2         | 3,3%          |
| Navarra              | 1         | 1,6%          |
| País Vasco           | 2         | 3,3%          |
| La Rioja             | 0         | 0,0%          |
| Ceuta                | 0         | 0,0%          |
| Melilla              | 0         | 0,0%          |
| <b>TOTAL</b>         | <b>61</b> | <b>100,0%</b> |

Fonte: Instituto de la Mujer


Das dezasete CC.AA. e dúas cidades autónomas, Galicia -con 3 casos rexistrados de mulleres mortas por violencia de xénero (4,9% do total) comparte un 4º lugar con Canarias. Esta cifra é superada pola Comunidade Valenciana con 8 casos que ocupa un 3º lugar-; con 9 casos; Cataluña e Madrid, ocupan o 2º lugar; e Andalucía, que cos 16 casos rexistrados de mulleres mortas por violencia de xénero, sitúase como a comunidade autónoma co maior número de mulleres mortas por violencia de xénero.

- Evolución do número de Mulleres mortas por violencia de xénero en mans da súa parella ou ex parella por CC.AA. (período:1999-2011)


| CC.AA.             | 1999      | 2000      | 2001      | 2002      | 2003      | 2004      | 2005      | 2006      | 2007      | 2008      | 2009      | 2010      | 2011      |
|--------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Andalucía          | 13        | 10        | 12        | 10        | 13        | 19        | 9         | 20        | 8         | 9         | 14        | 18        | 16        |
| Aragón             | 0         | 0         | 1         | 3         | 2         | 2         | 4         | 1         | 2         | 1         | 0         | 2         | 2         |
| Asturias           | 1         | 0         | 2         | 0         | 2         | 0         | 1         | 3         | 2         | 1         | 0         | 5         | 2         |
| Baleares           | 3         | 1         | 2         | 4         | 4         | 2         | 4         | 3         | 1         | 1         | 1         | 2         | 1         |
| Canarias           | 2         | 5         | 5         | 7         | 6         | 2         | 6         | 4         | 6         | 5         | 5         | 7         | 3         |
| Cantabria          | 1         | 0         | 0         | 0         | 1         | 2         | 0         | 0         | 2         | 0         | 0         | 0         | 0         |
| Castilla la Mancha | 5         | 3         | 2         | 0         | 2         | 4         | 2         | 4         | 5         | 3         | 1         | 3         | 1         |
| Castilla y León    | 3         | 3         | 1         | 4         | 4         | 2         | 4         | 3         | 3         | 6         | 1         | 4         | 2         |
| Cataluña           | 9         | 8         | 7         | 7         | 12        | 11        | 8         | 10        | 11        | 10        | 10        | 11        | 9         |
| C. Valenciana      | 6         | 7         | 9         | 9         | 7         | 9         | 6         | 8         | 10        | 10        | 9         | 8         | 8         |
| Extremadura        | 1         | 1         | 0         | 1         | 1         | 2         | 0         | 1         | 0         | 0         | 1         | 1         | 0         |
| <b>Galicia</b>     | <b>2</b>  | <b>4</b>  | <b>0</b>  | <b>3</b>  | <b>5</b>  | <b>2</b>  | <b>1</b>  | <b>0</b>  | <b>6</b>  | <b>7</b>  | <b>3</b>  | <b>2</b>  | <b>3</b>  |
| Madrid             | 4         | 17        | 6         | 4         | 5         | 5         | 4         | 5         | 9         | 11        | 5         | 7         | 9         |
| Murcia             | 1         | 1         | 2         | 0         | 3         | 4         | 2         | 3         | 2         | 4         | 2         | 1         | 2         |
| Navarra            | 1         | 1         | 0         | 1         | 1         | 1         | 2         | 0         | 1         | 3         | 0         | 0         | 1         |
| País vasco         | 1         | 2         | 1         | 1         | 0         | 4         | 3         | 3         | 2         | 3         | 2         | 2         | 2         |
| La Rioja           | 1         | 0         | 0         | 0         | 2         | 1         | 0         | 0         | 0         | 2         | 1         | 0         | 0         |
| Ceuta              | 0         | 0         | 0         | 0         | 1         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 1         | 0         | 0         |
| Melilla            | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 1         | 0         | 1         | 0         | 0         | 0         | 0         |
| <b>TOTAL</b>       | <b>54</b> | <b>63</b> | <b>50</b> | <b>54</b> | <b>71</b> | <b>72</b> | <b>57</b> | <b>68</b> | <b>71</b> | <b>76</b> | <b>56</b> | <b>73</b> | <b>61</b> |

Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

### Evolución totais



### Evolución Galicia



## Casos 2011

| TOTAL VÍTIMAS: 61               |                                      |             |            |
|---------------------------------|--------------------------------------|-------------|------------|
|                                 | Características                      | Nº de casos | % do total |
| <b>Denuncia</b>                 | Denunciaron                          | 15          | 24,6%      |
|                                 | Retiraron denuncia                   | 1           | 1,6%       |
| <b>Medidas de protección</b>    | Solicitaron medidas de protección    | 10          | 16,4%      |
|                                 | Obtiveron medidas de protección      | 10          | 16,4%      |
|                                 | Renunciaron a medidas de protección  | 0           | 0,0%       |
|                                 | Medidas de protección caducadas      | 1           | 1,6%       |
|                                 | Outras causas de non vixencia MP     | 2           | 3,3%       |
|                                 | Tiñan medidas de protección en vigor | 8           | 13,1%      |
| <b>Nacionalidade</b>            | Española                             | 40          | 65,6%      |
|                                 | Estranxeira                          | 21          | 34,4%      |
| <b>Idade</b>                    | <18 anos                             | 0           | 0,0%       |
|                                 | 18-20 anos                           | 3           | 4,9%       |
|                                 | 21-30 anos                           | 14          | 23,0%      |
|                                 | 31-40 anos                           | 17          | 27,9%      |
|                                 | 41-50 anos                           | 12          | 19,7%      |
|                                 | 51-64 anos                           | 8           | 13,1%      |
|                                 | >64 anos                             | 7           | 11,5%      |
| <b>Convivencia</b>              | Si                                   | 39          | 63,9%      |
|                                 | No                                   | 22          | 36,1%      |
| <b>Relación</b>                 | Exparella ou en fase de ruptura      | 26          | 42,6%      |
|                                 | Parella                              | 35          | 57,4%      |
| <b>Nacionalidade do agresor</b> | Española                             | 43          | 70,5%      |
|                                 | Estranxeira                          | 18          | 29,5%      |

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

| CARACTERÍSTICAS DOS CASOS DE MORTES POR VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA EN 2011 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|--------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Caso 1                                                                         | <b>Data:</b> 13/05/2011<br><b>Localidade:</b> Noia (A Coruña)<br><b>Idade da vítima:</b> 19 anos<br><b>Idade do agresor:</b> 30 anos<br><b>Nacionalidade da vítima:</b> española<br><b>Nacionalidade do agresor:</b> española<br><b>Tipo de relación:</b> ex_noivos<br><b>Método do crime:</b> Apuñalamento<br><b>Denuncia previa por violencia:</b> Non   |
| Caso 2                                                                         | <b>Data:</b> 11/10/2011<br><b>Localidade:</b> Vigo (Pontevedra)<br><b>Idade da vítima:</b> 39 anos<br><b>Idade do agresor:</b> 41 anos<br><b>Nacionalidade da vítima:</b> española<br><b>Nacionalidade do agresor:</b> española<br><b>Tipo de relación:</b> cónxuxes<br><b>Método do crime:</b> Apuñalamento<br><b>Denuncia previa por violencia:</b> Non  |
| Caso 3                                                                         | <b>Data:</b> 12/12/2011<br><b>Localidade:</b> Carral (A Coruña)<br><b>Idade da vítima:</b> 38 anos<br><b>Idade do agresor:</b> 39 anos<br><b>Nacionalidade da vítima:</b> española<br><b>Nacionalidade do agresor:</b> española<br><b>Tipo de relación:</b> ex_noivos<br><b>Método do crime:</b> Apuñalamento<br><b>Denuncia previa por violencia:</b> Non |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

## 02.4 Acreditación da situación de violencia de xénero

Para os efectos da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditarase por calquera das seguintes formas:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
- c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración Pública Autonómica ou local.
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- g) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

## 02.5 Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2011. Comparativa cos datos globais do territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a muller, dende o día 1 de xaneiro do 2011 ata o 30 de setembro, rexistráronse, no territorio español, un total de 27.236 solicitudes de ordes de protección, das cales foron adxudicadas 18.087 (o 66,5% dos casos). Das 27.236 solicitudes, atribúenselle a Comunidade Autónoma de Galicia 892 solicitudes, das que se resolveron favorablemente 613 ordes (o 69% do total).

| TOTAL ORDES DE PROTECCIÓN SOLICITADAS E ADOPTADAS |              |          |                    |             |                    |             |
|---------------------------------------------------|--------------|----------|--------------------|-------------|--------------------|-------------|
| Período                                           | Territorio   | Incoadas | Resoltas adoptadas | % adoptadas | Resoltas denegadas | % denegadas |
| 1º trimestre                                      | Galicia      | 286      | 203                | 71,0%       | 83                 | 29,0%       |
|                                                   | Total España | 8.797    | 5.984              | 68,0%       | 2.816              | 32,0%       |
| 2º trimestre                                      | Galicia      | 286      | 199                | 69,6%       | 87                 | 30,4%       |
|                                                   | Total España | 8.958    | 5.910              | 66,0%       | 3.042              | 34,0%       |
| 3º trimestre                                      | Galicia      | 320      | 211                | 65,9%       | 109                | 34,1%       |
|                                                   | Total España | 9.481    | 6.193              | 65,3%       | 3.291              | 34,7%       |

|                         |         |        |        |       |       |       |
|-------------------------|---------|--------|--------|-------|-------|-------|
| 1 xaneiro / 30 setembro | Galicia | 892    | 613    | 69%   | 279   | 21%   |
| 1 xaneiro / 30 setembro | España  | 27.236 | 18.087 | 66,5% | 9.149 | 33,5% |

Fonte: Informes elaborados polo Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/eversuite/GetRecords?Template=cgpj/cgpj/principal.htm>

## 02.6 Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2011. Comparativa co total de denuncias e renuncias presentadas no territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a muller, dende o día 1 de xaneiro do 2011 ata o 30 de setembro de 2011, rexistráronse, no conxunto do territorio español, un total de 102.261 denuncias por violencia de xénero, ao mesmo tempo que se contabilizaban 11.647 renuncias ao proceso (un 11,39% do total). Das 102.261 denuncias, compútanselle a Comunidade Autónoma de Galicia 4.012 (3,92%) das cales 240 renunciaron ao proceso (un 5,99% do total).

| Período      | Territorio   | Denuncias recibidas | Renuncias o proceso | Ratio renuncias/denuncias | Ratio ordes/denuncias |
|--------------|--------------|---------------------|---------------------|---------------------------|-----------------------|
| 1º trimestre | Galicia      | 1.363               | 68                  | 4,9                       | 20,9                  |
|              | Total España | 32.492              | 3.577               | 11,01                     | 27,07                 |
| 2º trimestre | Galicia      | 1.350               | 75                  | 5,56                      | 21,19                 |
|              | Total España | 34.347              | 4.016               | 11,69                     | 26,08                 |
| 3º trimestre | Galicia      | 1.299               | 97                  | 7,47                      | 24,63                 |
|              | Total España | 35.422              | 4.054               | 11,44                     | 26,77                 |

|              |              |         |        |        |         |
|--------------|--------------|---------|--------|--------|---------|
| 1-01 / 30-09 | Galicia      | 4.012   | 240    | 5,99%  | 22,24 % |
| 1-01 / 30-09 | Total España | 102.261 | 11.647 | 11,39% | 26,64%  |

Fonte: Informes elaborados polo Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/eversuite/GetRecords?Template=cgpj/cgpj/principal.htm>

## 03 Medidas e actuacións levadas a cabo pola Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do ano 2011, no marco da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

### 03.1 Introducción

A Lei parte duns principios xerais que orientan todo o seu contido:

- A violencia é considerada como unha forma extrema de desigualdade entre homes e mulleres. Segundo este principio, constitúe unha das formas mais graves de discriminación cara as mulleres, e por conseguinte, atenta radicalmente contra o principio de igualdade, principio constitucional do noso Estado Democrático e de Dereito.

Este postulado leva implícito que as políticas para loitar contra a violencia dirixida ás mulleres, están intimamente vinculadas ao logro da igualdade entre as persoas e que, en definitiva, o obxectivo último de toda intervención en violencia de xénero deba ir dirixido a modificar a estrutura básica e universal de desigualdades e asimetría nas relacións entre homes e mulleres.

- O carácter integral tradúcese en varios aspectos. Por un lado, a erradicación da violencia é unha cuestión pública e compete aos poderes públicos a súa abordaxe, tanto na prevención como no tratamento. Por outro lado, obriga a todas as instancias a intervir na totalidade dos danos ocasionados ás vítimas e en todas as fases do proceso (detección, denuncia, asistencia, recuperación, reinserción, etc.).

- O seu tratamento é complexo, transversal e multidisciplinar e esixe incorporar un enfoque global.

- Os instrumentos de intervención deben partir dunha análise diferenciada e sistemática das necesidades específicas de ambos sexos e do diferente impacto que as políticas públicas teñen sobre mulleres e homes, na formación especializada en xénero

dos operadores públicos e no desenvolvemento de accións combinadas dirixidas ás mulleres e accións xerais para toda a sociedade.

- Incorpora a lei o concepto de vitimación secundaria: unha persoa que resulta vitimizada pola vivencia de situacións de maltrato pode volver a ser vitimizada ao recorrer ás institucións ou a profesionais de axuda se estes non fan un axeitado manexo da intervención. Evitar a segunda vitimación ou retraumatizacións debe ser obxectivo inmediato e para iso a lei contempla medidas que garanten a especialización e a formación en xénero de todos os colectivos profesionais que interveñen no proceso e a integridade psicolóxica, autonomía social e económica das mulleres, a través da disposición dos recursos axeitados.

- Así mesmo, promulga os principios de cooperación e coordinación: estes principios deben inspirar as actuacións de todos os poderes públicos para optimizar os recursos, os mecanismos e a eficiencia das políticas, así como a participación dos colectivos e asociacións de mulleres; en definitiva, a organización da sociedade civil fronte ao maltrato.

- Tamén está presente o principio de equidade territorial: Con este principio a lei pretende asumir a realidade da dificultade de acceso aos recursos e á información de moitos colectivos de mulleres, especialmente ás que viven no medio rural. Así, o desenvolvemento da rede de recursos e mecanismos de protección deberá ter en conta sistemas de compensación destes desequilibrios territoriais.

## **03.2      Título 1: Prevención da violencia de xénero**

Neste apartado faise referencia ás disposicións adoptadas e enfocadas a abordar diferentes medidas de prevención da violencia de xénero, como son as dirixidas a unha axeitada sensibilización social, resaltando o papel que deben cumprir os medios de comunicación, as medidas de investigación e formación e por último as medidas no ámbito educativo.

## Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero.

- Artigo 6. Deseño, elaboración e difusión de campañas.
- Artigo 7. Fomento do movemento asociativo.
- Artigo 8. Actividades culturais e artísticas.
- Artigo 9. Tratamento da información.
- Artigo 10. Convenios de autorregulación.
- Artigo 11. Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.

Ao longo do ano 2011 e coa finalidade de favorecer que todos os colectivos, ámbitos públicos e privados, así como toda a sociedade en xeral, acaden unha sensibilidade cara este grave problema social e sobre o que urxe dar unha resposta eficaz, leváronse a cabo dende diversos departamentos da Xunta de Galicia importantes actuacións neste sentido:

### ❑ Deseño, elaboración e difusión de campañas

Campaña do 14 de febreiro de 2011. Día dos Namorados.



Dende a **Secretaría xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)** da Xunta de Galicia, con motivo da celebración da festividade de San Valentín, o 14 de febreiro, considerouse axeitado, coma en anos anteriores, enviar unha mensaxe que ten como obxecto promover unhas relacións de parella respectuosas e igualitarias entre adolescentes, mozos e mozas, e que tenta contribuír na erradicación de calquera tipo de violencia nesas relacións

de parella.

*“ O amor precisa de atención día a día. Coidádeo en igualdade para que medre forte”* foi a mensaxe elixida e que se transmitiu a través dunha postal electrónica, enviada dende os dous organismos promotores da iniciativa, a centros e institucións relacionados coa mocidade, a igualdade e a prevención da violencia de xénero.

Con esta campaña quérese chegar á poboación máis nova, de aí que o seu formato sexa o correo electrónico, unha das ferramentas máis utilizadas pola xente nova. A campaña enmárcase ademais dentro das actuacións levadas a cabo conxuntamente entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia para a eliminación da violencia de xénero entre a mocidade, segundo o establecido no artigo 6.2 da Lei 11/2007: “As campañas que se desenvolvan dedicarán atención específica á sensibilización e á formación da poboación xuvenil na prevención e identificación de actitudes que constitúan actos de violencia de xénero”

Campaña do 23 de setembro 2011. Día internacional contra a explotación sexual e a trata.



Con motivo do Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Persoas, celebrado o día 23 de setembro, a **Secretaría Xeral da Igualdade** puxo en marcha unha campaña informativa coa mensaxe *"Vas participar neste negocio?"*, coa finalidade de sensibilizar sobre a prostitución como destino das persoas vítimas de trata e como forma de explotación sexual e de violencia contra as mulleres.

A Secretaría Xeral da Igualdade considera preciso sensibilizar e concienciar á xuventude de que o consumo de prostitución é unha forma de colaborar coa explotación sexual e a violencia contra as mulleres, e que é importante que as novas xeracións tomen conciencia deste factor á hora de tomar decisións sobre participar ou non nesta explotación; os poderes públicos teñen a responsabilidade de axudar a que desterren os estereotipos machistas, sen considerar a prostitución e a trata de persoas como algo normal ou inevitable. As xeracións máis novas deben ser capaces de ver que a prostitución e a trata é unha forma máis de violencia contra as mulleres, normalizada mediante o diñeiro, que serve de tapadeira á actividade delictiva de mafias internacionais.

A pesares da dificultade de cuantificar a dimensión desta problemática, en España, aproximadamente o 90% das mulleres prostituídas son inmigrantes en situación irregular, segundo datos do Plan Integral de Loita contra a Trata de Seres Humanos con fins de Explotación Sexual. En Galicia, hai traballos de investigación que sitúan en torno aos 9.000 ou 10.000 os casos de mulleres prostituídas e segundo datos da Fiscalía Superior de Galicia, o número de mulleres identificadas en Galicia entre 2005 e 2008 polas forzas de seguridade como vítimas da trata de seres humanos con fins de explotación sexual foi de 234, a tenor do manifestado por elas mesmas en dependencias policiais.



Ademais da difusión de **3.500 carteis** publicitarios da campaña repartíronse **4.000 folletos** informativos, simulando unha folla de xornal, nos campus universitarios de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

Coincidindo tamén co Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Persoas a Secretaría Xeral da Igualdade organizou o 23 de setembro, en Santiago, unha **xornada de formación** dirixida a profesionais da rede de Centros de Información ás Mulleres, de entidades de carácter social, de ONGs, das administracións e, en xeral, a todas aquelas persoas interesadas na análise desta temática.



Asistiron á xornada preto dun cento de profesionais que desenvolven a súa actividade nas áreas de igualdade e vencelladas á atención psicolóxica, legal e asistencial a mulleres e, especialmente, a colectivos de vítimas de trata obrigadas a ser prostituídas.

O programa da xornada, que tivo lugar no Museo Pedagóxico de Galicia, incluíu a presentación do proxecto internacional Itineris para a protección dos dereitos das mulleres migrantes procedentes de Brasil con destino á UE, que caen en mans das redes de persoas e son explotadas sexualmente. A participación en Itineris resulta de gran interese para Galicia, tendo en conta que Brasil encabeza os países de orixe das mulleres que exercen a prostitución na comunidade, xunto a Romanía e Nixeria. .

Silvia Pérez Freire, investigadora da Universidade de Vigo, interveu sobre O actor prostituínte: o denominado cliente, advertindo que as mulleres viven cun componente dramático a prostitución, con graves consecuencias físicas e psicolóxicas, incidindo en que onde para a muller hai "drama", para o home hai "ociosidade".

Carlos Bandín, axente da Garda Civil experto en delitos desta natureza cunha longa traxectoria en Europol, abordou a problemática desde unha perspectiva policial, sinalando que en Europa operan redes de moi diversa procedencia, Nixeria, Bulgaria, Rumania, China ou Hungría, entre outras, e en Galicia operan maioritariamente redes latinoamericanas.

A actriz e directora de cine Mabel Lozano participou tamén na xornada para presentar en Galicia a curtametraxe dirixida por ela “Escúchame”, que reflicte en pouco máis de catro minutos a dura realidade de mulleres novas, de distintas nacionalidades, que son vítimas da trata con fins de explotación sexual. Esta curta ten participado en numerosos festivais, como o International Competition of the KALIBER35 Munich (Alemania) e o ICCL Human Rights Film Awards de Dublín (Irlanda), no que gañou o primeiro premio. En total, suma xa oito galardóns, entre os que destaca o obtido en certames como o Festival de Cine de Lanzarote ou o festival de Curtametraxes de Almagro (Ciudad Real).

**Campaña do 25 de novembro 2011: Día Internacional contra a violencia de xénero, baixo o lema “NON SON FLORES, SON VÍTIMAS. FALA. DENUNCIA. ACTÚA”.**



No marco das campañas institucionais que se realizan anualmente co gallo da conmemoración do día internacional contra a violencia de xénero, o 25 de novembro, a **Secretaría Xeral da Igualdade** puxo en marcha a campaña “*Non son flores, Son Vítimas. Fala. Denuncia. Actúa*”, co obxectivo de avanzar nunha maior implicación da sociedade na eliminación desta dramática forma de violencia.

A campaña ía dirixida a fomentar a corresponsabilidade e unha implicación maior de toda a sociedade e do entorno

familiar e de amizades das vítimas, cun chamamento especial para que se produzan estas denuncias.

- **Difusión da campaña:**
- Elaboración e difusión masiva por toda Galiza de **30.000** carteis co lema da campaña e presenza en vallas publicitarias de gran tamaño nas cidades da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo entre o 15 de novembro e o 15 de decembro. a.
- Emisión durante os meses de novembro e decembro do **spot oficial** da campaña institucional contra a violencia de xénero na CRTVG, así como **cuñas** nas principais emisoras de radio en Galicia.
- Proxección durante a semana entre o 19 e o 25 de novembro do **spot oficial** coa mensaxe da campaña en máis de 112 salas comerciais de cine de Galicia.
- **Rotulación de autobuses urbanos** que circularon entre o 15 de novembro e o 15 de decembro, nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Ferrol e Vigo coa imaxe da campaña institucional.
- Distribución nas librerías de Galicia, de **marcapáxinas** coa imaxe da campaña.
- Distribución dos carteis da campaña institucional na totalidade de comercios galegos adscritos a **Federación Galega de Comercio**, a través dun **convenio de colaboración asinado** entre esta entidade e a **Secretaría Xeral da Igualdade**, e que posibilitou esa distribución e a colocación dos carteis entre todos os seus asociados.

**Outras actuacións relacionadas co 25 de novembro:**

- **Declaración institucional** da Xunta de Galicia con motivo da conmemoración do Día internacional contra a violencia de xénero.

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA NA CELEBRACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRO, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.**

*Consello da Xunta de Galicia, 24 de novembro de 2011*

Conmemórase o vindeiro 25 de novembro o Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, baixo os auspicios das Nacións Unidas; unha data que ha de provocar unha reflexión sobre o valor universal da igualdade, como ben común.

A Xunta de Galicia quere convidar á consideración colectiva sobre o prezo inasumible que paga esta sociedade pola desigualdade. A desigualdade cóbrase vidas e soños, cóbrase cada ano as vidas de decenas de mulleres e os soños das súas fillas e dos seus fillos, das súas nais e pais, das súas amizades.

Unha análise dos acontecementos diarios, das estatísticas de violencia de xénero ou da desigualdade de oportunidades, lévanos a concluír que é, non xa necesario, senón urxente, construír un novo patrón de relación igualitario en substitución do tradicional, obsoleto e fracasado, que prexudica ás mulleres, pero tamén é insatisfactorio para os homes.

Os desaxustes e os fracasos que produce o actual patrón desigual deben obrigarnos, como colectividade, a repensar un novo modelo de relación, que sexa aceptado por todos e todas e que sexa gratificante para mulleres e homes.

Na construción dese novo modelo, a Xunta de Galicia desenvolve numerosas liñas de acción con criterio horizontal e interinstitucional, destinadas a estimular a corresponsabilidade de toda a sociedade e, especialmente, da xente máis nova, así como a ampliar a protección das vítimas, considerando neste grupo ás mulleres e aos menores. Porque o sufrimento produce tamén fondas feridas emocionais ás fillas e aos fillos que conviven en contornos familiares violentos, con consecuencias psicolóxicas e de socialización e, quizás, de alta tolerancia futura ás situacións de violencia e de repetición das pautas interiorizadas como normais.

Neste proxecto común, a Xunta de Galicia agradece o traballo desenvolvido polas asociacións e entidades que colaboran na prevención, na sensibilización e na intervención nos casos de violencia de xénero e invita a todos os galegos e as galegas a incorporar a cultura da igualdade como un ben común. Para que arraigue e prenda definitivamente na sociedade.

- Organización dunha **Mostra de carteis cinematográficos**, pertencentes á colección permanente do Centro Galego de Artes da Imaxe --CGAI, que se inaugurou o día 25 de novembro na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago, no que foi un percorrido por algunha das múltiples formas e puntos de vista polos que o cine se ten aproximado á violencia de xénero ao longo da historia.
- Programación, en colaboración co Centro Galego de Artes da Imaxe do **Ciclo de cine “Por unha nova mirada: o cine ante a violencia de xénero”**, cunha selección de películas que amosan o dramatismo de tantas situacións de violencia que, por razóns de xénero, sofren as mulleres en todo o mundo.



- Outras actuacións no ámbito da prevención e da sensibilización fronte á violencia de xénero.

Plan de información e sensibilización no ámbito sociolaboral dirixido a mulleres inmigrantes, especialmente ás vítimas de violencia de xénero, residente na Comunidade Autónoma de Galicia Galicia.

A través do convenio de colaboración asinado entre a **Secretaría Xeral da Igualdade**, a **Secretaría Xeral da Emigración** e a **Asociación de Centros Homologados** púxose en marcha o Plan de información e sensibilización no ámbito sociolaboral dirixido a mulleres inmigrantes, especialmente ás vítimas de violencia de xénero, que tivo como principais obxectivos:

- Facilitar coñecementos, destrezas, competencias e ferramentas no ámbito da busca activa de emprego.
- Promover o uso dos coñecementos adquiridos na tarefa da inserción laboral.
- Transmitir as características do mercado laboral galego.

- Coñecer os fundamentos das políticas sociais relacionadas co emprego e a inmigración.
- Desenvolver ferramentas que posibiliten definir obxectivos laborais e elaborar proxectos profesionais individualizados.
- Fomentar a cultura asociativa mediante redes de relación estable entre as mulleres participantes no programa

| Ano  | Importe      |               | TOTAL    |
|------|--------------|---------------|----------|
|      | SX Igualdade | SX Emigración |          |
| 2011 | 35.000 €     | 20.000 €      | 55.000 € |

O convenio xurdiu da preocupación da Secretaría Xeral da Igualdade e da Secretaría Xeral de Emigración pola incidencia da violencia de xénero na poboación inmigrante, xa que as estatísticas mostran que a proporción de mulleres estranxeiras en España vítimas de violencia de xénero, ao igual que a proporción de agresores estranxeiros, supón unha sobrerrepresentación respecto ao peso demográfico de mulleres e varóns estranxeiros en España.

Nos últimos anos detectouse unha evolución crecente na porcentaxe de mulleres inmigrantes, principalmente extracomunitarias, que son/foron vítimas de violencia de xénero. Motivado isto, por un lado, porque as referencias sobre a desigualdade entre homes e mulleres son máis manifestas nalgúns dos lugares de procedencia dunha parte da poboación estranxeira, o que motiva que o recurso á violencia se revista de lexitimidade e normalidade para os agresores e tamén para as vítimas.

En segundo lugar, as especiais circunstancias nas que se atopan en moitas ocasións as mulleres estranxeiras, xa sexa pola carencia de redes de parentesco ou amizade na sociedade de acollida, ou por depender das do seu agresor, orixinan unha inseguridade e dificultade superior á das mulleres españolas á hora de romper coa violencia.


Valorando ademais o aumento de mulleres inmigrantes que chegan á nosa Comunidade Autónoma, cobra especial relevancia o cumprimento da obriga de contemplar as súas necesidades específicas mediante programas que propicien unha participación máis igualitaria das mulleres inmigrantes na nosa sociedade.

Por iso este proxecto foi concebido para tentar garantir e equilibrar a súa participación no mundo laboral, corrixindo as situacións de desigualdade que teñen a

súa orixe en prácticas sociais, económicas e culturais baseadas en estereotipos de xénero e orixe.

- Realizouse en 13 localidades das catro provincias galegas (A Coruña, Ferrol, Fene, Santiago, Ames, Lugo, Viveiro, Palas de Rei, Vilalba, Ourense, Xinzo de Limia, Marín, Lalín)
- Participaron 210 mulleres, dun total de 22 países.
- As nacionalidades maioritarias foron Brasil (46), Marrocos (41), Colombia (30), Perú (17) e República Dominicana(16).


| PAÍS                 | nº participantes |
|----------------------|------------------|
| Brasil               | 46               |
| Marrocos             | 41               |
| Colombia             | 30               |
| Perú                 | 17               |
| República Dominicana | 16               |
| Cuba                 | 12               |
| Ghana                | 9                |
| Arxelia              | 7                |
| Bolivia              | 7                |
| Senegal              | 6                |
| Arxentina            | 4                |
| Venezuela            | 4                |
| Ecuador              | 2                |
| Cabo Verde           | 1                |
| Chile                | 1                |
| India                | 1                |
| México               | 1                |
| Nixeria              | 1                |
| Rumanía              | 1                |
| Togo                 | 1                |
| Uruguai              | 1                |
| Sáhara               | 1                |
| <b>TOTAL</b>         | <b>210</b>       |



Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- As franxas de idade predominantes foron as dos 26 aos 45 anos:

| RANGO IDADE  | Nº PARTICIPANTES |
|--------------|------------------|
| ≤ 20         | 10               |
| 21-25        | 24               |
| 26-35        | 79               |
| 36-45        | 65               |
| 46-55        | 28               |
| 56-65        | 2                |
| ≥ 66         | 2                |
| <b>TOTAL</b> | <b>210</b>       |



Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

A dinámica utilizada consistiu na realización de obradoiros itinerantes, unha xornada presencial de información, formación e sensibilización sobre a importancia da inserción sociolaboral, introducindo con axuda de soporte técnico audiovisual, e carácter eminentemente práctico, conceptos básicos na busca activa de emprego así como conceptos máis novidosos relacionados coa busca de emprego a través da rede.

Ás persoas asistentes proporcionóuselles en papel e en formato dixital un manual básico con información sobre a busca activa de emprego, documentación básica para a mesma e unha guía de recursos na rede.

Entre as actividades desenvolvidas están:

- Realización dun percorrido para identificar a traxectoria persoal, profesional e establecer o grao de idoneidade (as miñas competencias, os meus intereses).
- Identificación das alternativas existentes para a busca de emprego (internet, anuncios prensa, oficinas de emprego, ETT, empresas e consultoras especializadas, bolsas de traballo de centros de formación,...).
- Preparación para realizar unha busca activa (c.v, probas de selección, entrevistas).
- Análise do estado actual do mercado laboral (análise das ofertas laborais, tipoloxía dos contratos laborais existentes). Novos depósitos de emprego. O autoemprego.

- Establecemento dun plan de acción cos seus tempos.

### Centros Quérote+

Os centros Quérote+ como servizo da **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar** foron evolucionando para garantir un servizo especializado dirixido á mocidade, co fin de contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo ás súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, fomentando a súa autonomía, capacidade de xestión, habilidades persoais e toma de decisións.

A intervención, a formación e a atención abrangue ás familias, ao ámbito escolar e ao resto da comunidade que está directamente ligada ao proceso educativo e de contrución da mocidade.

Estes centros desenvolven todos os anos obradoiros nos centros de ensino a prol da igualdade de tratando temas como a convivencia entre iguais, a resolución de conflitos, valores que axudan ao desenvolvemento das persoas.

Outro dos piares fundamentais é o asesoramento nos propios centros. O equipo técnico está formado pos psicólogos/as, traballadores/as sociais e educadores/as sociais. Isto axuda a poder ofertar un servizo de calidade e de asesoramento continuado.

Deste xeito, o Quérote+ leva 5 anos ofertando un servizo de atención psicolóxica que comprende dende a prevención ata o proceso terapéutico. Non obstante, este servizo non é só para mulleres, tamén está pensado para homes con problemas de violencia machista.

Moi importante neste tema é nomear a colaboración coa Garda Civil, xa que en moitos casos dan resposta a como debe ser a actuación dos centros Quérote+ en posibles casos de violencia de xénero, maltrato e incluso abusos sexuais.

Por último, o terceiro pilar do Quérote+, é a participación. Dentro deste eixo o día 25 de novembro leva a cabo unha campaña de sensibilización e información a prol do tratamento da violencia de xénero.

**Programa de Estadías de Tempo Libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.**

No Diario Oficial de Galicia do 12 de marzo de 2011 publicouse a **Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade** pola que se aprobaban as bases reguladoras e se convocaban estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.

Este programa ten por obxecto facilitarlles ás mulleres que teñan fillas ou fillos menores exclusivamente ao seu cargo un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer. Un dos requisitos para poder participar era que tiveran unha renda que, tendo en conta todos os ingresos do conxunto da unidade familiar, divididos polo número de membros que a compoñen, non supere o salario mínimo interprofesional.

Convocábanse ata un máximo de 95 prazas para mulleres con fillas e/ou fillos ao seu cargo, con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos, para disfrutar dunhas estadias de entre sete e dez días, en réxime de pensión completa, preferentemente entre finais do mes de xuño e principios do mes de xullo.

Entre os criterios de valoración a considerar para a adxudicación das prazas foron:

- Residir nun centro de acollida.
- Acreditar ser ou ter sido vítima de violencia de xénero nos tres últimos anos.

Nesta ocasión foron **beneficiarias do programa 34 mulleres e 58 menores** que disfrutaron dunha semana de descanso e lecer na costa Cantábrica, na que aproveitaron para realizar actividades ao aire libre, practicar deporte e realizar excursións, así como diferentes programas destinados a potenciar a comunicación familiar e a autoestima das mulleres.

Os principais obxectivos formulados para estas estadias foron os seguintes:

- Posibilitar que as mulleres puidesen compartir experiencias con outras en iguais circunstancias a través da convivencia nun entorno de ocio, estimulando a busca dun novo ciclo vital.
- Crear un clima de afecto, confianza e seguridade nun ambiente lúdico e positivo, a través da realización de diferentes tipos de actividades.

Persoas beneficiarias 2011:

| PROVINCIA    | Mulleres  | Menores   |
|--------------|-----------|-----------|
| A Coruña     | 10        | 20        |
| Lugo         | 2         | 4         |
| Ourense      | 9         | 16        |
| Pontevedra   | 13        | 18        |
| <b>Total</b> | <b>34</b> | <b>58</b> |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

### Campamentos de verán 2011

Dende a **Secretaría Xeral da Igualdade**, e en colaboración coa **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar**, ofertóuselles, ás e aos menores dependentes de mulleres vítimas de violencia de xénero que residen ou residiron nos últimos anos nalgún centro de acollida, a posibilidade de participar nos campamentos xuvenís organizados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar dentro do programa Campaña-Verán 2011, a través dunha reserva específica de prazas.

A través da oferta da devandita campaña ofrécese a posibilidade de que as/os rapaces empreguen o seu tempo libre vacacional participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

Solicitudes recibidas para a participación nos campamentos:

| PRAZAS OFERTADAS | PERSOAS BENEFICIARIAS |    |
|------------------|-----------------------|----|
| 44               | Nenas                 | 11 |
|                  | Nenos                 | 13 |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

#### □ Fomento do movemento asociativo

Convocatoria de axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, para programas para mulleres e recursos para xestantes e lactantes. Inclúe axudas aos programas de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.

Estas axudas, convocadas a través da Resolución da **Secretaría Xeral da Igualdade** do 10 de maio de 2011 (DOG nº 96, do 19 de maio), teñen como obxectivo colaborar economicamente coas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, inscritas na área de igualdade no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, coa finalidade de contribuír ao mantemento de centros que acollen mulleres sen recursos con dificultades especiais e apoiar o desenvolvemento de recursos especializados para as mulleres que se atopan en situacións de especial vulnerabilidade e para o desenvolvemento de programas específicos de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos/as menores de tres anos, todo iso co obxectivo prioritario da promoción da igualdade entre mulleres e homes

Ás subvencións obxecto desta convocatoria dedicouse un **orzamento total de 916.500 euros**, que conta cun cofinanciamento do 80% polo Fondo Social Europeo do Programa Operativo FSE-Galicia 2007-2013.

Os programas obxecto de subvención desta convocatoria eran:

a) Mantemento de centros de atención especializada a mulleres (centros de acollida, centros de día) nos cales se ofrece asistencia básica (aloxamento, manutención) e programas de apoio ás mulleres en situación de exclusión especial.

b) Recursos integrais específicos para mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos e/ou fillas menores de tres anos que conteñan actuacións dos tipos que se indican e semellantes:

- De información sobre recursos existentes para elas e os seus fillos e fillas,
- De acompañamento social con medidas de apoio psicolóxico para superación de cargas emocionais provocadas pola situación de embarazo ou maternidade,
- De orientación, asesoramento e busca de emprego,
- De adquisición de competencias persoais e sociais adaptadas para a inserción laboral e para afrontar a nova situación persoal,
- De medidas de apoio urxente.

c) Recursos integrais de axuda para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social (reclusas, ex-reclusas, drogodependentes).

d) Recursos integrais de apoio a mulleres en situación de especial protección (anciás soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes, pertencentes a minorías étnicas).

e) Recursos integrais de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.

f) Aqueles outros que se definan para mulleres en situación de especial discriminación ou desigualdade susceptibles de inclusión no ámbito desta resolución.

No ano 2011 foron beneficiarias desta axuda dúas entidades para o desenvolvemento de programas dirixidos a vítimas de violencia de xénero, por un importe total de **47.000 euros**.

❑ **Actividades culturais e artísticas**

**Biblioteca de Galicia: Sección Concepción Arenal, Biblioteca da Muller**

No ano 2011 a **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas, elabora unha sección diferente con fondos sobre a muller denominada “Sección Concepción Arenal, Biblioteca da Muller”, en virtude dun acordo de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade polo que este órgano da Xunta de Galicia dona os seus fondos á Biblioteca de Galicia que se compromete a conservalos, catalogalos de difundilos.

Os fondos bibliográficos desa sección da Biblioteca de Galicia son obxecto de préstamo interbibliotecario aos centros que así o soliciten e están catalogados, sendo accesibles a través do OPAC (Catálogo público de acceso en liña) do catálogo colectivo da Biblioteca de Galicia e a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

A Biblioteca de Galicia dispón neste momento de 199 documentos que abordan especificamente a temática da violencia de xénero, ademais doutras obras xenéricas.

Por outra banda, dende a Subdirección Xeral de Arquivos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, tratouse de impulsar a inclusión da variable sexo, cando sexa pertinente, na configuración dixital dos fondos dos arquivos históricos municipais e asociacións.

### Ciclo de Cine "Por unha nova mirada: o cine ante a violencia de xénero"

A **Secretaría Xeral da Igualdade**, en colaboración co **Centro Galego de Artes da Imaxe**, dentro da programación conmemorativa do Día Internacional contra a Violencia de Xénero o organizaron un ciclo de cine que ofreceu unha selección de películas que amosan o dramatismo de tantas situacións de violencia que, por razóns de xénero, sofren as mulleres en todo o mundo.

O ciclo, que se celebrou na sala do CGAI na Coruña, do 22 ao 25 de novembro, estivo composto por tres títulos de gran calidade estética, formal e narrativa, *Tyrannosaur* (2011) de Paddy Considine, que viña de conseguir varios premios en festivais internacionais; *Domestic Violence* de Frederick Wiseman, unha perspectiva analítica e minuciosa do maltrato que, en dúas partes, aborda a acción policial, os grupos de terapia, as actividades educativas e os centros de prevención e o rexistro penal; e *Grbavica* (2006) de Jasmila Sbanic, sobre as consecuencias da guerra en Iugoslavia, as múltiples traxedias derivadas do conflito no que as mulleres son vítimas invisibles.

O día 25 organizouse, ademais, unha mesa redonda baixo o título *O cine, unha mirada cómplice na violencia contra as mulleres?*, coa participación da ensaísta e crítica de cine Pilar Aguilar e a responsable en Galicia da Asociación de Mulleres Cineastas, CIMA, Chelo Loureiro.

### Mostra "Carteis de cine/Violencia de xénero"



A mostra, inaugurada o día 25 de novembro na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago, con carteis cinematográficos da colección do CGAI, forma parte da programación da Xunta de Galicia para conmemorar o Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, considerando a potencialidade do cine como axente de socialización, destacando a influencia dos medios audiovisuais e, particularmente, do cine "na conformación da visión que temos do mundo".

Para sensibilizar á opinión pública sobre a transmisión dos roles de xénero a través do cine, o comisario da exposición, José Luis Castro de Paz, seleccionou 20 carteis pertencentes á colección conservada polo Centro Galego de Artes da Imaxe/Filmoteca de Galicia, que representan un percorrido por algunhas das múltiples formas e puntos de vista polos que o cine se ten aproximado á violencia de xénero ao longo da historia.

As películas cuxos carteis se expoñen corresponden a etapas históricas e cinematografías nacionais diversas, cunha mirada especial ao cine español, con referencia a *Siete mil días juntos* [1994] de Fernando Fernán-Gómez, *Solas* [Benito Zambrano, 1999]), *Átame* [Pedro Almodóvar, 1990], *Hable con ella* [Pedro Almodóvar, 2002] ou *El patio de mi cárcel* [Belén Macías, 2008]), así como a producións internacionais, como *Corazones de hierro* de Brian de Palma [1989] ou *Sin perdón* [Clint Eastwood, 2005]).

Segundo expuxo o comisario no tríptico de presentación da mostra, unha boa parte do cine clásico de Hollywood permite analizar a construción dun eixe simbólico de diferencia home/muller, "que non só atoparía forma visual no tratamento lumínico e espectacular do corpo da actriz, senon tamén na frecuente conversión deste en obxecto fragmentado, en fetiche asediado por un ollo masculino tan brutal en ocasións como melancólico e desolado noutras". Neste contexto, a exposición inclúe *Luz que agoniza* [George Cukor, 1944] tanto por ser un exemplo paradigmático da violencia simbólica sobre a muller utilizada como material argumental dun film de xénero, como polo acerto co que o tema queda configurado no cartel, moi similar ao da película española *Te doy mis ojos* [Icíar Bollaín, 2006].

A exposición estivo na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago ata finais de ano.

Rotación por diversos centros educativos galegos da exposición “*Cartas de Amor*”



**Cartas de Amor** é unha mostra do cómic galego sobre violencia de xénero que ten como finalidade sensibilizar á poboación máis nova sobre a existencia de violencia nas súas relacións de parella, nos seus modos de relacionarse. Axudarlles a decatarse de que formas e modos de comportamento habituais como as demostracións de

ciumes, o control sobre a vestimenta da parella, as súas chamadas telefónicas, mensaxes e correos electrónicos, a limitación dos seus movementos en relación ás súas amizades, son en realidade demostracións dun comportamento violento, e polo tanto a eliminalo.

Na mostra amosáronse os traballos dos dous premios nacionais de ilustración, Miguel Calatayud, e de cómic, Paco Roca, no ano 2009, así como figuras galegas, como Patricia Castelao, Pirusca, David Pintor e Óscar Villán. Tamén participaron autoras e autores que están acadando grande éxito entre a xente máis nova, como Eva Vázquez, Javier Olivares, Primitivo, Sonia Pulido, Jack Mircala ou Sergi San Julián. Ademais o escultor Méndez, a escritora Anxos Sumai e o deseñador Fausto, uníronse a esta mostra con tres achegas diferentes.

A exposición, inaugurada no ano 2010, foi ofertada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, no ano 2011, aos centros educativos de educación secundaria de Galicia, recibíndose un total de 158 solicitudes.

Centros que percorreu a exposición:

| Centros                  | Concello  | Provincia |
|--------------------------|-----------|-----------|
| IES SAN VICENTE          | A Baña    | A Coruña  |
| IES DE VIÓS              | Abegondo  | A Coruña  |
| IES MANUEL MURGIA        | Arteixo   | A Coruña  |
| IES MONCHO VALCARCE      | As Pontes | A Coruña  |
| IES PRAIA BARRAÑA        | Boiro     | A Coruña  |
| IES ALFONSO "X" O SABIO  | Cambre    | A Coruña  |
| IES RODOLFO UCHA PIÑEIRO | Ferrol    | A Coruña  |
| IES FONTEXERÍA           | Muros     | A Coruña  |
| IES RAMÓN CAAMAÑO        | Muxía     | A Coruña  |
| IES TRASANCOS DE NARÓN   | Narón     | A Coruña  |
| IES Nº 1 ORDES           | Ordes     | A Coruña  |
| IES POETA AÑÓN           | Outes     | A Coruña  |
| IES MACIAS O NAMORADO    | Padrón    | A Coruña  |

|                                   |                |            |
|-----------------------------------|----------------|------------|
| IES LUCUS AUGUSTI                 | Lugo           | Lugo       |
| IES MONTERROSO                    | Monterroso     | Lugo       |
| IES ALLARIZ                       | Allariz        | Ourense    |
| IES O COUTO                       | Ourense        | Ourense    |
| IES CARLOS CASARES                | Viana Do Bolo  | Ourense    |
| CENTRO PENITENCIARIO DA LAMA      | A Lama         | Pontevedra |
| IES AQUIS CELENIS                 | Caldas De Reis | Pontevedra |
| IES RAMÓN CABANILLAS              | Cambados       | Pontevedra |
| IES MONTECARRASCO                 | Cangas         | Pontevedra |
| IES LAXEIRO                       | Lalin          | Pontevedra |
| IES RAMON ALLER ULLOA             | Lalin          | Pontevedra |
| IES POIO                          | Poio           | Pontevedra |
| IES CASTELAO                      | Vigo           | Pontevedra |
| IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO         | Vigo           | Pontevedra |
| IES MIGUEL ÁNGEL GONZALEZ ESTEVEZ | Vilagarcia     | Pontevedra |





O público obxectivo da mostra foi o alumnado dos centros, rapazas e rapaces de 12 a 18 anos.

Na maioría dos centros aproveitaron a exposición para realizar actividades sobre a temática da igualdade e da violencia de xénero.

Por outra banda, o Seminario Permanente de Educación para a Igualdade da **Secretaría xeral da Igualdade** participou no **“Congreso Igualdad de Género y Educación”**, organizado polo Ministerio de Educación, a través do Instituto de Formación do Profesorado, Investigación e Innovación Educativa e o Goberno do Principado de Asturias, a través da Consellería de Educación e Universidades, coa exposición dunha comunicación en formato póster, coa que se daba a coñecer a mostra posta en marcha pola Secretaría Xeral da Igualdade, **“Cartas de Amor”**

O Congreso, que tivo lugar os días 10, 11 e 12 de novembro de 2011, no Centro Niemeyer de Avilés (Asturias), estaba dirixido ao profesorado, persoal técnico das distintas administracións educativas e membros de entidades e institucións relacionadas coa igualdade de xénero e la educación, das CCAA

O obxectivo do congreso foi crear un espazo para a reflexión, o intercambio e a acción sobre o tema, iniciando unha liña de traballo compartido, dende diferentes colectivos e ámbitos de actuación. Tratouse dun Congreso sobre o que xiraron distintas actividades: relatorios, experiencias, talleres, exposicións, pósteres, feira de materiais.

- ❑ **Tratamento da información. Convenios de autorregulación. Contidos e publicidade en relación coa violencia**
- **Continúa en vigor o convenio de colaboración asinado pola Compañía de Radio Televisión de Galicia e a Secretaría Xeral de Igualdade da Presidencia da Xunta de Galicia**, o 25 de novembro de 2009, no que se establecen medidas para mellorar a sensibilización, a prevención e a visibilización da violencia de xénero no ente público galego. Iniciáronse as xestións para a renovación do devandito convenio.

- En 2011 aplicáronse as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres propostas polo Consello de Administración da CRTVG. O documento propón como criterio xeral que as informacións relacionadas coa violencia de xénero deben ser obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso, que prime ante todo o respecto extremo perante as vítimas. Entre outros criterios, destácase a conveniencia de extremar o celo no manexo das fontes de información e das declaracións, incidindo tamén na idea de que os medios públicos galegos non se limiten ao tratamento dos feitos dramáticos senón que tamén divulguen os casos de éxito en que as mulleres conseguen liberarse dos malos tratos, para que sirvan de exemplos a outras vítimas. Sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista.

En 2011, coa renovación da páxina web corporativa da CRTVG, estas recomendacións quedaron integradas na sección “Autorregulación” da mesma, accesible desde a ligazón:

<http://www.crtvg.es/crtvg/informacion/a-compania/autoregulacion>

- O Director xeral da CRTVG deu conta ao **Parlamento de Galicia** sobre estes criterios de tratamento das informacións relativas á violencia de xénero nos espazos da TVG e da Radio Galega.
- Durante o 2011, os medios públicos galegos levaron ademais a cabo diversas actuacións dirixidas a conmemorar o **25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero**, non só nese día senón tamén nas datas próximas.

A información especial sobre a conmemoración tivo amplo reflexo en todos os espazos informativos da TVG e da Radio Galega, con profusión de informacións e reportaxes.

- ✓ O matinal “Bos días” incluíu o mesmo día 25 unha entrevista en directo, no estudo, á secretaria xeral da Igualdade.
- ✓ O programa “Reporteiros”, emitido o 26 de novembro, ofreceu unha reportaxe de trece minutos de duración sobre o problema da violencia de xénero, con variedade de testemuñas, datos e opinións.

- ✓ Ao redor do 25 de novembro a TVG emitiu o spot e a Radio Galega a cuña sobre a conmemoración, facilitados pola Secretaría Xeral da Igualdade, da campaña conmemorativa dese día.
- ✓ O 29 de setembro tivo lugar a estrea da película “A Condesa Rebelde”, sobre a vida de Emilia Pardo Bazán, coproducida por Televisión de Galicia e a produtora Zenit, e que contou tamén co apoio institucional da Secretaría Xeral da Igualdade. Dirixida por Zaza Ceballos e encabezada pola actriz Susana Dans, a obra ten unha clara vocación reivindicativa do papel da muller na loita pola igualdade de xénero, e así no acto de presentación, na Coruña, a directora da TVG expresou o compromiso da cadea con estes obxectivos.
- Tamén na liña de promoción da igualdade da muller, implicación persoal do equipo directivo, coa participación da directora da Radio Galega na Xornada sobre violencia de xénero e medios de comunicación que organizou a Asociación da Prensa da Coruña o 15 de abril.

## Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero.

Artigo 12.Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero.

Artigo 13.Rexistros administrativos.

Artigo 14.Formación nas universidades.

Artigo 15.Formación da totalidade das e dos profesionais.

Este capítulo da lei fai fincapé na necesidade de coñecer con maior profundidade o fenómeno da violencia de xénero, as súas causas e consecuencias, os aspectos xurídicos e sociais, pero tamén as repercusións de carácter psicolóxico sobre as vítimas, así como os perfís dos maltratadores, entendendo que o maior coñecemento provocará unha resposta máis eficaz en todos os ámbitos: prevención, intervención, recuperación e castigo e reeducación dos maltratadores.

### □ Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero.

Convocatoria de axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos e investigación.

A través da Resolución do 18 de xaneiro de 2011 (DOG nº 15, do 24 de xaneiro de 2011) a **Secretaría Xeral da Igualdade**,convocou as axudas dirixidas ás universidades públicas do sistema universitario galego e entes de dereito público da Comunidade Autónoma Galega que se dediquen á investigación sobre cuestións de xénero e/ou a proxectos de estudo e investigación nos cales se integre unha perspectiva de xénero.

Estas axudas, que recoñecen e premian o esforzo na obtención de resultados de calidade, concédense sobre a base do compromiso de desenvolver un programa que teña en conta, e como obxectivo principal, temas relacionados coa igualdade de oportunidades e as problemáticas actuais das mulleres, prevendo a súa renovación en función do cumprimento dos obxectivos fixados.

Xunto coa creación ou mantemento de unidades, oficinas, centros ou cátedras de xénero, a Xunta de Galicia pretende fomentar a realización de cursos de postgrao, conferencias, xornadas e actividades sobre cuestións de xénero, ou que integren unha perspectiva de xénero e incentivar o desenvolvemento e difusión de estudos e investigacións sobre a materia.

Os proxectos de investigación e os cursos, conferencias, xornadas e actividades subvencionadas, debían enmarcarse dentro das seguintes áreas ou temas prioritarios:

- Políticas públicas.
- Igualdade entre homes e mulleres na vida económica.
- Participación na toma de decisións.
- Promoción da calidade de vida das mulleres.
- Fomento da igualdade civil.
- Transmisión de valores e actitudes igualitarias.
- Conciliación da vida social, persoal e laboral das mulleres.
- Cooperación.
- **Violencia de xénero e prostitución.**
- Colectivos de mulleres en risco de exclusión social.
- A igualdade na aplicación da lei.
- Situación (pasado, presente e futuro) das mulleres en Galicia

Para a concesión das axudas desta resolución destinouse crédito por importe de **460.000 € para o ano 2011** que conta cun cofinanciamento do 80% polo Fondo Social Europeo do Programa Operativo FSE-Galicia 2007-2013.

No ano 2011 concedeuse esta axuda para as seguintes actuación enmarcadas na temática da violencia de xénero:

| Entidade beneficiaria                  | Descrición da actuación                                                                                             | Contía concedida |
|----------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| Unviersidade de Santiago de Compostela | Xornada sobre violencia de xénero e dereito do traballo                                                             | 6.720 €          |
| Universidade da Coruña                 | Congreso internacional: A prostitución desde unha perspectiva de xénero críticas desde a teoría descolonial         | 1.976 €          |
| Universidade de Santiago de Compostela | Políticas autonómicas e negociación colectiva en relación coa violencia de xénero: especial atención ao caso galego | 5.000 €          |
| Universidade de Santiago de Compostela | Estudo médico-legal e xurídico penal dos casos de violencia de xénero en Galicia                                    | 12.134,50 €      |
| Unversidade de Vigo                    | A violencia nas relacións de parella dos/as adolescentes galegos/as.                                                | 7.762,89 €       |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

## Difusión do estudo estatal sobre A IGUALDADE E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA ADOLESCENCIA E NA XUVENTUDE.

A Comunidade Autónoma de Galicia, a través da **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa)**, participou, xunto coas restantes comunidades autónomas e os Ministerios de Igualdade e de Educación, nun estudo estatal sobre “*A igualdade e a prevención da violencia de xénero na adolescencia e na xuventude*”, estudo coordinado tecnicamente por persoas expertas da Unidade de Psicoloxía Preventiva da Universidade Complutense de Madrid, concretamente polo equipo de M<sup>a</sup> José Díaz-Aguado Jalón, e que foron difundidos mediante unha publicación durante o ano 2011.

O obxectivo deste estudo era o de coñecer o estado das actitudes que existen na realidade dos nosos centros educativos respecto da violencia de xénero. Unha vez que se faga a valoración destes resultados, -en proceso-, procede adoptar as medidas para previr o sexismo e a violencia de xénero dende as primeiras idades, e de ser o caso, intervir na adolescencia que xa ten acomodadas unha serie de actitudes non sempre favorecedoras no trato entre diferentes sexos, actitudes que tenden a reproducirse dunha xeración á seguinte a través de mecanismos fortemente arraigados.

Entre os resultados máis salientables de entre os que figuran neste estudo, pódese sinalar os seguintes:

- Frecuencia das situacións de maltrato na parella que as adolescentes responden ter sufrido:

|                                                                           | Nunca | A veces | A miúdo | Moitas veces |
|---------------------------------------------------------------------------|-------|---------|---------|--------------|
| Insultáronme ou ridiculizáronme                                           | 82,7% | 14,4%   | 1,6%    | 1,3%         |
| Fixéronme crer que non valía nada                                         | 92,2% | 5,6%    | 1,2%    | 1,0%         |
| Intentaron illarme de amizades                                            | 78,9% | 15,1%   | 3,3%    | 2,8%         |
| Intentaron controlar ata o máis mínimo detalle                            | 78,2% | 14,8%   | 3,9%    | 3,1%         |
| Fixéronme sentir medo                                                     | 90,0% | 7,3%    | 1,5%    | 1,3%         |
| Pegáronme                                                                 | 96,5% | 2,7%    | 0,4%    | 0,4%         |
| Ameazáronme con agredirme para facer cousas que non quería                | 97,6% | 1,5%    | 1,0%    | 0,5%         |
| Intimidáronme con frases, insultos ou condutas de carácter sexual         | 92,9% | 5,4%    | 0,6%    | 0,7%         |
| Sentinme obrigada a condutas de tipo sexual nas que non quería participar | 95,4% | 3,6%    | 0,5%    | 0,4%         |

|                                                                                      |       |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------|-------|------|------|------|
| Recibín mensaxes de internet, móbil que insultaban, ameazaban, ofendían ou asustaban | 93,4% | 5,1% | 0,6% | 0,8% |
| Difundiron mensaxes, insultos ou imaxes por internet, móbil sen permiso              | 97,0% | 2,2% | 0,5% | 0,3% |
| Culpáronme de provocar a violencia que sufrín                                        | 95,3% | 3,3% | 0,8% | 0,6% |

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Estudo: "Igualdad y prevención de la violencia de género en la adolescencia"

- Frecuencia das situacións de maltrato na parella que os adolescentes responden ter exercido:

|                                                                                      | Nunca | A veces | A miúdo | Moitas veces |
|--------------------------------------------------------------------------------------|-------|---------|---------|--------------|
| Insulteina ou ridiculiceina                                                          | 89,6% | 9,2%    | 0,6%    | 0,6%         |
| Fixenlle crer que non valía nada                                                     | 95,6% | 3,4%    | 0,5%    | 0,5%         |
| Intentei illala de amizades                                                          | 87,6% | 10,4%   | 1,3%    | 0,7%         |
| Intentei controlarlle ata o máis mínimo detalle                                      | 86,2% | 11,1%   | 1,6%    | 1,2%         |
| Fixenlle sentir medo                                                                 | 93,7% | 4,9%    | 0,7%    | 0,6%         |
| Pegeille                                                                             | 97,5% | 1,5%    | 0,5%    | 0,5%         |
| Ameaceina con agredila para obrigala a facer cousas que non quería                   | 97,9% | 1,3%    | 0,3%    | 0,5%         |
| Intimideina con frases, insultos ou condutas de carácter sexual                      | 96,2% | 2,6%    | 0,6%    | 0,5%         |
| Presioneina para que realizase condutas de tipo sexual nas que non quería participar | 95,2% | 3,5%    | 0,7%    | 0,6%         |
| Enviei mensaxes de internet, móbil que ainsultaban, ameazaban, ofendían ou asustaban | 96,7% | 2,1%    | 0,5%    | 0,6%         |
| Difundín mensaxes, insultos ou imaxes dela por internet, móbil sen o seupermiso      | 97,8% | 1,2%    | 0,5%    | 0,5%         |
| Culpeina de provocar a miña violencia                                                | 96,5% | 2,3%    | 0,7%    | 0,5%         |

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

A partires do diagnóstico obtido neste estudo sobre a situación actual entre a adolescencia escolarizada en estudos secundarios, elaboráronse varias conclusións:

1ª. A pesares dos avances, o cambio xeracional detectado entre as adolescentes non é suficiente para erradicar a violencia de xénero, senón que resulta necesario incrementar os esforzos para previla.

2ª. Os mozos rexeitan o sexismo e, sobre todo a violencia de xénero, de forma maioritaria, aínda que en menor medida que as mozas. É preciso incrementar os esforzos destinados á prevención.

3ª. A prevención debe orientarse en torno ás principais condicións de risco. A mentalidade “machista”, que subxace tras a violencia de xénero, destaca como a súa principal condición de risco desde a adolescencia. A prevención debe centrarse en dito problema.

4ª. Hai que estender a prevención específica contra a violencia de xénero de forma que chegue a toda a adolescencia. O traballo educativo específica contra a violencia de xénero diminúe o risco de exercela ou de sufrila.

5ª. Non chega con traballar este problema nunha data simbólica, é preciso insertalo en plans integrais de centro e nas aulas.

6ª. A prevención debe realizarse tamén desde as familias e a súa colaboración coa escola. Debe favorecerse que tomen conciencia do seu papel na prevención e detección de dito problema, así como da necesidade de que colaboren coa escola para erradicalo.

7ª. O papel dos medios de comunicación na prevención da violencia de xénero. É preciso incrementar as condicións que favorecen o positivo papel dos medios de comunicación a través da alfabetización audiovisual.

8ª. É preciso que os mozos tamén poidan vivir a superación do sexismo como unha vantaxe para o seu desenvolvemento e calidade de vida.

9ª. A formación do profesorado é unha ferramenta básica para a prevención da violencia de xénero entre a mocidade

❑ **Rexistros administrativos.**

**Seguimento do Plan Galego de Estatística: 2007-2011. Área de violencia de xénero: Ano 2011**

O Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2011, aprobado polo Decreto 213/2010, do 16 de decembro, establece como unha das operacións

estadísticas a realizar pola Secretaría Xeral da Igualdade, a estatística de violencia de xénero, na que se recollen os datos correspondentes aos expedientes tramitados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2011.

**.- Normativa aplicable.**

**- Normativa da ONU.**

- Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller, do 20 de decembro de 1993.
- Declaración de Beijing (1995).
- Resolución 2002/52 da Comisión de Dereitos Humanos da ONU.

**- Normativa europea.**

- Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002) sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002).
- Decisión nº 803/2004/CE do Parlamento Europeo, pola que se aproba un programa de acción comunitario (2004-2008) para previr e combater a violencia exercida sobre a infancia, a mocidade e as mulleres e protexer as vítimas e grupos de risco.

**- Normativa estatal.**

2.3.1.- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. (BOE 313, do 29-12-2004.).

2.3.2.- Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

2.3.3.- Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica.

2.3.4.- Real Decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza.

2.3.5.- Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego.

**- Normativa autonómica.**

2.4.1.- Estatuto de autonomía para Galicia,

2.4.2.- Reais decretos de transferencia 2411/1982, do 24 de xullo, e 534/1984, do 25 de xaneiro.

2.4.3.- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

2.4.4.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2.4.5.- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. “Disposición adicional sexta.- Mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social. A expresión mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social utilizada nesta lei comprenderá, sempre como mínimo, para os efectos desta lei e dos seus desenvolvementos regulamentarios, a mulleres: a) vítimas de violencia de xénero...”

2.4.6.- Resolución do 14 de xaneiro de 2011 (DOG nº 12, do 19 de xaneiro), pola que se regulan as bases e se convocan axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia.

2.4.7.- Resolución do 8 de marzo de 2011 (DOG nº 49, do 11 de marzo), da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2.4.8.- Orde do 2 de maio de 2006 pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia.

9.- Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.4.10.- Orde do 12 de xullo de 2007 pola que se regulan medidas de acción positiva para a adxudicación de vivendas no programa de vivenda de aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero.

**- Organización.**

**2.5.1.- Normas competenciais:**

2.5.1.1.- Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

2.5.1.2.- Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 215/2010, do 16 de decembro.

- Unidades Estatísticas violencia de xénero :

- Prestacións Económicas Directas.:

#### **1- Axuda de pagamento único.**

Expedientes de concesión de axudas de pagamento único a mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2011 réxese pola Resolución do 8 de marzo de 2011 (DOG nº 49, do 11 de marzo)), da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Segundo se establece no artigo 4º das bases reguladoras recollidas na citada resolución, a situación de violencia acredítase pola orde de protección a favor da vítima, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero en tanto non se dite a orde de protección, así como a sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección que acrediten a actualidade da situación de violencia.

Os requisitos esixibles son ser muller, maior de idade ou emancipada; carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias; ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do informe do Servizo Público de Emprego; ter vixentes as medidas de protección establecidas nunha orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza xudicial, e non ter percibido esta axuda con anterioridade. A axuda é exclusivamente compatible coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. En consecuencia, é incompatible coa percepción de calquera outra axuda establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinada ao mesmo fin.

#### **2- Axuda pagamento periódico.**

Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico a mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2011, réxese pola Resolución do 14 de xaneiro de 2011 (DOG nº 12, do 19 de xaneiro), pola que se regulan as bases e se convocan axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia.

O artigo 1 desta resolución dispón que “ten por obxecto establecer as bases que rexerán a concesión de axudas económicas, individuais e de carácter periódico, de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, baixo o réxime de concorrencia non competitiva.”

Son requisitos para percibir esta axuda: ser muller, maior de idade ou emancipada, residir na Comunidade Autónoma de Galicia, acreditar a situación de violencia derivada de convivencia con algún dos documentos seguintes: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local, informe dos servizos de acollida ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou ser de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor e non ter percibido esta axuda con anterioridade.

### **3- Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.**

Expedientes de concesión da axuda establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

No ano 2011 réxese pola Resolución do 8 de marzo de 2011 (DOG nº 49, do 11 de marzo), da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Esta liña de axúdas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia. Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Poden ser beneficiarias destas axudas: as mulleres que sufran violencia de xénero, as persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero, as persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero e as persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Son requisitos para percibir esta axuda: estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento e que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.

A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a el, sen que a contía máxima poida ser superior a 6.000 € por cada persoa beneficiaria.

#### **.- Prestacións de Servizos.**

##### **1.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.**

Expedientes de seguimento de medidas de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Estes expedientes ábrense pola entrada no PCOP, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade, da comunicación dos xulgados competentes da adopción dunha resolución xudicial (auto ou sentenza) que implica pronunciamento sobre medidas ou ordes de protección. A información (sentenzas/autos/medidas/ordes de protección) remítese desde os xulgados. O funcionamento xeral é de apertura dun expediente por vítima; o que supón que en certo número de casos dentro dun mesmo expediente, faise un seguimento a sucesivas medidas ou ordes de protección.

## **2.- Acreditacións.**

Solicitudes e expedición de certificacións/acreditacións da condición de vítima de violencia de xénero.

### **2.1.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, aos efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.**

O artigo 2º.b da orde do Orde do 2 de maio de 2006 establece como un dos documentos que debe acompañar á solicitude de incorporación ao programa, a Certificación acreditativa da condición de vítima, expedida polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade.

### **2.2.- Informe técnico da Secretaría Xeral da Igualdade.**

Debe incluír referencias á situación persoal e familiar da solicitante, á intervención social acordada e á súa situación de vivenda, aos efectos da adxudicación directa de vivendas de aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero (Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia e Orde do 12 de xullo de 2007 pola que se regulan medidas de acción positiva para a adxudicación de vivendas no programa de vivenda de aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero).

## - Datos Estadísticos 2011.

## 1.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento único.

| Provincia    | Nº resolucíons favorables |             |           |
|--------------|---------------------------|-------------|-----------|
|              | 1º semestre               | 2º semestre | Total     |
| A Coruña     | 3                         | 10          | 13        |
| Lugo         | 3                         | 3           | 6         |
| Ourense      | 1                         | 4           | 5         |
| Pontevedra   | 7                         | 17          | 24        |
| <b>Total</b> | <b>14</b>                 | <b>34</b>   | <b>48</b> |

## 2.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico.

| Provincia    | Nº resolucíons favorables |             |            |
|--------------|---------------------------|-------------|------------|
|              | 1º semestre               | 2º semestre | Total      |
| A Coruña     | 48                        | 32          | 80         |
| Lugo         | 17                        | 13          | 30         |
| Ourense      | 23                        | 11          | 34         |
| Pontevedra   | 66                        | 41          | 107        |
| <b>Total</b> | <b>154</b>                | <b>97</b>   | <b>251</b> |

## 3.- Expedientes de concesión da indemnización regulada no artigo 43 da lei galega 11/2007.

| Provincia    | Nº resolucíons favorables |             |          |
|--------------|---------------------------|-------------|----------|
|              | 1º semestre               | 2º semestre | Total    |
| A Coruña     | 1                         | 0           | 1        |
| Lugo         | 0                         | 0           | 0        |
| Ourense      | 0                         | 0           | 0        |
| Pontevedra   | 0                         | 0           | 0        |
| <b>Total</b> | <b>1</b>                  | <b>0</b>    | <b>1</b> |

## 4.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

## Novos expedientes seguidos

| Provincia    | Nº expedientes |             |            |
|--------------|----------------|-------------|------------|
|              | 1º semestre    | 2º semestre | Total      |
| A Coruña     | 151            | 204         | 355        |
| Lugo         | 93             | 84          | 177        |
| Ourense      | 50             | 43          | 93         |
| Pontevedra   | 208            | 163         | 371        |
| <b>Total</b> | <b>502</b>     | <b>494</b>  | <b>996</b> |

## Medidas de protección comunicadas

| Provincia    | Nº ordes protección |             |             |
|--------------|---------------------|-------------|-------------|
|              | 1º semestre         | 2º semestre | Total       |
| A Coruña     | 194                 | 296         | 490         |
| Lugo         | 114                 | 112         | 226         |
| Ourense      | 75                  | 68          | 143         |
| Pontevedra   | 254                 | 235         | 489         |
| <b>Total</b> | <b>637</b>          | <b>711</b>  | <b>1348</b> |

## 5.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, aos efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

| Provincia    | Nº certificacións emitidas |             |            |
|--------------|----------------------------|-------------|------------|
|              | 1º semestre                | 2º semestre | Total      |
| A Coruña     | 43                         | 62          | 105        |
| Lugo         | 17                         | 13          | 30         |
| Ourense      | 20                         | 36          | 56         |
| Pontevedra   | 65                         | 58          | 123        |
| <b>Total</b> | <b>145</b>                 | <b>169</b>  | <b>314</b> |

## 6.- Informe técnico da Secretaría Xeral da Igualdade aos efectos da concesión de vivenda en aluguer.

| Provincia    | Nº informes emitidos |             |            |
|--------------|----------------------|-------------|------------|
|              | 1º semestre          | 2º semestre | Total      |
| A Coruña     | 51                   | 29          | 80         |
| Lugo         | 20                   | 15          | 35         |
| Ourense      | 8                    | 26          | 34         |
| Pontevedra   | 69                   | 71          | 140        |
| <b>Total</b> | <b>148</b>           | <b>141</b>  | <b>289</b> |

### ❑ Formación da totalidade das e dos profesionais

Plan anual de formación dirixido a todo o profesorado e demais profesionais docentes que forman parte do persoal dos diferentes servizos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través do Servizo de Formación do Profesorado, elabora anualmente este plan de formación, no que se recollen diferentes actividades de formación -cursos, xornadas, encontros, grupos de traballo, seminarios, proxectos de formación permanente en centros e outros- das que forman parte as dos ámbitos da educación en valores, educación emocional, convivencia e xestión pacífica de conflitos, orientación, contribuíndo varias das actividades propostas á prevención da violencia de xénero. Ademais poden desenvolverse outro tipo de actividades que poidan xurdir ao longo do curso escolar (cursos, xornadas, encontros,...) e que non foron recollidas inicialmente no plan de formación.

A posta en marcha de todas estas actividades fíxose dende os propios servizos centrais da consellería ou dende o CAFI os centros de formación e recursos existentes, nas modalidades maioritariamente presenciais pero tamén de formación a distancia.

Dentro destas actividades pódense destacar:

- Actividades de formación a distancia para 50 profesores/as (a través da plataforma educativa PLATEGA). Curso **“Estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo”**
- Grupos de traballo do **“Programa Relación: educación afectivo sexual”**, desenvolvidos entre novembro e decembro, en catro centros da nosa comunidade (distribuídos por todas as provincias)

Ademais, e formando parte da formación das persoas responsables na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Secretaría Xeral da Igualdade, participaron nas “VII Xornadas Intercambia, educar en feminino e en masculino” (Avilés, 11 e 12 de novembro de 2011)

#### Formación de profesionais: Escola para profesionais da igualdade



Durante o ano 2011 a **Secretaría Xeral da Igualdade** presentou, no marco da Escola para profesionais da igualdade, unha nova convocatoria de accións formativas dirixidas ao

persoal técnico de centros e recursos en materia de igualdade, dependentes dos concellos galegos

Esta segunda edición segue a responder á necesidade de actualización continuada e permanente dos coñecementos profesionais deste persoal, contribuíndo a potenciar e elevar as súas capacidades e destrezas nos diferentes ámbitos profesionais vinculados ao traballo pola igualdade. Por este motivo nesta segunda edición tamén puideron participar, ademais dos/as profesionais dos centros de información ás mulleres, os/as profesionais que están a traballar no ámbito dos servizos sociais dependentes dos concellos galegos, co obxectivo de fomentar un traballo interdisciplinar que permita prestar unha atención de carácter integral ás persoas usuarias.

As accións formativas ofertadas nesta segunda edición foron:

- **Aproximación psicolóxica á violencia de xénero.**
- Xénero e discapacidade.
- Muller e dereito de familia.
- Deseño e xestión de proxectos de igualdade.
- Liderar en clave de xénero.

No desenvolvemento deste programa de formación contouse coa colaboración da Escola Galega de Administración Pública, así como tamén con especialistas universitarios/as nas materias a tratar.

Cada unha das accións formativas consta de 60 horas. Esta formación on line inclúe titorías especializadas para o seguimento do alumnado e para a resolución das dúbidas que xurdan no desenvolvemento dos cursos.

Esta formación on-line xurdiu como resposta á necesidade de actualización continuada e permanente dos coñecementos profesionais, adaptada aos tempos actuais, constituíndo ademais unha alternativa para aquelas persoas que combinan traballo e formación, podendo elixir cada persoa o seu horario e as condicións máis axeitadas para desenvolvela á súa medida.

Persoas admitidas nos cursos:

| Curso                                          | Nº persoas admitidas |
|------------------------------------------------|----------------------|
| Aproximación psicolóxica á violencia de xénero | 59                   |
| Xénero e discapacidade                         | 125                  |
| Muller e dereito de familia                    | 49                   |
| Deseño e xestión de proxectos de igualdade     | 124                  |
| Liderar en clave de xénero                     | 59                   |

*Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia*

### Actuacións de formación “Violencia contra as mulleres con discapacidade”

Organizadas pola **Secretaría Xeral da Igualdade** en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (**EGAP**), coa Confederación Galega de Minusválidos (**COGAMI**) e coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (**ACADAR**), estas accións formativas desenvóléronse en Santiago de Compostela, cunha duración de 20 horas, e dirixidas ao persoal da administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia que desenvolve o seu traballo no ámbito dos servizos sociais e atención a mulleres.

A súa finalidade era a de dar a coñecer a realidade das mulleres con discapacidade, incidindo en aspectos tales como a discapacidade, o sistema sexo-xénero, a sexualidade, a accesibilidade e a violencia exercida contra as mulleres con discapacidade.

Contido do curso:

1. Discapacidade.
  - a. Concepto e tipos de discapacidades.
  - b. Nocións básicas de Clasificación Internacional do Funcionamento, a Discapacidade e a Saúde.
  - c. Modelos ou enfoques da discapacidade.
  - d. A discapacidade en cifras.
2. Xénero.
  - a. Concepto e teoría sexo- xénero.
  - b. Axentes de socialización diferencial.
  - c. A construción do xénero desde unha perspectiva espazo-temporal.
  - d. Teoría de la interseccionalidade.
3. Xénero e Discapacidade.
  - a. Modelo ou enfoque de xénero e discapacidade.
  - b. Radiografía das mulleres con discapacidade.
  - c. Eixos de especial relevancia desde a perspectiva de xénero e discapacidade.
  - d. Marco normativo sobre xénero e discapacidade.
4. Violencia contra as mulleres con discapacidade.
  - a. Concepto e formas de violencia contra as mulleres.
  - b. Ciclo e etapas da violencia contra as mulleres.
  - c. Recursos e servizos de apoio para as mulleres superviventes.
  - d. Violencia específica sobre as mulleres con discapacidade.

e. **Presentación do Programa de Atención Psicosocial.**

**Formación en Violencia de Xénero de Profesionais da Administración Pública: “Violencia de Xénero”.**

Esta formación, organizada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, está incluída dentro da oferta formativa permanente que a **Escola Galega de Administración Pública** dirixe ao persoal da Administración da Xunta de Galicia. A súa finalidade é a de sensibilizar ao persoal funcionario fronte á violencia de xénero, así como dar a coñecer os recursos existentes en Galicia a disposición das vítimas. No ano 2011 participaron nesta acción formativa 30 persoas, que traballaron sobre o seguinte programa:

- 1.- Análise histórico sobre os roles de xénero.
- 2.- O marco normativo estatal e autonómico da violencia de xénero; actuacións no ámbito xudicial.
- 3.- A Orde de protección e outras medidas de protección: actuacións das forzas e corpos de seguridade ante casos de violencia de xénero.
- 4.- A abordaxe da violencia de xénero dende a intervención psicolóxica.
- 5.- As redes de trata de persoas con fines de explotación sexual: outra forma de violencia de xénero.
- 6.- Boas prácticas no ámbito local.
- 7.- Programas e recursos da administración autonómica DA Xunta de Galicia para a erradicación da violencia de xénero: perspectivas de futuro.

**Cursos de formación especializada en prevención da violencia de xénero para profesionais que traballan con menores**

Este programa enmárcase dentro do convenio de colaboración que a **Secretaría Xeral da Igualdade** asinou co **Ministerio de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade** para a realización, entre outras, de actuacións de atención especializada a menores expostos á violencia, e de formación en violencia de xénero para profesionais que desenvolven o seu traballo en relación directa con menores.

A formación desenvólvese en colaboración coa **Secretaría xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar**, e o seu obxectivo fundamental consistiu en dotar de ferramentas básicas de atención e intervención á totalidade de

profesionais que en Galicia desenvolven o seu traballo no ámbito dos centros de menores, e, polo tanto, cun contacto directo con nenos e nenas que, posiblemente teñan sido vítimas directas ou indirectas da violencia de xénero.

Os cursos tiveron unha duración de 20 horas lectivas, impartíronse durante tres días consecutivos nas cidades de Lugo, Ourense, A Coruña, Vigo e Santiago, e neles participaron 138 profesionais.

| LOCALIDADE   | Nº participantes |
|--------------|------------------|
| A Coruña     | 29               |
| Lugo         | 29               |
| Ourense      | 29               |
| Vigo         | 29               |
| Santiago     | 24               |
| <b>TOTAL</b> | <b>138</b>       |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

A formación estruturouse en tres módulos.

O primeiro trataba sobre as características da violencia de xénero, os conceptos básicos, a construción das identidades masculina e feminina, o desequilibrio de poder, os roles, os mitos erróneos sobre a violencia contra as mulleres, os tipos de violencia de xénero, as características das persoas maltratadas e as consecuencias da violencia de xénero nas mulleres e nos seus fillos e fillas.

No segundo módulo abordouse a prevención da violencia de xénero nos e nas menores, os principios básicos, a tolerancia cero contra a violencia, a incorporación da perspectiva de xénero no traballo psicológico, educativo e social con menores, as pautas para elaborar un plan integral eficaz para previr as relacións desiguais entre mozos e mozas, a detección dos malos tratos, qué facer cando unha rapaza sofre violencia de xénero e cando un rapaz é un maltratador, ou como traballar con menores testemuñas da violencia nas súas familias.

E no terceiro e último módulo plantexáronse as habilidades para intervir na violencia de xénero entre mozos e mozas, como detectar os metadiscursos sexistas e micromachismos, que e como preguntar ante a sospeita de maos tratos,

habilidades para mellorar a relación de axuda e manexo do estres e do desgaste profesional.

#### **Plan de formación continua dos servizos sociais comunitarios**

Ao longo de 2011, dende a **Consellería de Traballo e Benestar**, no marco do Plan de formación continua dos servizos sociais comunitarios, impartíronse dous cursos sobre “**módulo de violencia de xénero**”, do programa informático **SIUSS** (Sistema de información de usuarios de servizos sociais), dirixidos ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios responsables de programas de intervención social con mulleres.

#### **Formación de profesionais do ámbito sanitario**

A **Consellería de Sanidade**, a través do **Servizo Galego de Saúde**, continuando coa formación en violencia de xénero dos e das profesionais do ámbito sanitario de Galicia, realizou os seguintes cursos no ano 2011 :

- Cursos para Implantación da Guía de Violencia de Xénero: 4 edicións.
- Cursos de Prevención e Atención á Violencia de Xénero nas 8 Escolas Universitarias de Enfermaría, dirixidos ao alumnado de 3º curso.
- Curso de Prevención e Atención á Violencia de Xénero na Escola Universitaria de Traballo Social para o alumnado do último curso.
- Curso de Prevención e Atención á Violencia de Xénero ao alumnado de 6º de Medicina na propia facultade.
- Curso de “Actuación do/a profesional sanitario ante os malos tratos: 7 edicións

Desagregación das actividades de formación en violencia de xénero 2011.

## Actividades para profesionais sanitarios:

| NOME DO CURSO                                                                              | LUGAR                                    | DURACIÓN/H. | Nº ALUMNADO | DATA                          |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|-------------|-------------|-------------------------------|
| Implantación da guía técnica de violencia de xénero e manexo de lanus en atención primaria | Ferrol                                   | 3           | 14          | 20 de maio                    |
|                                                                                            | FEGAS (Santiago)                         | 3           | 13          | 11 de maio                    |
|                                                                                            | H. Meixoeiro (Vigo)                      | 3           | 12          | 23 de xuño                    |
|                                                                                            | X.A.P. de Vigo                           | 3           | 13          | 21 de xuño                    |
|                                                                                            | H.C.U. Santiago                          | 3           | 17          | 18 de maio                    |
| Actuación do/a profesional sanitario ante os malos tratos                                  | Teleformación e H.C. da Costa            | 16          | 25          | 30 de maio a 10 de xuño       |
|                                                                                            | Teleformación e H. Lucus Augusti         | 16          | 25          | 13 a 24 de xuño               |
|                                                                                            | Teleformación e C.H. de Ourense          | 16          | 25          | 19 a 30 de setembro           |
|                                                                                            | Teleformación e C.H.U. de Santiago       | 16          | 25          | 26 de setembro a 7 de outubro |
|                                                                                            | Teleformación e C.H.U. de Vigo           | 16          | 21          | 3 a 14 de outubro             |
|                                                                                            | Teleformación e C.H.U. da Coruña         | 16          | 25          | 17 a 28 de outubro            |
|                                                                                            | Teleformación e Xerencia de A.P. de Vigo | 16          | 25          | 24 de outubro a 4 de novembro |
| Prevención e atención á violencia de xénero                                                | EUE Santiago                             | 4           | 76          | 10 de marzo                   |
|                                                                                            | EUE Coruña                               | 4           | 57          | 11 de marzo                   |
|                                                                                            | EUE Lugo                                 | 4           | 62          | 4 de marzo                    |
|                                                                                            | EUE Ferrol                               | 4           | 47          | 14 de marzo                   |
|                                                                                            | EUE Pontevedra                           | 4           | 59          | 23 de febreiro                |
|                                                                                            | EUE Meixoeiro                            | 4           | 50          | 9 de marzo                    |
|                                                                                            | EUE Vigo.Povisa                          | 4           | 41          | 21 de febreiro                |
|                                                                                            | EUE Traballo Social                      | 4           | 69          | 24 de febreiro                |
|                                                                                            | Facultade de Medicina                    | 4           | 14          | 19 de marzo                   |
| <b>TOTAL</b>                                                                               |                                          | <b>163H</b> | <b>715</b>  |                               |

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo G

alego de Saúde

Por outra banda, en colaboración coa **Secretaría Xeral da Igualdade**, realizáronse tamén accións de formación destinadas por unha banda ao persoal sanitario, e impartidos dende a FEGAS, e pola outra ao público en xeral, impartidos dende a Escola Galega de Saúde para a Cidadanía:

## Formación Escola Galega de Saúde para a Cidadanía:

| NOME DO CURSO                                                       | LUGAR            | DURACIÓN/H. | Nº ALUMNADO | DATA          |
|---------------------------------------------------------------------|------------------|-------------|-------------|---------------|
| Agresión sexual mediante sumisión química: pautas de actuación      | C.H.U. Vigo      | 2           | 23          | 4 de maio     |
|                                                                     | FEGAS (Santiago) | 2           | 24          | 10 de maio    |
| A escravitude do século XX: a explotación sexual e trata de persoas | C.H.U. da Coruña | 4           | 10          | 5 de outubro  |
|                                                                     | C.H.U. Vigo      | 4           | 13          | 19 de outubro |
|                                                                     | FEGAS (Santiago) | 4           | 15          | 25 de outubro |
| <b>TOTAL</b>                                                        |                  | <b>16H</b>  | <b>85</b>   |               |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

## Teleformación dende a FEGAS:

| NOME DO CURSO                                                       | DURACIÓN/H. | Nº ALUMNADO | DATA              |
|---------------------------------------------------------------------|-------------|-------------|-------------------|
| Agresión sexual mediante sumisión química: pautas de actuación      | 10          | 62          | 3 a 17 de outubro |
| A escravitude do século XX: a explotación sexual e trata de persoas | 12          | 61          | 3 a 19 de outubro |
| <b>TOTAL</b>                                                        | <b>22H</b>  | <b>123</b>  |                   |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Formación sobre submisión química; detección, diagnose e prevención, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

Nesta xornada, organizada polo grupo de Toxicoloxía Forense da USC en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, e celebrada en Santiago de Compostela no mes de xuño de 2011, participaron persoas expertas dos diferentes ámbitos de coñecemento, coa finalidade de abordar a epidemioloxía, a atención médico-forense e psicolóxica ás vítimas de submisión química, así como a diagnose toxicolóxica e as pautas de actuación nestes casos, todo elo dende unha perspectiva multidisciplinar que abordou de xeito integral a problemática das agresións sexuais mediante submisión química.

A submisión química consiste na administración de substancias psicoactivas a unha persoa, sen o seu coñecemento, para provocar unha modificación no seu grao de vixilancia no seu estado de consciencia e da súa capacidade de xuízo. Esta vulnerabilidade é provocada deliberadamente co fin de causar á vítima un prexuízo secundario, sobre todo a agresión sexual. A maioría das vítimas son mulleres novas ás

que se lles administra unha substancia a fin de diminuír a súa resistencia ao acto sexual. O cadro típico é o dunha moza nova que consumiu unha ou dúas bebidas alcohólicas e que esperta nun lugar descoñecido, semiespida e sen saber ben que ocorreu pero coa sensación de ter sido asaltada sexualmente. No momento do exame clínico, os síntomas son inespecíficos, habitualmente neurolóxicos e a anamnesis pode ser complicada coa angustia da paciente. Existe frecuentemente amnesia total ou parcial dos feitos , problemas de vixilancia e de comportamento, e confusión.

A pesares da carencia de datos exactos da incidencia deste fenómeno, a nivel europeo considérase que aproximadamente o 17% das agresións sexuais podería responder a unha submisión química.

Como principais **CONCLUSIONS** DAS Xornada sinaladas pódense destacar:

1. As substancias químicas están implicadas Nunha alta porcentaxe de casos de agresións sexuais (ata un 70%), sendo o alcohol o mais frecuentemente detectado. Os casos de agresións sexuais por submisión Química parece que están en aumento, e aínda que os casos proactivos (administración da substancia sen o coñecemento da vítima) son pouco detectados, os casos oportunistas (consumo voluntario) son moi frecuentes.
2. Non todo os casos de submisión se diagnostican, xa que unha característica común a todos eles é o retraso na denuncia/solicitud de asistencia médica, relacionado coa amnesia que producen as substancias empregadas. Este Retraso facilita a eliminación das substancias e polo tanto a súa detección analítica. Outro factor de determina a dificultade do diagnóstico é o descoñecemento que existe entre os ea as profesionais sanitarios sobre as características deses casos e o seu correcto enfoque diagnóstico. Todo elo determina que só se diagnostique unha Pequena porcentaxe de casos.
3. Dende punto de vista penal os casos destas características están tipificados como de abuso sexual.
4. A atención psicolóxica ás vítimas é fundamental,e require de profesionais cualificados e sensibilizados con esta patoloxía, que evite a vitimizacion secundaria das pacientes.
5. Finalmente detectouse A NECESIDADE dunha serie de intervencións prioritarias dende o punto de vista sanitario, entre as que destacan as seguintes:

- a) De establecer protocolos de abordaxe dos casos de agresións sexuais, nos que se inclúa a investigación toxicolóxica de rutina, co obxecto de coñecer cales son as sustancias mais implicadas.
- b) De intercambiar experiencias e información entre os distintos profesionais implicados/as na atención as vítimas e na diagnose dos casos de agresións sexuais.
- c) De avaliar a posibilidade de crear unha Comisión a Nivel autonómico, na que estean representados todos os profesionais que poidan aportar información nos casos referidos, que sirva de dinamizadora da investigación neste eido en promova estudos que permitan coñecer a magnitude do problema na nosa comunidade.

**Formación de xuíces e xuízas: Colaboración entre o CGPJ, a Secretaría xeral da Igualdade e o Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo.**

A Lei Orgánica 1/2004 optou por unha fórmula de especialización dentro dos xuíces e xuízas encargados de instruír o delitos de violencia de xénero, que deben participar, antes da toma de posesión no seu destino, nas actividades de formación especializada en materia de violencia de xénero, que estableza o Consello Xeral do Poder Xudicial. Deste xeito, os xuíces e xuízas titulares dos xulgados competentes nas causas de violencia de xénero en Galicia realizan visitas formativas ao Centro de emerxencia para vítimas de violencia de xénero de Vigo, onde coñecen de primeira man os recursos existentes na Comunidade Autónoma a disposición das vítimas e as opinións e vivencias das mulleres do centro.

Durante o ano 2011, 8 xuíces e xuízas titulares dos seguintes xulgados realizaron visitas formativas ao CEMVI:

| Xulgado                                          | Localidade        | Provincia |
|--------------------------------------------------|-------------------|-----------|
| Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1  | Arzúa             | A Coruña  |
| Xulgado de Primeira Instancia e Instrución único | Corcubión         | A Coruña  |
| Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº3   | Ribeira           | A Coruña  |
| Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº1   | Ortigueira        | A Coruña  |
| Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº1   | Becerreá          | Lugo      |
| Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº2   | Mondoñedo         | Lugo      |
| Xulgado de Primeira Instancia e Instrución único | Viveiro           | Lugo      |
| Xulgado de Primeira Instancia e Instrución único | A Pobra de Trives | Ourense   |

*Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia*

### Capítulo III: Medidas no ámbito educativo

Artigo 16. Actitudes.

Artigo 17. Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero.

Artigo 18. Edición e adaptación de materiais.

Artigo 19. Revisión e adaptación do currículo educativo.

Artigo 20. Plans de acción tutorial.

Artigo 21. Proxectos educativos e curriculares de centro.

Artigo 22. Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia.

Artigo 23. Inspección educativa.

Para a prevención da violencia de xénero, a educación e a formación en igualdade da comunidade educativa é unha cuestión fundamental. A desaparición dos prexuizos e estereotipos de xénero desde a escola é absolutamente imprescindible para lograr xeracións futuras corresponsables, igualitarias e tamén máis felices. É por elo que se presta unha especial atención a todas as actuacións desenvolvidas no eido educativo, ao marxe da formación dos e das profesionais, xa mencionadas. En particular, desde este capítulo se presta atención ás estruturas escolares e como a igualdade entre nenos e nenas e a prevención da violencia de xénero impregnan o ámbito escolar.

#### ❑ Actitudes

Coa finalidade de impulsar a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de comportamentos e actitudes sexistas e da violencia de xénero, destinadas a afondar nas estratexias para a análise e resolución dos conflitos, así como na aprendizaxe da convivencia baseada no respecto a todas as persoas, garantindo e fomentando actitudes, valores e capacidades que contribúan a un pleno desenvolvemento en igualdade, dende a Administración educativa galega mantense contacto, por parte da persoa responsable de igualdade na **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** con diferentes membros da **Secretaría Xeral de Igualdade**.

Existe unha persoa no Seminario Permanente de Educación para a Igualdade, para unificar criterios e programar conxuntamente novas actividades de formación dirixidas ao profesorado de todas as etapas educativas, sendo establecidos previamente os contactos e a coordinación das actuacións conxuntas coa xefa de servizo desa unidade.

Programa de información e sensibilización no ámbito da igualdade e da prevención da violencia de xénero dirixido a nenos e nenas de 0 a 6 anos, atendendo ás circunstancias específicas da poboación infantil de Galicia.

Dado o papel fundamental que no ámbito da prevención xoga a educación, tanto de pais e nais como de nenos e nenas, a educación e valores e a introdución da perspectiva de xénero nas accións que se desenvolven no marco de calquera programa educativo son fundamentais para o futuro desenvolvemento dos nenos e nenas. Ademais, a intervención nos primeiros anos e na familia son claves para incidir na promoción da igualdade e por ende na prevención da violencia de xénero.

Por tal motivo considerouse de especial interese continuar co desenvolvemento do *Programa de información e sensibilización no ámbito da igualdade e da prevención da violencia de xénero dirixido a nenos e nenas de 0 a 6 anos*, iniciado no 2010, dado que a educación en valores de respecto e igualdade é a ferramenta máis efectiva para garantir xeracións futuras libres de violencia.

Este programa desenvolveuse a través do convenio de colaboración asinado entre a **Secretaría Xeral da Igualdade e a Fundación Preescolar na Casa**.

O convenio cunha dotación económica de **15.000 euros**, tiña por obxectivo realizar accións de sensibilización e divulgación no ámbito da igualdade e da prevención da violencia de xénero, atendendo ás circunstancias específicas da poboación infantil de Galicia, moi especialmente do ámbito rural, e como destinataria á poboación beneficiaria dos programas da Fundación Preescolar na Casa.

Desenvolveuse nas 4 provincias galegas nun total de 267 concellos, e beneficiáronse do programa preto de 4.000 familias.

Actuacións desenvolvidas:

- Integración na programación educativa de liñas específicas de educación em valores e non violencia.
- Creación de espazos de comunicación e intercambio entre as persoas participantes no que fomentar a reflexión sobre actitudes e valores non sexistas.
- Distribución de material específico com conceptos básicos relacionados coa prevención da violencia de xénero dende os primeiros anos

#### ❑ Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero

A Xunta de Galicia escolarizou, de xeito inmediato, ás nenas e nenos afectados por cambios de centros derivados de situacións de violencia de xénero, facilitando unha atención especial a este alumnado no centro educativo.

Número de casos atendidos ata o momento:

| Curso                       | A Coruña | Lugo     | Ourense   | Pontevedra | TOTAL     |
|-----------------------------|----------|----------|-----------|------------|-----------|
| 2007-2008                   | 0        | 0        | 4         | 0          | 4         |
| 2008-2009                   | 2        | 0        | 5         | 4          | 11        |
| 2009-2010                   | 0        | 0        | 2         | 3          | 5         |
| 2010-2011                   | 2        | 0        | 2         | 5          | 9         |
| 2011-2012<br>(1º trimestre) | 0        | 1        | 1         | 1          | 3         |
| <b>TOTAL</b>                | <b>4</b> | <b>1</b> | <b>14</b> | <b>13</b>  | <b>32</b> |

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Neste ano promulgouse o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. E no seu artigo 28 recóllese a atención ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar, da seguinte forma:

1. A consellería con competencias en materia de educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, os centros educativos prestarán atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado.
2. Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

#### ❑ Revisión e adaptación do currículo educativo.

En cada centro educativo, e seguindo o Decreto 120/98 e Orde do 24 de xullo de 1998, na Comunidade Autónoma de Galicia creáronse os Departamentos de Orientación (DO);

xurde así a necesidade de elaborar un Plan de Orientación que se integra no Proxecto Educativo do Centro (PEC) para, dende o centro, dar apoio ou resposta adecuada, adaptada, equitativa e de calidade á complexa e cambiante realidade educativa e social actual.

Un dos ámbitos de actuación destes DO é o da organización nas medidas de atención á diversidade do alumnado, seguindo os principios fundamentais da educación, como son os de ofrecer unha educación de calidade para todos e todas, en condicións de equidade e coa garantía de igualdade de oportunidades, a través da inclusión no sistema educativo como compensador das desigualdades presentadas (persoais, de sexo, culturais, económicas, sociais, de discapacidade..).

No propio Proxecto Educativo de Centro (PEC) recóllese o tratamento dos temas transversais e se adecúa ás diferentes etapas para desenvolver ao longo das diferentes áreas, e sobre todo na consecución das competencias básicas, en especial no referido ás competencias social e cidadá, e a de autonomía e iniciativa persoal (Educación Moral e Cívica, Educación para a Convivencia, Educación para a Igualdade de Oportunidades, Educación Ambiental, Educación para a Saúde, Educación Afectivo-sexual, Educación para a Paz...) e todo isto ao longo de toda a escolaridade.

#### □ Plans de acción tutorial

A tutoría, xunto coa orientación, forman parte da función docente e desenvólvense ao longo de todas as etapas educativas. En cada centro educativo existe un **Plan de Acción Tutorial** (PAT), elaborado polo Departamento de Orientación, seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), e ofrecendo apoio e soporte técnico ás actividades de tutoría que o profesorado realiza no centro.

O PAT é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento da acción de tutoría nos centros, e inclúe tarefas tutoriais e orientadoras, como un conxunto de actividade educativas insertas no currículo e que teñen unha dimensión técnica e unha dimensión humana. Trátase dun proceso que forma parte da concreción curricular do centro.

Entre as áreas ou bloques de contidos a traballar en xeral no PAT e referidas ao alumnado destácase: ser persoa, convivir e pensar (valores, decidir, convivir...), diversificar e adaptar (aprendizaxes específicas e medidas de atención á diversidade),

orientar (autoconhecimento, toma de decisións..) e temas transversais adecuados a cada etapa; **entre estes destácase a educación para a igualdade de oportunidades**), poñendo especial esforzo en favorecer o interese e motivación cara ao estudo e adquisición de hábitos de estudo e de técnicas e estratexias de traballo intelectual dende as diferentes áreas.

Os aspectos relativos á orientación académico-profesional, aínda que se desenvolvan a través da acción tutorial, están incluídos nun plan propio, e sempre tendo en conta a igualdade de oportunidades do alumnado á hora de continuar estudos ou adquirir a formación axeitada para a súa incorporación ao mundo laboral, con independencia do sexo do alumnado.

Polo tanto, os aspectos referidos á eliminación de estereotipos sexistas non son tratados en apartados específicos, senón que deben traballarse a través de todas as áreas e nos diferentes plans ou programas que se establezan en cada centro ao respecto, destacando ao respecto o Plan de Acción Tutorial.

#### ❑ **Proxectos educativos e curriculares de centro**

Os centros educativos dispoñen de autonomía para definir o seu modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que se concreta no Proxecto Educativo de Centro (PEC), nas súas concrecións curriculares e normas de funcionamento (Regulamento de Réxime Interno, Programación Xeral Anual ...); así o recollen os Regulamentos Orgánicos dos Centros (ROC).

Partindo da análise das necesidades educativas específicas do alumnado, das características do contorno do centro (social e cultural), o PEC fixará os seus obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, sendo elaborado polo equipo directivo, cos criterios, aprobación e avaliación do Consello Escolar e coas propostas do Claustro de profesores.

O PEC recolle valores, obxectivos e prioridades de actuación e incorpora a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, coa finalidade de que o alumnado adquiera e desenvolva as competencias básicas establecidas. Tamén recollen o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas, respectando o principio de non discriminación e inclusión educativa como fundamentais, recollendo a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial.

As concrecións curriculares para cada unha das etapas que se impartan no centro serán redactadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), quen supervisará a súa elaboración, seguindo o currículo oficial e os criterios establecidos polo Claustro. Estas concrecións incluírán unhas directrices xerais de decisión, ademais do Plan de Orientación Académica-Profesional, o Plan de Acción Titorial e as Programacións Didácticas.

Estas medidas de coeducación son tidas en conta de forma xeral na elaboración e redacción tanto dos obxectivos como dos contidos e mesmo das competencias básicas, e, como non, nas metodoloxías a empregar no desenvolvemento das actividades propostas, aínda que non de forma diferenciada, xa que cada centro os adecúa ás súas características.

#### ❑ Inspección educativa

Os servizos de inspección educativa do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de educación velan polo cumprimento e pola aplicación de todos os principios recollidos na Lei, destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes, dado que unha das funcións da inspección educativa, recollidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, é velar polo cumprimento, nos centros educativos, das leis, regulamentos e demais disposicións vixentes que afecten ao sistema educativo.

### 03.3      **Titulo II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero**

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico.

Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial.

Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección.

Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e emprego.

Capítulo V: Medidas de carácter económico.

Neste apartado compréndense as medidas enfocadas a regular as actuacións tanto dos poderes públicos como do persoal profesional co fin de garantir unha asistencia

sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral á mulleres vítimas de violencia de xénero. Medidas de protección tales como dispositivos de alarma (teleasistencia), programas de reeducación, etc. Así mesmo, faise referencia ás distintas prestacións e axudas económicas para as mulleres en situación de violencia, como a prestación periódica establecida pola Xunta de Galicia, dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica.

## Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico

Artigo 24. Dereito á atención sanitaria.

Artigo 25. Atención psicolóxica.

Artigo 26. Protocolo de actuación.

Artigo 27. Rexistro de casos.

### ❑ Dereito a atención sanitaria

Os plans de saúde da Xunta de Galicia, e nomeadamente o **Plan de atención integral á saúde das mulleres**, prevén na súa redacción inicial ou nas súas revisións periódicas, medidas específicas para a prevención, detección, atención e intervención nos casos de violencia de xénero. Así mesmo, nos devanditos plans impleméntanse disposicións específicas que contribúen a avaliar o impacto e os efectos da violencia de xénero sobre a saúde das mulleres.

- Realizáronse varios cursos de 4 horas en centros de saúde para a implantación da guía técnica do proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero, que posteriormente será avaliada.
- Distribuíuse a todas as persoas profesionais sanitarias, o fluxograma de toma de decisións para os distintos casos de sospeita de violencia car á muller na consulta.
- Así mesmo, estableceranse en todas as medidas anteriores actuacións e protocolos sanitarios específicos para a detección, a intervención e o apoio de situacións de violencia contra as mulleres con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade.



- Púxose en marcha a guía de atención sanitaria ás mulleres con discapacidade.

#### □ Atención psicolóxica

Recoñécese na lei o dereito á asistencia psicolóxica gratuíta para as e os menores e para outras persoas dependentes que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, que comprenderá medidas de apoio psicosocial específicas e adaptadas ás súas características e necesidades.

Toda a asistencia sanitaria do **Servizo Galego de Saúde** é gratuíta. A derivación aos servizos de apoio psicosocial realízase a través dos circuitos establecidos nos casos en que se detecta este tipo de atención.

Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as e os menores, así como outras persoas dependentes que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

Este programa está dirixido a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero ou doméstica, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación.

O programa xestiónase a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicología**, polo que se conta cunha rede de profesionais que levan a cabo a súa intervención en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, préstase un servizo telefónico de asesoramento e derivación para a atención terapéutica personalizada. O orzamento destinado no ano 2011 a este programa foi de 120.000 euros.

No ano 2011 beneficiáronse deste programa **533 persoas** e participaron na intervención **79 profesionais da psicoloxía**, 22 máis que nos anos anteriores.

|          |          |     |
|----------|----------|-----|
| A Coruña | Mulleres | 219 |
|----------|----------|-----|

|            |                     |    |
|------------|---------------------|----|
|            | Menores             | 95 |
|            | Persoas dependentes | 17 |
| Lugo       | Mulleres            | 39 |
|            | Menores             | 10 |
|            | Persoas dependentes | 9  |
| Ourense    | Mulleres            | 21 |
|            | Menores             | 4  |
|            | Persoas dependentes | 1  |
| Pontevedra | Mulleres            | 68 |
|            | Menores             | 48 |
|            | Persoas dependentes | 2  |

| Mulleres   | TOTAL   |                     |
|------------|---------|---------------------|
|            | Menores | Persoas Dependentes |
| 347        | 157     | 29                  |
| TOTAL: 533 |         |                     |

| PARTICIPACIÓN PSICÓLOGAS/OS DO PROGRAMA |      |         |            |
|-----------------------------------------|------|---------|------------|
| A CORUÑA                                | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA |
| 33                                      | 5    | 9       | 32         |
| TOTAL: 79                               |      |         |            |

## Programa Abramos o Círculo

O programa Abramos o Círculo é un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de intervención: información e atención, e intervención psicolóxica personalizada. Xestiónase a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**. O orzamento destinado no ano 2011 a este programa foi de 34.600 euros.

No ano 2011 beneficiáronse deste programa un total de **69 homes** e participaron na intervención **38 profesionais da psicoloxía**, 17 máis que nos anos anteriores.

| BENEFICIARIOS |      |         |            |
|---------------|------|---------|------------|
| A CORUÑA      | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA |
| 30            | 1    | 3       | 35         |
| TOTAL: 69     |      |         |            |

| PARTICIPACIÓN PSICÓLOGAS/OS DO PROGRAMA |      |         |            |
|-----------------------------------------|------|---------|------------|
| A CORUÑA                                | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA |
| 14                                      | 1    | 6       | 17         |
| TOTAL: 38                               |      |         |            |

Desenvolvemento dun Proxecto de intervención con menores, fillos e fillas de vítimas da violencia de xénero, nos centros de acollida de Galicia, a través da atención á diversidade cultural e a integración desas/es menores

O proxecto de atención á diversidade cultural e integración dos e das menores que se atopan en centros de acollemento enmarcouse dentro do Protocolo Marco de Atención Especializada a menores expostos e expostas á violencia de xénero, asinado co extinto Ministerio de Igualdade.

Cando falamos de malos tratos e centros de acollida, temos que ter en conta que nos atopamos cun número elevado de mulleres estranxeiras que sofren unha dobre problemática: seren vítimas de violencia de xénero e seren estranxeiras. Ademais, moitas destas mulleres están en situación irregular, descoñecen o funcionamento dos servizos e os seus dereitos, e mesmo nalgúns casos, teñen dificultades co idioma, co que a situación de malos tratos é aínda máis complicada.

Tendo en conta este último aspecto e observando a importante incidencia de mulleres inmigrantes nesta situación de acollida, e ademais con nenos e nenas ao seu cargo, considerouse necesario continuar co proxecto de atención á diversidade cultural e a integración dos e das menores fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero, iniciado no ano 2010.

En concreto, trátase dun programa no que se levou a cabo a intervención integral e especializada con nenos e nenas vítimas directas e/ou indirectas da violencia de xénero. Foi posto en marcha dende a **Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia** e dirixiuse, especialmente, a centros de acollemento nos que estaban vivindo temporalmente menores e a súas nais vítimas dos malos tratos, pero tamén se ofertou a outras entidades que traballan directamente coas vítimas.

Os obxectivos perseguidos polo proxecto eran:

- Promover a diversidade cultural entre as persoas residentes nos centros de acollida, especialmente entre os nenos e nenas.
- Integrar os e as menores estranxeiros/as que se atopan nestes centros.
- Potenciar a igualdade, a colaboración e o respecto.
- Mellorar a calidade de vida dos e das residentes.
- Adquirir hábitos e costumes que permitan mellorar a convivencia na casa.
- Mellorar as relacións materno-filiais.
- Implicar ás nais no tempo libre dos seus fillos e fillas.
- Promover o uso do xogo.

O programa desenvolveuse nos centro de día de O Mencer en Ferrol e na vivenda tutelada para mulleres maltratadas de Lugo.


| FERROL             |                  |
|--------------------|------------------|
| Idade              | Nº participantes |
| < 1 ano            | 0                |
| < 2 anos           | 0                |
| Entre 3 - 4 anos   | 0                |
| Entre 5 - 11 anos  | 10               |
| Entre 12 - 18 anos | 8                |
| <b>TOTAL</b>       | <b>18</b>        |

| LUGO               |                  |
|--------------------|------------------|
| Idade              | Nº participantes |
| < 1 ano            | 0                |
| < 2 anos           | 0                |
| Entre 3 - 4 anos   | 3                |
| Entre 5 - 11 anos  | 3                |
| Entre 12 - 18 anos | 0                |
| <b>TOTAL</b>       | <b>6</b>         |

#### □ Protocolo de actuación

#### Guía técnica de Atención á Muller en Situación de Violencia de Xénero

Está implantada en todo o **ámbito sanitario galego** a Guía técnica de atención á muller en situación de violencia de xénero.



Protocolo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Secretaría Xeral da Igualdade, para a asistencia psiquiátrica ás usuarias do Centro de Emerxencias de Vigo para mulleres vítimas de violencia de xénero no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Durante o ano 2011 mantívose a vixencia do protocolo de colaboración para a asistencia psiquiátrica no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. ás usuarias do Centro de Emerxencia de Vigo, protocolo asinado entre o **Servizo Galego de Saúde**, a **Secretaría xeral da Igualdade** e o **Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar** da Consellería de Traballo

O protocolo posibilita que as mulleres que chegan ao Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo teñan a posibilidade de dispor dunha avaliación psiquiátrica, no caso de que tras a valoración psicosocial que se lles fai ao

ingreso, a poidan precisar, ben por necesidades específicas neste sentido ou ben para determinar a procedencia ou non de ingreso no centro, en función das súas características.

En base a este protocolo, as mulleres ingresadas no Centro de Emerxencia de Vigo son visitadas de forma rutineira antes das 72 horas do seu ingreso.

#### **Medidas para a detección precoz na atención primaria**

No artigo 26.2 da lei Galega 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispónse: *“deseñaranse medidas para a detección precoz da violencia de xénero entre as mulleres a as súas fillas e fillos menores de idade e establecerase un cuestionario para a detección precoz da violencia de xénero na atención primaria e un parte de lesións único e universal para todos os centros sanitarios de Galicia, que será de obrigado cumprimento para todas e todos os profesionais”* .

Na Guía de Atención á Muller en Situación de Violencia de Xénero recóllense, a modo de anexos, as medidas de detección precoz da violencia de xénero, así como os cuestionarios necesarios para isto:

- No anexo 3 da guía (páxina 23) recoméndanse unha serie de preguntas que se realizarán á muller no caso de sospeita de malos tratos.
- No anexo 4 (páxina 24) relaciónanse unha serie de preguntas para valorar a situación e o tipo de violencia exercida sobre a muller.
- No anexo 5 (páxina 25) indícanse preguntas para realizarlle á muller co fin de valorar a situación de risco.
- No anexo 7 (páxinas 26 e 27) preséntanse instrucións para cubrir o parte de lesións, que é único e para todos os centros sanitarios da nosa Comunidade Autónoma.

#### **Rexistro de casos**

Desde o día 10 de xuño de 2011 está aberto un modelo do **parte de lesións** na aplicación informática lanus.

Para facilitar o uso do modelo marcáronse os campos de obrigado cumprimento para o rexistro do informe e incorporáronse imaxes para indicar as lesións.

O modelo está dispoñible para o seu uso nos hospitais en episodios de hospitalización, urxencias e consultas externas, nos centros de saúde e nos puntos de atención continuada.

Coa informatización do parte de lesións, poderanse obter os rexistros necesarios para coñecer os indicadores de violencia de xénero atendida.

Tamén se habilitaron na plataforma de teleformación MESTRE, no curso IANUS Especializada v3.60, e no curso INANUS Primaria v3.60, novos contidos que explican o funcionamento do modelo do parte de lesións e do editor de imaxes.

## Capítulo II: medidas no ámbito xudicial

Artigo 28. Atención xurídica.

Artigo 29. Asistencia letrada.

Artigo 30. Exercicio da acción popular.

Artigo 31. Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero.

Artigo 32. Intervención da administración.

### □ Atención xurídica e asistencia letrada

Un dos trazos máis salientables da regulación galega en materia de asistencia xurídica grautíta (Decreto 269/2008, polo que se aproba o regulamento de asistencia xurídica grautíta de Galicia) atópase na incorporación de quendas de oficio específicas para a asistencia xurídica de mulleres maltratadas, pois requiren unha atención especializada.

Deste xeito, dáse cumprimento ao establecido nos artigos 28 e 29 da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, os cales prevén que os servizos de orientación xurídica dos colexios profesionais da avogacía de Galicia garantan a atención xurídica especializada en materia de violencia de xénero a través de profesionais coa formación específica en materia de violencia contra as mulleres (art. 28.2), así como a dispoñibilidade, na totalidade dos colexios profesionais da avogacía de Galicia, dunha quenda de oficio en materia de violencia de xénero (art. 29.3).

Consonte a todo isto, o **regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia** estableceu a constitución dunha quenda de garda permanente durante as 24 horas do día, atendida por letrados/as especializados para a prestación do servizo de asistencia letrada ás mulleres vítimas de delitos de violencia de xénero (art. 29.2 do Decreto 269/2008), así como o requisito complementario de formación para os avogados e as avogadas especializados/as que realicen a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero (art. 30.2).

O total de actuacións certificadas polos Colexios de Avogados nos tres primeiros trimestres do ano 2011 en aplicación do módulo establecido (defensa xurídica da muller en dilixencias policiais, orde de protección e procedementos administrativos relacionados coa violencia de xénero e doméstica) elevouse a un total de **871 asuntos** cun custo total para a comunidade Autónoma de **89.477,83 euros**, segundo a seguinte táboa:

| Colexios avogados | 1º trimestre/2011 |                   | 2º trimestre/2011 |                   | 3º trimestre/2011 |                   | 4º trimestre/2011 |                   | TOTAL      |                    |
|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|------------|--------------------|
|                   | nº asuntos        | importe           | nº asuntos        | importe           | nº asuntos        | importe           | nº asuntos        | importe           | nº asuntos | importe            |
| A Coruña          | 130               | 13.354,90€        | 33                | 3.390,09€         | 63                | 6.471,99€         | 129               | 13.252,17€        | 355        | 36.469,15 €        |
| Lugo              | 20                | 2.054,60€         | 14                | 1.438,22€         | 9                 | 924,57€           | 20                | 2.054,60€         | 63         | 6.471,99 €         |
| Ourense           | 27                | 2.773,71€         | 22                | 2.260,06€         | 26                | 2.670,98€         | 49                | 5.033,77€         | 124        | 12.738,52 €        |
| Pontevedra        | 41                | 4.211,93€         | 43                | 4.417,39€         | 49                | 5.033,77€         | 43                | 4.417,39€         | 176        | 18.080,48 €        |
| Ferrol            | 38                | 3.903,74€         | 30                | 3.081,90€         | 53                | 5.444,69€         | 11                | 1.130,03€         | 31         | 3.184,63 €         |
| Santiago          | 10                | 1.027,30€         | 5                 | 513,65€           | 5                 | 513,65€           | 1                 | 102,73 €          | 122        | 12.533,06 €        |
| Vigo              | 0                 | 0,00€             | 0                 | 0,00€             | 0                 | 0,00€             | 0                 | 0,00€             | 0          | 0,00€              |
| <b>TOTAL</b>      | <b>266</b>        | <b>27.326,18€</b> | <b>147</b>        | <b>15.101,31€</b> | <b>205</b>        | <b>21.059,65€</b> | <b>253</b>        | <b>25.990,69€</b> | <b>871</b> | <b>89.477,83 €</b> |

Fonte: Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza.

#### □ Intervención da Administración

O Servizo de Atención a Menores en Situación de Conflito Social, da **Consellería de Traballo e Benestar**, é o órgano encargado da execución das medidas xudiciais impostas a menores en aplicación da L.O. 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal de menores.

En relación coa prevención, hai que dicir que os e as menores en internamento nos centros de reeducación, en réxime semiaberto ou aberto, están escolarizados/as dunha maneira normalizada, e, polo tanto, participan en todas as actividades que, en relación coa violencia de xénero, se organizan dende a comunidade escolar. Ademais, os devanditos centros son mixtos e neles ponse en práctica a coeducación e a educación para a prevención da violencia de xénero como parte integrante da súa formación habitual.

No Centro de Atención Específica Montefiz, centro encargado da execución das medidas de internamento terapéutico, como consecuencia do internamento dalgún menor que cometeu o delito de agresión sexual (artigo 178 do Código Penal), se implementou o Programa Específico de Control da Agresión Sexual.

Sinalar por último, que durante o ano 2011, dende a **Subdirección Xeral de Familia e Menores da Secretaría xeral de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)**, abriuse 1 expediente cuxo motivo de intervención foi a violencia de xénero.

### Capítulo III: outras medidas de apoio e protección

Artigo 33. Deseño e implantación de dispositivos de alarma.

Artigo 34. Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero.

#### ❑ Deseño e implantación de dispositivos de alarma

En xullo de 2009, os Ministerios de Igualdade e de Interior puxeron a disposición da xudicatura un sistema de dispositivos de alarma que permite o control das medidas de alonxamento en materia de violencia de xénero, as chamadas “pulseiras”.

Este procedemento regúlase a través da *Resolución de 17 de xullo de 2009, da Secretaría de Estado de Seguridad, pola que se acorda a publicación do “Protocolo de actuación para a implantación do sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas de afastamento en materia de Violencia de Xénero” e ordéase a elaboración das normas técnicas de Desenvolvemento dos mesmos polos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.*

O referido protocolo, aprobado polo **Comité Técnico da Comisión Nacional de Coordinación da Policía Xudicial**, na reunión do 6 de xullo de 2009, ten como finalidade garantir e homoxeneizar a plena operatividade do sistema, establecendo pautas xerais de actuación e comunicación das persoas que interveñen nestas actuacións, así como o coñecemento por estas do seu funcionamento e virtualidade, que facilite a adecuada intervención en cada posto concreto.

O sistema permite verificar o cumprimento das medidas cautelares de afastamento da vítima impostas nos procedementos que se seguen por violencia de xénero en que se estime oportuno, acorde coas pautas e regras que, no seu caso, establece a Autoridade Xudicial e de conformidade co disposto no Protocolo. Na mesma maneira, o sistema proporciona información actualizada e permanente das incidencias que afecten ao cumprimento das medidas impostas, así como das posibles incidencias, tanto accidentais como provocadas, no funcionamento dos elementos de vixilancia empregados.

Os avisos que xera o sistema son de dous tipos: alarma e alerta, graduados de maior a menor risco.


Existen dous tipos de compoñentes do sistema: dispositivo para o inculpado e dispositivo para a vítima.

No conxunto de España contabilizáronse, a 31 de decembro do 2011, un total de **1.323 instalacións de medios telemáticos** no marco das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero, dos cales **desistáronse 542** destes dispositivos, polo que, a 31 de decembro **segúan activos 781** medios telemáticos. Madrid segue a ser a primeira comunidade autónoma con 498 casos de instalación de dispositivos, seguido de Andalucía con 249 casos, a Comunidade Valenciana con 115. **Galicia é a novena Comunidade Autónoma con dispositivos instalados no ano 2011 con un total de 42, e a décima con dispositivos activos a 31 de decembro de 2011.**

*Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero. Comunidade Autónoma de Galicia.*

|              | Instalacións a 31 de decembro de 2011 | Desinstalacións a 31 de decembro de 2011 | Activos a 31 de decembro de 2011 |
|--------------|---------------------------------------|------------------------------------------|----------------------------------|
| A Coruña     | 16                                    | 11                                       | 5                                |
| Lugo         | 9                                     | 3                                        | 6                                |
| Ourense      | 2                                     | 2                                        | 0                                |
| Pontevedra   | 15                                    | 6                                        | 9                                |
| <b>Total</b> | <b>42</b>                             | <b>22</b>                                | <b>20</b>                        |

*Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero*




*Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero*

*Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero. Total Comunidades Autónomas.*

| COMUNIDADE AUTÓNOMA  | Instalacións a 31/12/2011 | Desinstalacións a 31/12/2011 | Activos a 31/12/2011 |
|----------------------|---------------------------|------------------------------|----------------------|
| Andalucía            | 249                       | 100                          | 149                  |
| Aragón               | 23                        | 10                           | 13                   |
| Asturias             | 26                        | 12                           | 14                   |
| Baleares             | 30                        | 11                           | 19                   |
| Canarias             | 49                        | 17                           | 32                   |
| Cantabria            | 43                        | 19                           | 24                   |
| Castilla - la Mancha | 41                        | 12                           | 29                   |
| Castilla y León      | 55                        | 27                           | 28                   |
| Cataluña             | 49                        | 17                           | 32                   |
| Ceuta                | 0                         | 0                            | 0                    |
| Extremadura          | 17                        | 6                            | 11                   |
| <b>Galicia</b>       | <b>42</b>                 | <b>22</b>                    | <b>20</b>            |
| La Rioja             | 10                        | 5                            | 5                    |
| Madrid               | 498                       | 214                          | 284                  |
| Melilla              | 0                         | 0                            | 0                    |
| Murcia               | 18                        | 7                            | 11                   |
| Navarra              | 1                         | 1                            | 0                    |
| País Vasco           | 57                        | 24                           | 33                   |
| Com. Valenciana      | 115                       | 38                           | 77                   |
| <b>TOTAL</b>         | <b>1.323</b>              | <b>542</b>                   | <b>781</b>           |

*Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero*



Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

## Teleasistencia para vítimas da violencia de xénero

O servizo ATEMPRO para vítimas de violencia de xénero, dependente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a través da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, é unha modalidade baseada en tecnoloxías de comunicación telefónica móbil e de telelocalización telefónica que ofrece ás vítimas da violencia de xénero que contén cunha orden de protección ou medida de afastamento, unha atención inmediata e a distancia, asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que poidan acontecerlles as 24 horas do día, os 365 días do ano e independentemente do lugar onde se atopen

*Evolución das cifras de usuarias do servizo telefónico e protección móbil para vítimas de violencia de xénero en Galicia: decembro 2005- outubro 2011*


|                |                                      |            |
|----------------|--------------------------------------|------------|
| <b>Galicia</b> | Altas dende 2005                     | 1.230      |
|                | Baixas                               | 834        |
|                | <b>Usuarias en alta a 31/10/2011</b> | <b>396</b> |

**Por provincias:**

|                   |                                      |            |
|-------------------|--------------------------------------|------------|
| <b>A Coruña</b>   | Altas dende 2005                     | 639        |
|                   | Baixas                               | 436        |
|                   | <b>Usuarias en alta a 31/10/2011</b> | <b>203</b> |
| <b>Lugo</b>       | Altas dende 2005                     | 70         |
|                   | Baixas                               | 40         |
|                   | <b>Usuarias en alta a 31/10/2011</b> | <b>30</b>  |
| <b>Ourense</b>    | Altas dende 2005                     | 151        |
|                   | Baixas                               | 111        |
|                   | <b>Usuarias en alta a 31/10/2011</b> | <b>40</b>  |
| <b>Pontevedra</b> | Altas dende 2005                     | 370        |
|                   | Baixas                               | 247        |
|                   | <b>Usuarias en alta a 31/10/2011</b> | <b>123</b> |

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

Usuaris en alta a 31/10/2011 por provincia:




Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

No conxunto de España a cifra máis elevada de usuarias do servizo ATENPRO en alta ao remate de outubro de 2011, correspondía á Comunidade Valenciana (1.933), seguida de Andalucía (1.788), Cataluña (1.627) e Madrid (1.537). Só estas catro comunidades autónomas agrupaban ao 69,38% das usuarias en alta a finais do mes de outubro de 2011. Galicia, cun rexistro de 396 altas (4%) posicionábase nun noveno lugar.

*Usuaris en alta no servizo telefónico de atención e protección móbil para vítimas de violencia de xénero segundo CC.AA (a 31 de outubro 2011).*

|                      |      |
|----------------------|------|
| Andalucía            | 1788 |
| Aragón               | 45   |
| Asturias             | 444  |
| Baleares             | 149  |
| Canarias             | 575  |
| Cantabria            | 191  |
| Castilla - la Mancha | 477  |
| Castilla y León      | 286  |
| Cataluña             | 1627 |
| Ceuta                | 6    |
| Valencia             | 1933 |
| Extremadura          | 174  |
| Galicia              | 396  |
| La Rioja             | 50   |
| Madrid               | 1537 |
| Melilla              | 18   |
| Murcia               | 119  |
| Navarra              | 14   |
| País Vasco           | 95   |



Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

### Sistema de seguimento integral da violencia de xénero: VIOGEN

O Sistema de Seguimento Integral de violencia de xénero, coñecido como VIOGEN, é unha aplicación informática desenvolvida polo **Ministerio do Interior** que trata de integrar e coordinar todos os recursos operativos para protexer e asistir ás vítimas da violencia de xénero.

*Relación de policías locais en Galicia adheridas ao sistema de seguimento integral da violencia de xénero:*

|                   |                                      |
|-------------------|--------------------------------------|
| <b>A CORUÑA</b>   | A Coruña (2010)                      |
|                   | Ames (2011)                          |
|                   | Arteixo (2011)                       |
|                   | As Pontes de García Rodríguez (2011) |
|                   | Cambre (2011)                        |
|                   | Carballo (2011)                      |
|                   | Cerceda (2011)                       |
|                   | Ferrol (2011)                        |
|                   | Vimianzo (2011)                      |
|                   | Oleiros (2012)                       |
| <b>TOTAL:</b>     | <b>10</b>                            |
| <b>LUGO</b>       | ---                                  |
| <b>TOTAL:</b>     | <b>0</b>                             |
| <b>OURENSE</b>    | Ourense (2011)                       |
|                   | O Barco de Valdeorras (2011)         |
|                   | Ribadavia (2011)                     |
|                   | Carballiño (2011)                    |
|                   | Barbadás (2011)                      |
| <b>TOTAL:</b>     | <b>5</b>                             |
| <b>PONTEVEDRA</b> | A Estrada (2011)                     |
|                   | Baiona (2011)                        |
|                   | Bueu (2011)                          |
|                   | Caldas (2011)                        |
|                   | Lalín (2011)                         |
|                   | Marín (2011)                         |
|                   | O Grove (2011)                       |
|                   | Pontevedra (2011)                    |
|                   | Redondela (2011)                     |
|                   | Sanxenxo                             |
|                   | Vigo (2011)                          |
|                   | Vilagarcía (2011)                    |
| <b>TOTAL:</b>     | <b>12</b>                            |
| <b>TOTAL:</b>     | <b>27</b>                            |

Fonte: Delegación do Goberno en Galicia. Unidade de Coordinación de Violencia sobre a Muller

#### Capítulo IV: medidas no ámbito da formación e do emprego

Artigo 35. Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego.

Artigo 36. Plans de igualdade nas empresas.

Artigo 37. Obriga de confidencialidade no ámbito laboral.

❑ **Medidas específicas no ámbito da formación, do emprego e da prevención de riscos no posto de traballo**

A Xunta de Galicia a través da **Consellería de Traballo e Benestar**, leva a cabo as seguintes accións:

A **Comisión para a integración da igualdade nas políticas de prevención de relacións laborais**, órganos colexiado adscrito ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), ten como obxectivo asesorar e orientar nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais, en especial propoñendo directrices sobre a avaliación do risco para a saúde da traballadora embarazada, que dera a luz recentemente ou en período de lactación, así como asesorar as actuacións especiais en materia de prevención de riscos sobre sectores feminizados que realice a Administración pública autonómica.

Durante o ano 2011 a súa actividade centrouse na recompilación da información necesaria e a realización de actividades de sensibilización e difusión para a consideración da perspectiva de xénero nas políticas preventivas de administración e empresas. Realizou así mesmo accións de divulgación e sensibilización mediante a organización de dúas xornadas técnicas específicas.

- No ano 2011 formúlase por primeira vez en Galicia o “Programa de protección das traballadoras embarazadas, parto recente ou lactación”.

O artigo 26 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, indica a obriga da toma en consideración da posible repercusión sobre o embarazo ou a lactación das traballadoras na avaliación dos riscos, e as medidas pertinentes, caso de detección de riscos.

Pola súa banda o Real decreto 298/2009 inclúe dous anexos contendo unha lista non exhaustiva de axentes, procedementos e condicións de traballo que, respectivamente, poden influír negativamente na saúde das traballadoras nesta condición, ou aos que non se pode expoñer.

Durante o ano 2011 actuouse en máis de 300 empresas con centros de traballo en Galicia nas que se desenvolveron visitas de asesoramento e comprobación do cumprimento da legalidade da prevención de riscos laborais, e en particular avaliáronse as medidas preventivas establecidas para as mulleres embarazadas, en

lactación ou de parto recente. Recolléronse os resultados destas visitas nunha base de datos co obxecto de facer a posterior análise dos resultados.

- O ISSGA organizou dúas xornadas técnicas relacionadas coa prevención de riscos laborais no ámbito da igualdade: “O xénero na prevención de riscos laborais. Riscos e efectos das condicións de traballo na maternidade”. Ditas xornadas realizáronse nos centros do ISSGA da Coruña e Lugo.
- En todos os cursos de nivel básico en prevención de riscos laborais que imparte o ISSGA existe un módulo complementario para a integración da igualdade.
- Realizouse un estudo multidisciplinar dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais, desagregando os datos por sexo e fomentando así a correcta integración da perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais.
- Na extracción e tratamento dos datos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e na elaboración periódica de estatísticas de sinistralidade tívose en conta a perspectiva de xénero.
- De cara á investigación das enfermidades profesionais e as súas repercusións, no ano 2011 deseñouse unha base de datos coas variables comúns recollidas, coa finalidade de analizar resultados, carencias, infraccións, etc., incluíndo aspectos relacionados co xénero.

Como medidas salientables en 2011, tamén **no ámbito da formación e do emprego**, pódense mencionar as seguintes

- **As mulleres que sofren violencia de xénero** posúen a condición de **colectivo prioritario** para a participación en todas as ordes de convocatoria de **formación profesional para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar**.
- A orde do 30 de decembro de 2011, pola que se convocan subvencións para a programación de **accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas**, incorpora unha **axuda específica para as mulleres vítimas de violencia de xénero**, consistente en 10 euros por día en concepto de asistencia. Naquelas outras axudas contempladas na dita orde, nas que se establece límite de rendas para a súa percepción, quedan excluídos do cómputo das rendas os

ingresos do agresor, co fin de favorecer a autonomía das mulleres que estean en situación de violencia de xénero.

- O **Servizo Público de Emprego de Galicia** garante en todos os procedementos de selección que se efectúan a través das oficinas de emprego, a preferencia nos mesmos das mulleres que sofren violencia de xénero, sempre e cando cumpran a totalidade dos requisitos establecidos nas ofertas de emprego.
- En virtude do establecido na Orde do 2 de maio de 2006 (DOG nº 89, de 10 de maio) pola que se regula o **programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia**, en todas as medidas de emprego xestionadas, estas mulleres están contempladas como colectivo preferente. Así mesmo, teñen acceso preferente aos programas de mellora da empregabilidade, en concreto, aos servizos de orientación profesional e aos cursos de formación ocupacional; aos programas mixtos de formación-emprego, a través da súa participación en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego e aos programas de cooperación ou experienciais, a través dun contrato temporal de 12 meses de duración. Ao longo do ano 2011, foron contratadas ao abeiro dos Programas de Cooperación, un total de **147 mulleres vítimas de violencia**.

**Informes emitidos polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección en 2011 para os efectos da incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero ao Programa de inserción laboral.**

| PROVINCIA    | Nº INFORMES EMITIDOS |
|--------------|----------------------|
| A Coruña     | 105                  |
| Lugo         | 30                   |
| Ourense      | 56                   |
| Pontevedra   | 123                  |
| <b>TOTAL</b> | <b>314</b>           |

*Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia*

- Por último, indicar que dende a Unidade Administrativa de Igualdade, da **Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar**, ademais de prestarse apoio técnico en materia de xénero aos departamentos da consellería na área de traballo, levouse a cabo durante o ano 2011, : En colaboración coa

**Dirección Xeral de Relacións Laborais** e cos **Departamentos Territoriais**, unha análise relativa á revisión dos convenios colectivos desde unha perspectiva de xénero, coa finalidade de, no caso de detectar unha cláusula discriminatoria, informar ao Consello Galego de Relacións Laborais, quen se pronunciará sobre a conveniencia da intervención da autoridade laboral.

□ **Plans de igualdade nas empresas**

A **Dirección Xeral de Relacións Laborais**, da **Consellería de Traballo e Benestar**, publicou a Orde do 12 de maio de 2011 (DOG núm. 102, do 27 de maio) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres en Galicia, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo e se convocan para o exercicio 2011.

No marco desta orde regúlase a Liña I relativa ás axudas para a implantación de plans de igualdade nas empresas, cun orzamento inicial previsto de 279.868 €.

- A realización dunha diagnose da realidade da empresa desde a perspectiva de xénero
- A asistencia a cursos de formación en materia de igualdade
- A contratación de persoal con experiencia e/ou coñecementos en materia de igualdade para asesorar na elaboración e implantación dun plan de igualdade
- Os gastos derivados da contratación de empresas ou entidades externas especializadas en materia de igualdade coa finalidade anterior.

Concedéronse axudas a 52 das empresas solicitantes.

No artigo 19 da dita orde faise mención expresa ao artigo 36 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, establecendo como un dos criterios para a concesión destas axudas, a incorporación nos plans de igualdade de medidas de apoio á inserción, permanencia e promoción laboral das mulleres en xeral, e das que sofren violencia de xénero en particular, ou pola contratación de mulleres que sofren violencia de xénero.

## Capítulo V: medidas de carácter económico

Artigo 38. Valoración de rendas.

Artigo 39. Prestacións periódicas.

Artigo 40. Outras prestacións.

Artigo 41. Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia.

Artigo 42. Axudas escolares.

Artigo 43. Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións.

Artigo 44. Dereito de acceso á vivenda.

Artigo 45. Acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.

Artigo 46. Equipamentos sociais especializados.

### ❑ Valoración de rendas

Segundo o artigo 38 da Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, co fin de favorecer a autonomía das mulleres que estean en situación de violencia de xénero, e para os efectos do dereito a percibir a renda de integración social de Galicia e as outras axudas económicas previstas nesta lei, quedan excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor.

### ❑ Prestacións periódicas

#### Axudas de pagamento periódico

O Diario Oficial de Galicia publicou, con data 19 de xaneiro de 2011, a resolución do 14 de xaneiro de 2011, da **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten por obxecto establecer as bases que rexerán a concesión de axudas económicas individuais de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero.

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de

independencia económica respecto do agresor, condicións que lles posibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Os requisitos para percibir esta axuda eran:


- Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia e acreditar a situación de violencia derivada de convivencia con algún dos documentos seguintes: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local, informe dos servizos de acollida ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Ter cesado a convivencia co agresor dentro dos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude.
- Estar empadroada e residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade, nin a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

A contía da axuda, destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, establécese en función dos ingresos da solicitante en relación co indicador público de renda e efectos múltiples (IPREM) para o ano 2011 e calcúlase de acordo coas seguintes especificacións:

| Ingresos                                                                                                                                                               | Contía axuda por mes |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Renda $\leq$ IPREM                                                                                                                                                     | 600€                 |
| Renda $\leq$ IPREM e 1 fillo/a menor a cargo ou discapacidade da vítima $\geq$ 33 %                                                                                    | 650€                 |
| Renda $\leq$ IPREM e 1 fillo/a menor a cargo e este/a ou solicitante discapacidade $\geq$ 33 %                                                                         | 700€                 |
| Renda $\leq$ IPREM e 2 ou máis fillos/as menores a cargo                                                                                                               | 700€                 |
| Renda $\leq$ IPREM e 2 ou máis fillos/as menores a cargo e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33 %                                | 800€                 |
| Renda $\leq$ IPREM e 1 fillo/a menor a cargo e este/a ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 65 % ou recoñecido grao de dependencia                          | 800€                 |
| Renda $\geq$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM                                                                                                                            | 300€                 |
| Renda $\geq$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e 1 fillo/a menor a cargo ou discapacidade da vítima $\geq$ 33 %                                                           | 350€                 |
| Renda $\geq$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e 1 fillo/a menor a cargo e este/a ou solicitante discapacidade $\geq$ 33 %                                                | 400€                 |
| Renda $\geq$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e 2 ou máis fillos/as menores a cargo                                                                                      | 400€                 |
| Renda $\geq$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e 2 ou máis fillos/as menores a cargo e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33 %       | 500€                 |
| Renda $\geq$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e 1 fillo/a menor a cargo e este/a ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 65 % ou recoñecido grao de dependencia | 500€                 |

▪ N° DE BENEFICIARIAS DAS AXUDAS POR PROVINCIAS


| Provincia    | Beneficiarias |
|--------------|---------------|
| A CORUÑA     | 80            |
| LUGO         | 30            |
| OURENSE      | 34            |
| PONTEVEDRA   | 107           |
| <b>TOTAL</b> | <b>251</b>    |




▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NACIONALIDADE

| Nacionalidade | N° benef.  | %           |
|---------------|------------|-------------|
| Española      | 187        | 74,5%       |
| Arxentina     | 3          | 1,2%        |
| Boliviana     | 3          | 1,2%        |
| Brasileira    | 11         | 4,3%        |
| Búlgara       | 2          | 0,8%        |
| Colombiana    | 7          | 2,8%        |
| Cubana        | 1          | 0,4%        |
| Dominicana    | 1          | 0,4%        |
| Ecuatoriana   | 1          | 0,4%        |
| Marroquí      | 6          | 2,4%        |
| Mexicana      | 1          | 0,4%        |
| Nicaragüense  | 1          | 0,4%        |
| Pakistaní     | 1          | 0,4%        |
| Paraguaia     | 2          | 0,8%        |
| Peruana       | 1          | 0,4%        |
| Portuguesa    | 6          | 2,4%        |
| Rumana        | 6          | 2,4%        |
| Rusa          | 3          | 1,2%        |
| Senegalesa    | 1          | 0,4%        |
| Ucraniana     | 2          | 0,8%        |
| Uruguaia      | 3          | 1,2%        |
| Venezolana    | 2          | 0,8%        |
| <b>TOTAL</b>  | <b>251</b> | <b>100%</b> |

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia




| Nacionalidade | Nº benef. | %     |
|---------------|-----------|-------|
| Espanolas     | 187       | 74,5% |
| Estranxeiras  | 64        | 25,5% |
| Total         | 251       | 100%  |



▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO IDADE

| Idade        | N° benef.  | %           |
|--------------|------------|-------------|
| ≤ 20         | 8          | 3%          |
| 21-25        | 19         | 8%          |
| 26-35        | 88         | 35%         |
| 36-45        | 78         | 31%         |
| 46-55        | 41         | 16%         |
| 56-65        | 13         | 5%          |
| ≥ 66         | 4          | 2%          |
| <b>Total</b> | <b>251</b> | <b>100%</b> |


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NÚMERO DE FILLOS/AS

| N° fillos/as | N° benef.  | %           |
|--------------|------------|-------------|
| Ningún       | 86         | 34%         |
| 1            | 96         | 39%         |
| 2            | 53         | 21%         |
| 3            | 11         | 4%          |
| 4            | 5          | 2%          |
| <b>Total</b> | <b>251</b> | <b>100%</b> |


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS QUE ACREDITAN DISCAPACIDADE

| PROVINCIA    | Nº benef. con discap. | Nº benef. con fillas/os con discap. |
|--------------|-----------------------|-------------------------------------|
| A CORUÑA     | 10                    | 0                                   |
| LUGO         | 1                     | 0                                   |
| OURENSE      | 2                     | 3                                   |
| PONTEVEDRA   | 6                     | 1                                   |
| <b>TOTAL</b> | <b>19</b>             | <b>4</b>                            |

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



❑ **Outras prestacións**

**Axudas de pagamento único**

No Diario Oficial de Galicia do 11 de marzo de 2011 publicouse a resolución do 8 de marzo de 2011, da **Secretaría Xeral da Igualdade**, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O obxecto desta resolución é establecer as bases que rexen a concesión das axudas previstas nos devanditos textos legais. A finalidade das axudas establecidas na antedita lei orgánica é proporcionarlle apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero; a das indemnizacións previstas na lei galega é facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego.

Mediante esta resolución convócanse dúas liñas de axuda. Unha delas é a axuda económica de pagamento único para mulleres vítimas de violencia de xénero, que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia, acrediten insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego.

**Beneficiarias:**

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.

**Requisitos:**

- Ser vítima de violencia de xénero. A situación de violencia de xénero acreditarase coa orde de protección a favor da vítima, cando esta estea en vigor; coa sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección vixentes que acrediten a actualidade da situación de violencia e, excepcionalmente, co informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero, mentres non se dite a orde de protección.

- Estar empadroada e ter residencia en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter especiais dificultades para obter un emprego.
- Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

A axuda consiste na contía económica seguinte:

| Tipoloxía                                                                                                                                                     | Importe do subsidio de desemprego |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------|
| Con carácter xeral                                                                                                                                            | 6 meses                           |
| 1 familiar ou menor acollido pola vítima                                                                                                                      | 12 meses                          |
| Discapacidade da vítima $\geq 33\%$ (sen responsabilidades familiares)                                                                                        | 12 meses                          |
| 2 ou máis familiares ou menores acollidos pola vítima, ou 1 familiar e 1 menor.                                                                               | 18 meses                          |
| 1 familiar ou menor acollido pola vítima, e conxuntamente discapacidade da vítima ou da persoa dependente $\geq 33\%$                                         | 18 meses                          |
| 2 ou máis familiares ou menores (ou 1 familiar e 1 menor) acollidos pola vítima, e conxuntamente, discapacidade $\geq 33\%$ da vítima ou da persoa dependente | 24 meses                          |
| Vítima, ou familiar ou menor acollido con discapacidade $\geq 65\%$                                                                                           | 24 meses                          |

| Nº de concesión de axudas de pagamento único a mulleres vítimas de violencia de xénero |           |           |           |           |           |
|----------------------------------------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| PROVINCIA                                                                              | 2007      | 2008      | 2009      | 2010      | 2011      |
| A Coruña                                                                               | 24        | 7         | 1         | 18        | 13        |
| Lugo                                                                                   | 2         | 2         | 3         | 3         | 6         |
| Ourense                                                                                | 8         | 1         | 1         | 2         | 5         |
| Pontevedra                                                                             | 10        | 14        | 5         | 5         | 24        |
| <b>Total</b>                                                                           | <b>52</b> | <b>24</b> | <b>10</b> | <b>28</b> | <b>48</b> |


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2011 son os seguintes:

▪ **Nº DE BENEFICIARIAS POR PROVINCIA**

| Provincia    | Beneficiarias |
|--------------|---------------|
| A CORUNA     | 13            |
| LUGO         | 6             |
| OURENSE      | 5             |
| PONTEVEDRA   | 24            |
| <b>TOTAL</b> | <b>48</b>     |


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NACIONALIDADE


| Nacionalidade | Nº benef. | %            |
|---------------|-----------|--------------|
| Española      | 44        | 92%          |
| Argentina     | 1         | 2%           |
| Colombiana    | 1         | 2%           |
| Peruana       | 1         | 2%           |
| Portuguesa    | 1         | 2%           |
| <b>Total</b>  | <b>48</b> | <b>100,0</b> |

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia



| Nacionalidade | Nº benef. | %            |
|---------------|-----------|--------------|
| Española      | 44        | 92%          |
| Estranxeira   | 4         | 8%           |
| <b>Total</b>  | <b>48</b> | <b>100,0</b> |


Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO IDADE

| Idade        | Nº benef. | %            |
|--------------|-----------|--------------|
| ≤ 20         | 0         | 0%           |
| 21-25        | 5         | 10%          |
| 26-35        | 15        | 31%          |
| 36-45        | 17        | 36%          |
| 46-55        | 9         | 19%          |
| 56-65        | 2         | 4%           |
| ≥ 66         | 0         | 0%           |
| <b>Total</b> | <b>48</b> | <b>100,0</b> |


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NÚMERO DE FILLOS E FILLAS

| N° fillos/as | N° benef | %     |
|--------------|----------|-------|
| Ningún       | 7        | 15%   |
| 1            | 14       | 29%   |
| 2            | 23       | 48%   |
| 3            | 2        | 4%    |
| 4            | 2        | 4%    |
| Total        | 48       | 100,0 |


Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS QUE ACREDITAN DISCAPACIDADE

| PROVINCIA  | N° benef. con discap. | N° benef. con fillas/os ou p. dependentes con discap. |
|------------|-----------------------|-------------------------------------------------------|
| A CORUÑA   | 2                     | 0                                                     |
| LUGO       | 1                     | 0                                                     |
| OURENSE    | 0                     | 0                                                     |
| PONTEVEDRA | 5                     | 1                                                     |
| TOTAL      | 8                     | 1                                                     |

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia



- Procedemento abreviado para a percepción da Renda de Integración Social de Galicia e outros aspectos de impacto de xénero nas prestacións e programas de Inclusión Social da Xunta de Galicia

En primeiro lugar, debe destacarse que a modificación introducida no punto 10 do artigo 24 da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social pola Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que impón un prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude ata o aboamento efectivo de RISGA, ten un impacto limitado sobre o colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero na medida que existen outros recursos especificamente dirixidos a estas persoas.

Concretamente a existencia dunha prestación específica de maior contía que a RISGA, como é a prestación periódica para mulleres vítimas de violencia, que ten como finalidade proporcionar apoio económico específico nestes casos, fai que, con carácter xeral, aquelas mulleres que viñan cobrando a RISGA, opten por para pasar a cobrar a devandita prestación. Isto explicaría, entre outros factores, a diminución progresiva experimentada nos primeiros exercicios de implantación da dita prestación periódica, do número de persoas beneficiarias da a Renda de Integración Social de Galicia, e que se aproximaba en número ao de perceptoras desa prestación periódica .

Non obstante, hai que avaliar positivamente o cambio introducido no relativo a que non se considere ao agresor como integrante da unidade económica de convivencia e que as súas rendas individuais non computen como recursos económicos daquela. Con

esta medida, favorécese de maneira clara a posibilidade de beneficiarse da RISGA por parte das vítimas. Isto pode beneficiar de maneira especial a mulleres que xa se encontran percibindo a RISGA, que vén mellorada a cantidade percibida, cando menos en tanto non pasen a engrosar a nómina de perceptoras da prestación periódica concedida desde o departamento de Igualdade.

Cómpre, de maneira complementaria, indicar que:

- Para a implantación do novo procedemento de concesión da RISGA resulta esencial o labor desenvolvido polos **servizos sociais comunitarios** básicos e específicos, en concreto, polo/a profesional de referencia que se asigna á persoa perceptora da prestación, coa finalidade de dar coherencia ao itinerario de inclusión establecido na Lei.
- Ao mesmo tempo, as actuacións desenvolvidas polos servizos sociais comunitarios específicos no ámbito da inclusión social, como son as do II Plan Galego de Inclusión Social, priorizan á atención á mulleres en situación ou risco de exclusión social de forma xeral, e de forma específica á mulleres con fillos/as a cargo.

Desde a implantación do plan de inclusión social realizáronse actuacións con **15894** persoas, das cales **9117 eran mulleres (o 57.36% do total)**. En concreto realizáronse **291 itinerarios personalizados de inserción socio-laboral** a mulleres cuxa problemática principal era a violencia de xénero.

Por último, destacar, en relación coas medidas dirixidas á prevención e tratamento das mulleres vítimas de violencia de xénero, **no anteproxecto de Lei de Inclusión Social de Galicia**, existen importantes modificacións, con respecto a lei actual:

- Para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social teranse en conta a ausencia grave de recursos económicos e a situación de desemprego. Ademais, un dos factores concorrentes que se terán en conta para determinar a exclusión social das persoas é o de ter a condición de muller vítima de **violencia de xénero**.

- En relación ao cumprimento do requisito de residencia legal en España, quedan excluídas do seu cumprimento, as vítimas de **violencia doméstica ou de violencia de xénero** que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.
- En relación ao requisito de idade que establece a norma, ter máis de vinte e cinco anos, quedarán tamén exceptuadas (sempre que cumpran o resto de requisitos) as persoas maiores de dezoito anos que acrediten ser vítimas de violencia doméstica ou **violencia de xénero**.
- Nos principios xerais da nova Lei recóllese, expresamente, o **principio de acción positiva** no que se establece que, na aplicación das actuacións impulsadas pola norma manterase, de forma especial, unha actuación positiva a prol da igualdade de xénero. En concreto, dentro da unidade de convivencia da persoa solicitante e en condicións equiparables, aplicarase o **criterio de acceso preferente á titularidade das mulleres**; en igualdade de cumprimento dos requisitos de acceso, darase preferencia á titularidade da prestación a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia. Igualmente e en condicións equiparables, darase preferencia no acceso ao tramo de inserción como titular a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia.
- Asemade, na nova lei recóllese un **procedemento de tramitación abreviada** por razón de violencia de xénero, cando se reflicta no informe de valoración social que a persoa solicitante é vítima dunha situación de violencia de xénero, acreditada por calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, os trámites para a concesión da RISGA terán carácter de urxencia e tramitaranse con carácter prioritario ás demais solicitudes. O anterior será, así mesmo, de aplicación aos supostos acreditados de violencia doméstica.

Sinalar por último, que dado o actual momento de crise económica e de contención do gasto público, resulta fundamental reforzar as medidas de control que permitan unha utilización racional e eficiente dos recursos públicos e impidan situacións de solapamento no cobramento de prestacións económicas públicas. Neste senso, dado que o artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, permite “a sensu contrario” que tales datos poidan ser comunicados entre os departamentos da mesma Administración Pública, artellouse un procedemento que fai posible o cruzamento de datos entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Secretaría Xeral de Política Social, coa finalidade de evitar que se produza un aboamento simultáneo das prestacións económicas da súa respectiva competencia (prestación periódica e Risga). Este cruzamento lévase a cabo con carácter mensual, e xa permitiu detectar algún suposto de cobramento simultáneo das devanditas prestacións.

#### ❑ **Axudas escolares**

No ámbito de competencias **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, a través da Subdirección Xeral de Centros, e respecto á concesión de axudas escolares, na convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto, pódese como factor cualificado a situación de violencia de xénero no contorno familiar das/dos menores:

- Orde do 13 de maio de 2011 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos no curso escolar 2011/2012 en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria, 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria e en educación especial (artigos 4.2ºc) e 6.2º) (DOG núm. 104, do 31 de maio).
- Orde do 16 de maio de 2011 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario que cambien de idioma de acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos no curso escolar 2011/2012 en 3º e 4º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria (artigos 4.2ºc) e 6.2º) (DOG núm. 104, do 31 de maio)

Por outra banda, tamén dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Subdirección Xeral de Universidades, contéplase a situación de violencia de xénero para a solicitude de axudas por parte do alumnado universitario que por causa sobrevida ou imprevista teña dificultades económicas para continuar estudos:

- Orde do 30 de maio de 2011 pola que se establece o procedemento de concesión, baixo o réxim de concorrencia non competitiva de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, que por causa sobrevida ou imprevista teña dificultades económicas para continuar estudos (artigo 3) (DOG núm. 114, do 15 de xuño)

#### ❑ **Fondo Galego de Garantía de indemnizacións**

Mediante resolución do 8 de marzo de 2011, da **Secretaría Xeral da Igualdade** (DOG nº 49 do 11 de marzo de 2011) convócanse dúas liñas de axuda: as establecidas no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e as establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Esta segunda liña de axúdas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia. Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

#### **Beneficiarias:**

- As mulleres que sufran violencia de xénero.
- As persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

**Requisitos:**

- Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento.
- Que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.
- A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a el, sen que a contía máxima poida ser superior a 6.000 € por cada persoa beneficiaria.

| Nº mulleres beneficiarias no 2011 |      |         |            |       |
|-----------------------------------|------|---------|------------|-------|
| A Coruña                          | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
| 1                                 | 0    | 0       | 0          | 1     |

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- ❑ **Dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.**
- ❑ **Actuacións contempladas na Lei de Vivenda de Galicia.**

A Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, contempla as situacións de violencia de xénero mediante diversas previsións no texto da mesma. Así, nos artigos 53 e 54, contéplase a adxudicación de vivendas a este colectivo mediante o procedemento de adxudicación directa, evitando o procedemento xeral do sorteo. A estes efectos, o artigo 53 da Lei establece:

*“Reglamentariamente se determinarán as especificidades deste procedemento, de tramitación preferente e sumaria, que se garantirá en todo caso para as mulleres vítimas de violencia de xénero”.*

O artigo 55 engade:

*“En cada procedemento de adxudicación, a consellería competente en materia de vivenda poderá reservar vivendas para ser adxudicadas ás unidades familiares ou de convivencia que se atopen nalgunha das seguintes situacións (...):*

*e) Outras situacións consideradas de atención preferente pola administración competente en materia de vivenda, entre as que se inclúe a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero”.*

Por outra banda o artigo 76 da Lei, encadrado no capítulo III do Título III (Fomento do acceso á vivenda en réxime de aluguer) declara que:

*“As administracións públicas adoptarán medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en aluguer, cos obxectivos prioritarios de...favorecer o acceso á vivenda a sectores con dificultades, en particular ...aos colectivos sociais especialmente desfavorecidos ou en situación de exclusión social e ás mulleres vítimas de violencia de xénero”.*

Por último a disposición transitoria cuarta, titulada “Acceso á vivenda das mulleres vítimas de violencia de xénero, contempla que:

*“En tanto non se produza o desenvolvemento regulamentario da presente lei e dos artigos 44, 45 e concordantes da Lei para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, manterán plena vixencia as normas de rango regulamentario que regulen as condicións de acceso das mulleres vítimas de violencia de xénero á vivenda, en calquera modalidade de programa ou réxime xestionado pola Xunta de Galicia, sen prexuízo da aplicación directa dos principios e normas contidos nestas leis, se supuxeren un trato máis favorable.*

As actuacións realizadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas durante o ano 2011, son as que seguen:

- Actuacións en materia de axudas públicas para adquisición de vivenda:

**Subvención de 2.000 €** pola circunstancia de ser muller vítima da violencia de xénero (artigo 36.a/ do Decreto 402/2009 do 22 de outubro, polo que se regulan as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, Plan de Vivenda 2009-2012):

Segundo se desprende da base de datos, este organismo durante o ano 2011 non concedeu ningunha subvención en materia de adquisición de vivenda nos que concorre a circunstancia de ser muller vítima de violencia de xénero.

**Actuacións en materia de adxudicación de vivendas de promoción pública durante o ano 2011:**

O IGVS entregou 2 vivendas de promoción pública na Comunidade Autónoma de Galicia a mulleres vítimas de violencia de xénero de acordo co seguinte cadro:

| Provincia        | Concello             | N <sup>a</sup> . VPP |
|------------------|----------------------|----------------------|
| A Coruña         | A Coruña             | 1                    |
| Lugo             | X                    | 0                    |
| Ourense          | X                    | 0                    |
| Pontevedra       | Vilagarcía de Arousa | 1                    |
| <b>Total VPP</b> |                      | <b>2</b>             |

*Fonte: Instituto galego de Vivenda e Solo. Xunta de Galicia*

▪ **Actuacións no programa ALUGA (Decreto 84/2010): ano 2011**

No **Programa Aluga do Instituto Galego da Vivenda e Solo**, para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, se establecen e reforzan as medidas de discriminación positiva dirixidas a favorecer o acceso á vivenda en réxime de alugueiro ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

O novo **Programa Aluga** respecta, recolle e ampara as situacións creadas ao abeiro do extinto Programa de vivenda en aluguer (Decreto 48/2006), de forma que no ano 2010 se sucederon ambos programas sen interrupción na execución das medidas de fomento do aluguer en Galicia e na concesión e percepción das axudas previstas, das que se beneficiaron un total de **384 mulleres vítimas de violencia de xénero**.

Para acceder ao Programa Aluga as mulleres vítimas de violencia de xénero deben ter uns ingresos que non superen 3,5 veces o IPREM e estar inscritas na Sección 4ª do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia.

- Con carácter xeral teñen a consideración de colectivo prioritario e poden acceder ao programa aínda que non acaden os ingresos mínimos esixidos con carácter xeral (0,7 veces o IPREM), o que se denomina na normativa "colectivo cualificado".
- Poden obter unha vivenda a través do procedemento ordinario de adxudicación de vivendas en réxime de arrendamento ou a través do procedemento preferente e sumario de adxudicación directa previsto para este colectivo.

No ano 2011 adxudicáronse un total de **186 vivendas** á mulleres vítimas de violencia de xénero, 2 a través do procedemento ordinario e 184 polo procedemento específico de adxudicación directa.

| ANO 2011: Adxudicación de vivendas |                        |                      |       |
|------------------------------------|------------------------|----------------------|-------|
| PROVINCIA                          | Procedemento ordinario | Adxudicación directa | Total |
| A Coruña                           |                        | 66                   | 66    |
| Lugo                               |                        | 22                   | 22    |
| Ourense                            |                        | 20                   | 20    |
| Pontevedra                         |                        | 78                   | 78    |
| Galicia                            | 2                      | 184                  | 186   |

*Fonte: Instituto galego de Vivenda e Solo. Xunta de Galicia*

As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen preferencia para participar nos procedementos ordinarios de selección de arrendatarios e adxudicación de vivendas aínda que os seus ingresos acaden 3,5 veces o IPREM, fronte á regra xeral establecida para os demais colectivos que limita esta preferencia a que os ingresos anuais non superen 2,5 veces o IPREM.

Para poder acceder a unha vivenda incorporada ao programa polo **procedemento de adxudicación directa** é necesario o seguinte:

- Presentar o modelo de solicitude de adxudicación directa.
- Acreditar a condición de vítima de violencia de xénero e a necesidade de vivenda.
- Ter uns ingresos que non superen 3,5 veces o IPREM.
- Estar ou solicitar a inscrición ou anotación na Sección 4ª do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda xunto coa solicitude de adxudicación directa, como excepción a regra xeral de inscrición ou anotación previa.
- Informe favorable da Secretaría Xeral de Igualdade.

Unha vez formalizado o contrato de arrendamento poden percibir a axuda ás persoas inquilinas para o financiamento parcial da renda, fixada con carácter xeral nunha porcentaxe que vai desde o 30% ao 70% do prezo da renda do aluguer segundo tramo de ingresos; esta porcentaxe elévase en 10 puntos porcentuais, situándose entre o 40% e o 80% cando se trata de vítimas de violencia de xénero, de acordo coa seguinte escala:

| Axuda ás persoas inquilinas: contía subvención vítimas de violencia de xénero |                  |
|-------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| Tramo ingresos                                                                | Prezo da renda % |
| Ata 1 vez o IPREM                                                             | 80%              |
| De 1 ata 2 veces o IPREM                                                      | 70%              |
| De 2 a 2,5 veces o IPREM                                                      | 60%              |
| Máis de 2,5 a 3,5 veces o IPREM                                               | 40%              |

A axuda ás persoas inquilinas concédese por un período de doce meses e pódese percibir ata un máximo de 5 anualidades.

Durante o ano 2011 percibiron este tipo de axuda **590 vítimas** de violencia de xénero, das que 186 accederon a unha vivenda do programa por primeira vez (contratos novos) e **404 percibiron a axuda pola prórroga do contrato** de arrendamento subscrito con anterioridade no marco do programa.

| ANO 2011: Beneficiarias das axudas ás persoas inquilinas |                 |                     |            |
|----------------------------------------------------------|-----------------|---------------------|------------|
| PROVINCIA                                                | Contratos novos | Prórrogas contratos | Total      |
| A Coruña                                                 | 66              | 208                 | 274        |
| Lugo                                                     | 22              | 34                  | 56         |
| Ourense                                                  | 20              | 44                  | 64         |
| Pontevedra                                               | 78              | 118                 | 196        |
| <b>Galicia</b>                                           | <b>186</b>      | <b>404</b>          | <b>590</b> |

Fonte: Instituto galego de Vivenda e Solo. Xunta de Galicia

No ano 2011, o importe total das axudas concedidas a vítimas de violencia de xénero ascendeu a 1.976.292,24 €.

- o Informes emitidos dende a Secretaría Xeral da Igualdade para os efectos da concesión de vivenda en aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2011.

| PROVINCIA    | Nº informes emitidos |
|--------------|----------------------|
| A Coruña     | 80                   |
| Lugo         | 35                   |
| Ourense      | 34                   |
| Pontevedra   | 140                  |
| <b>TOTAL</b> | <b>289</b>           |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- Equipamentos sociais especializados.

Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou adultas con discapacidade



- Ao abeiro do Protocolo de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou adultas con discapacidade, dende a Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar, fíxose unha reserva específica de prazas nalgúns centros co fin

de darlle preferencia nos ingresos residenciais ás persoas con conflitos derivados da violencia de xénero.

- No ano 2011 dende a Secretaría Xeral de Política Social, coordinouse a elaboración da Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou adultas con discapacidade.

Neste documento contéplase:

- o Que o Teléfono Social será o recurso a través do que se canalicen as consultas ou denuncias que se presenten por este malos tratos.
- o Protocolos de actuación para os/as técnicos e profesionais dos diferentes axentes sociais que interveñen neste tipo de procesos.
- o A habilitación de prazas en determinados centros de persoas maiores ou con discapacidade para as persoas que sexan vítimas de malos tratos e teñan que ser protexidas de forma urxente por correr perigo a súa vida e temporalmente mentres non se fai a intervención axeitada ou se xestiona o recurso idóneo.
- o A creación dun rexistro de persoas maltratadas.

Na elaboración deste documento participaron técnicas da Secretaría Xeral da Igualdade, e en todas as intervencións que se fagan neste senso vaise poder desagregar a variable sexo e poñerse en coñecemento dese departamento cantas actuacións se efectúen con vítimas de violencia de xénero.

#### **Plan de acción integral para as persoas con discapacidade 2010-2013**

Dentro do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade 2010-2013, inclúense, dentro da área 2 dedicada á igualdade de xénero e transversalidade, as seguintes liñas de actuación:

- o Consolidar o apoio a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou procedentes de casas de acollida na formación profesional, na contratación e no emprendemento, considerando de maneira especial á quen ten algunha discapacidade.
- o Instar á elaboración e publicación de estatísticas sobre violencia de xénero en Galicia, identificando e analizando os casos de violencia exercida contra mulleres que presentan algunha discapacidade.

- o Considerar de maneira especial ás mulleres con discapacidade nas campañas de sensibilización sobre violencia de xénero
- o Impartir formación específica aos colectivos profesionais que atenden a mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero (xustiza, sanidade, servizos sociais, forzas e corpos de seguridade, etc.).
- o Adaptar os materiais e protocolos de actuación en materia de violencia de xénero para atender os casos de mulleres con discapacidade, adecuándoos ás diferentes tipoloxías de discapacidade.

Dentro da área 8, dedicada á saúde e atención sociosanitaria destácanse dúas actuacións:

- o Desenvolver a información dentro dos cursos de preparación ao parto e de coidados de fillos/as, en formatos axeitados, de maneira que resulten accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade, dirixida a mulleres embarazadas con algunha discapacidade.
- o Colaborar na difusión da información accesible (lectura fácil, braille...) sobre os diversos aspectos relacionados coa maternidade, dirixida a mulleres con dificultades por motivo da súa discapacidade.

#### **Estudo sobre discapacidade e xénero: unha aproximación á situación das mulleres con discapacidade en Galicia.**

Co estudo, elaborado en 2011, preténdese analizar a situación en Galicia e comprobar se as diferenzas comentadas se producen tamén na nosa comunidade, e sendo así, como e en que grao teñen lugar esas desigualdades entre mulleres e homes con discapacidade. Para iso procedeuse cunha metodoloxía de investigación cualitativa porque convén que se estude a influencia do xénero a partir do discurso das persoas afectadas, dos seus departamentos, das súas actitudes de comportamentos, xa eu os estereotipos e prexuízos operan no imaxinario colectivo. Deste xeito, as persoas con discapacidade son obxecto do estudo á vez que suxeitos activos do mesmo.

O documento combina a análise de datos estatísticos de tres fontes secundarias, máis dúas análises cualitativas, e conta cun apartado de conclusións de cada un dos grandes

capítulos de análise e con recomendacións de actuación en dous dos capítulos de estudo cualitativo.

#### **Procedemento de emerxencia social para persoas en situación de dependencia.**

O Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes inclúe, no seu articulado, os supostos de emerxencia social. Non obstante, o dito procedemento regúlase expresamente Na Orde do 2 de xaneiro de 2012 que desenvolve o citado Decreto 15/2010.

O procedemento de emerxencia social para persoas en situación de dependencia **aporta ao tratamento integral da violencia de xénero un procedemento de actuación**, tendo en conta que a maior porcentaxe de persoas en situación de dependencia son mulleres.

Son situacións de emerxencia social aquelas que, debidamente documentadas e obxectivadas, impliquen:

- Unha situación de desamparo ou abandono
- Malos tratos físicos e/ou psíquicos
- Situacións de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica

A estes casos daráselle prioridade na tramitación de xeito que se facilite ás persoas nesta situación a asignación dun recurso pola vía de emerxencia.

No ano 2011 deseñouse como instrumento técnico dirixido aos traballadores e traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios e de saúde de Galicia, que traballan en materia de dependencia, un **Protocolo de actuación ante situacións de risco**, entre as que se atopa a situación de violencia de xénero, de tal forma que se produza unha intervención de xeito inmediato.

### 03.4 Titulo III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero.

Faise referencia á organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada, mediante a coordinación establecida desde a Rede galega de acollemento, incorporando todos os servizos e programas para a información, atención e recuperación das mulleres.

Artigo 47.-Criterios básicos.

Artigo 48.-Rede galega de acollemento.

Artigo 49.-Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero.

Artigo 50.-Rede de información ás mulleres.

Artigo 51.-Servizo de Atención 24 horas.

Artigo 52.-Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

Artigo 53.-Puntos de encontro familiar.

Artigo.54 Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.

Artigo 55.-Titularidade e xestión dos servizos.

Artigo 56.-Confidencialidade da información.

#### ❑ Rede galega de acollemento

Os diferentes centros de acollida, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, son recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e as e os menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefesión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

Están atendidos por equipos multidisciplinares que dan cobertura integral de atención e/ou recuperación: atención psicolóxica, educativa, sociolaboral, xurídica así como o favorecemento da normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade persoal e a superación dos efectos da violencia de xénero.

As normas e requisitos específicos dos centros establécense regulamentariamente.

#### ▪ Casas de acollida

Ante a situación de indefensión en que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos e as súas fillas, a Xunta de Galicia ten articulada unha rede de casas de acollida para mulleres maltratadas, cunha conexión entre elas, de tal xeito que as mulleres galegas que o precisen, por atoparse na referida situación de indefensión, teñan un lugar de referencia onde acudir.


En colaboración cos concellos e outras institucións vense prestando, en distintas localidades, este servizo dirixido a mulleres que sofren malos tratos e ás súas fillas e aos seus fillos, co obxecto de que dispoñan dun tempo e un espazo no que poidan reorientar a súa situación persoal, facilitándolles as ferramentas elementais, tanto económicas coma psicosociais. O orzamento destinado no ano 2011 á colaboración con estes concellos foi de 230.000 euros.

Ante as graves situacións derivadas da violencia contra as mulleres no ámbito familiar e a dificultade para moitas delas de reorganizar a súa vida nun prazo de tempo breve, articulouse así mesmo unha rede de pisos tutelados para acoller a aquelas mulleres que, despois de residir temporalmente nunha casa de acollida, necesitan, aínda sen correr riscos graves, un tempo máis prolongado para a súa inserción laboral e independencia económica. Permítelles contar con aloxamento compartido con outras mulleres en situacións similares durante o tempo necesario para establecer a súa propia vivenda independente e/ou canalizar o seu proxecto de vida, evitando precipitacións que impidan tomar as decisións máis axeitadas en cada caso.

| CASAS DE ACOLLIDA |            |                       |
|-------------------|------------|-----------------------|
| Provincia         | Nº centros | Titularidade          |
| A Coruña          | 3          | Municipal             |
| Lugo              | 1          | Municipal             |
| Ourense           | 1          | Municipal             |
| Pontevedra        | 1          | Municipal /autonómica |


*Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia*

Nº CENTROS DE ACOLLIDA POR PROVINCIA



| Nº PERSOAS USUARIAS NO ANO 2011 |           |           |             |
|---------------------------------|-----------|-----------|-------------|
| Localidade                      | Mulleres  | Menores   | % ocupación |
| A Coruña                        | 31        | 20        | 65%         |
| Lugo                            | 10        | 11        | 44%         |
| Ourense                         | 28        | 32        | 60%         |
| Culleredo                       | 1         | 2         | 47%         |
| Ferrol                          | 21        | 16        | 67%         |
| <b>Total</b>                    | <b>91</b> | <b>81</b> |             |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- Centro de emerxencia de Vigo para mulleres vítimas da violencia de xénero

O Centro de emerxencia de Vigo para mulleres vítimas da violencia de xénero é un Centro da Rede Galega de Acollemento nos termos previstos na lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, xestionado de maneira integral polo **Consortio Galego de Igualdade e Benestar** (adscrito á Consellería de Traballo e Benestar), e coa colaboración da **Secretaría Xeral da Igualdade**. Ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e as persoas delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirilles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

- ***Prazas***

O número de prazas do CEMVI é de 20, contando tanto mulleres como persoas dependentes delas.

- ***Atención continuada e estancia máxima:***

O Centro de Emerxencia garante unha atención continuada as usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos. A estancia máxima de permanencia do centro é de tres meses, e cumprido este prazo só se admitirá prórroga nos casos excepcionais, nos termos previstos na lexislación vixente.

Outra prestación que o centro continua ofrecendo para mellorar a atención ás mulleres e vítimas de violencia de xénero inmigrantes, é o servizo de teletradución, que ofrece sen custe a Secretaría Xeral da Igualdade, e facilita a comunicación en 51 idiomas.

- ***Equipa do CEMVI***

Realizouse unha consolidación da equipa do CEMVI, tendo durante todo o ano 2011, a seguinte composición: 3 persoas de servizos xerais, 3 educadoras sociais, 1 psicóloga, 1 traballadora social, 1 avogada e a directora.

O Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar estableceu a posibilidade de dispor de xeroculturas e outro persoal especializado no caso de ingresos de persoas

con discapacidade que precisen de axuda ou terceira persoa. No ano 2011, non foi preciso utilizar este servizo.

▪ ***Criterios de ingreso:***

Admítese no centro de emerxencia ás mulleres maiores de idade, vítimas de malos tratos físicos, psíquicos, económicos ou sexuais e ás persoas delas dependentes que requiran un aloxamento inmediato e urgente ou carezan de recursos propios para afrontar a situación.

*Condicións especiais de acceso:*

1. As mulleres con problemas de drogadicción e/ou alcoholismo só poden ingresar, logo da correspondente valoración, se están nun programa de deshabitución con seguimento terapéutico ou médico, debidamente acreditado por un informe do seu médico/a ou terapeuta. En ningún caso se permite a estancia no centro se existe un consumo activo de substancias e/ou alcohol.
2. As mulleres con trastornos mentais graves deben acreditar a través de informe psiquiátrico, que conservan unha capacidade funcional axeitada para a súa integración no centro. Non se permite o ingreso no caso de trastornos mentais graves en fase aguda, sintomatoloxía activa ou descompensada.
3. No caso de mulleres que padezan unha enfermidade infecto-contaxiosa, poden ingresar sempre que acompañen informe médico no que se valoren os riscos que poidan existir para as outras persoas coas que convivan, así como a viabilidade das medidas e coidados que sexan necesarios poñer en práctica.
4. No caso de mulleres que exerzan a prostitución será necesario que manifesten o compromiso de abandonar o exercicio activo da mesma durante a estancia no centro.

▪ ***Intervencións:***

- Intervención social: inclúe o coñecemento da realidade familiar e o entorno social que influirá na intervención que se leve a cabo, asesoramento laboral para a búsqueda de emprego ou mellora da súa formación, información sobre prestacións económicas, de vivenda, recursos da comunidade, asociacións de mulleres, coordinación con outros servizos e recursos para completar o diagnóstico e a intervención e a realización de informes sociais.

Os eidos de actuación máis concretos son: prestacións económicas, escolarización dos/as nenos/as, ámbito sanitario, ámbito laboral, vivenda

No eido socio-laboral matívose a realización de dous obradoiros coas mulleres usuarias do CEM: obradoiro de inserción laboral e obradoiro de economía familiar.

Neste ano 2011, realizáronse reunións de coordinación con entidades de iniciativa social co gallo de facilitar recursos e medios as mulleres que residen no CEMVI, cara a súa saída.

- Intervención psicolóxica: dirixida á recuperación psicolóxica das mulleres do Centro, ten como obxectivo a mellora das secuelas traumáticas a nivel emocional, cognitivo e conductual. Ademais promove a internalización de comportamentos e roles igualitarios.

Dente este ámbito traballouse coas mulleres a nivel individual e grupal. Os principais obxectivos son:

- \* Visibilizar a violencia sufrida por parte das mulleres maltratadas e aliviar así, a súa culpa e confusión.
- \* Favorecer a toma de conciencia e o desenvolvemento persoal como muller.

- Intervencións programadas das Educadoras Sociais: cada muller ten unha educadora de referencia que é a encargada de reforzar e apoiar as necesidades desa muller. Existe igualmente unha educadora para as fillas e fillos das mulleres, que traballa todo aquilo que afecta á relación materno-filial así como ao crecemento da ou do menor.

- Intervención da avogada: A avogada do CEMVI asesora ás mulleres sobre a súa situación e dereitos, e tamén serve de enlace cos diferentes profesionais que lles corresponden por xustiza gratuita. O 100% das mulleres do CEMVI utiliza o servizo de xustiza gratuita

▪ **Datos 2011:**

• **Cifras de ocupación:**


| CIFRAS DE OCUPACIÓN |    |
|---------------------|----|
| Mulleres            | 40 |
| Menores             | 20 |
| TOTAL               | 60 |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

• **Usuarias segundo procedencia:**

| Procedencia das usuarias |       | %   |
|--------------------------|-------|-----|
| Provincia de Pontevedra  | Vigo  | 38% |
|                          | Resto | 36% |
| Provincia da Coruña      |       | 9%  |
| Provincia de Lugo        |       | 0%  |
| Provincia de Ourense     |       | 11% |
| Resto de España          |       | 7%  |

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



• **Usuarias segundo nacionalidade:**


| Nacionalidade | %       |
|---------------|---------|
| Española      | 62,23 % |
| Estranxeira   | 37,77%  |

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo

• **Mulleres e persoas dependentes**

| SITUACIÓN             | %      |
|-----------------------|--------|
| Soas                  | 64,44% |
| con 1 menor           | 22,22% |
| Con 2 menores         | 6,66%  |
| Con 3 ou máis menores | 4,44%  |


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



- Derivacións de ingresos

| Organismo        | %º DERIVACIÓNS |
|------------------|----------------|
| C.I.M.           | 51%            |
| Servizos Sociais | 9%             |
| Policía Nacional | 9%             |
| Garda Civil      | 7%             |
| Xulgados         | 2%             |
| Hospitais        | 2%             |
| Asociacións      | 9%             |
| Outras CC.AA     | 4%             |
| Outros           | 7%             |


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



• **Idades vítimas**

| IDADE | %   |
|-------|-----|
| 18-20 | 2%  |
| 21-25 | 11% |
| 26-30 | 16% |
| 31-35 | 31% |
| 36-40 | 20% |
| 41-45 | 2%  |
| 46-50 | 2%  |
| 51-55 | 7%  |
| 56-60 | 7%  |
| 61-65 | 2%  |


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



• **Relación cos agresores**

| Relación              | Porcentaxe |
|-----------------------|------------|
| Cónxuxes              | 38%        |
| Parellas de feito     | 27%        |
| Mozos con convivencia | 22%        |
| Mozos sen convivencia | 9%         |
| Pais                  | 2%         |


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



- *Promedio de estancia no CEMVI*

|                      | Porcentaxe |
|----------------------|------------|
| INGRESOS PROVISORIOS | 31%        |
| 11-30 Días           | 20%        |
| 31-45 Días           | 11%        |
| 46-60 Días           | 8%         |
| 61- 75 Días          | 6%         |
| 76-90 Días           | 8%         |
| > 90 Días            | 17%        |

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



- **Vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación sexual e trata**

O artigo 29.3 de Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Por outra banda, o artigo 47.1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren

violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

Dende a ratificación por España do Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos e en relación coa expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas, prexudicadas ou testemuñas na trata de seres humanos, que poidan cooperar ou colaborar coas autoridades competentes, recóllese a obriga de prestarlles unha atención integral, recoñecéndoselles un período de reflexión establecido en 30 días e durante o que terán garantida a subsistencia, asistencia social e xurídica.

Froito de senllos convenios de colaboración asinados en 2011 entre a **Secretaría Xeral da Igualdade** e dúas entidades de iniciativa social, para os que se destinou un orzamento total de 70.000 euros. Estas entidades, que xa contaban con dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, integran nos seus dispositivos unha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

A vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual (situación de persoas explotadas, estigmatización e rexeitamento social que soportan, dificultades do idioma, medo, situación de inmigración ilegal) ponse especialmente de manifesto cando as mulleres deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan; por iso **dende a Secretaría Xeral da Igualdade** considérase prioritario fomentar toda actividade desenvolvida ao respecto e colaborar con aquelas entidades, como é o caso, que contan con centros e persoal propio para prestar un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación destinados a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades.

| PERSOAS BENEFICIARIAS |           |          |
|-----------------------|-----------|----------|
| Provincia             | Mulleres  | Menores  |
| A Coruña              | 10        | 0        |
| Ourense               | 10        | 9        |
| <b>Total</b>          | <b>20</b> | <b>9</b> |

*Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia*

- ❑ **Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero.**

O Centro de Recuperación Integral é unha obriga contida na lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, un recurso que desenvolverá un modelo de atención integral baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.

O Centro de Recuperación Integral ubicarase en Santiago de Compostela, proporcionará asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia, unha vez rematada a primeira fase da súa atención nos centros da rede galega de acollemento.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Secretaría Xeral da Igualdade remataron o deseño do modelo de intervención ao que se axustará o Centro de Recuperación Integral, as súas características e servizos a prestar, sempre desde un enfoque integrador e cunha perspectiva de xénero. O Consorcio xestionará as devanditas instalacións conforme á normativa sobre centros de servizos sociais e de acollida de mulleres vítimas da violencia de xénero, e en aras ao convenio asinado, promoverá a adxudicación do proxecto para, a continuación, proceder ao inicio das obras de reforma necesarias no edificio cedido a tal fin polo Concello de Santiago. A Secretaría xeral da Igualdade dará apoio e coordinación técnica para a súa posta en funcionamento.

No Diario Oficial de Galicia do 22 de xullo de 2011 publicouse a resolución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se licitaba a contratación da obra de reforma e acondicionamento do edificio que albergará o Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia.

Con data 19 de setembro de 2011 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar adjudicou as obras de acondicionamento do Centro, por importe de 390.000 euros.

Unha vez que comezada as ditas obra, e tras a presentación da documentación por parte do adjudicatario e a sinatura do contrato, a empresa dispón dun prazo de seis meses para completar a execución. Esta actuación está cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do actual programa operativo.

#### ❑ **Rede de información ás mulleres**

A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade e en colaboración coas entidades locais, dispón dunha rede de información ás mulleres distribuída polo territorio galego e a través da cal se desenvolven accións de carácter preventivo e de sensibilización; serven como recurso facilitador de información, orientación, derivación e seguimento as mulleres que sofren violencia de xénero.

A rede de información ás mulleres funciona en estrita colaboración cos servizos sociais, sanitarios e de orientación escolar, así como cos servizos de urxencia e seguridade cidadá.

##### ▪ **Centros de Información ás Mulleres**

Mediante resolución do 5 de abril de 2011 do **Secretaría Xeral da Igualdade** establecéronse as bases reguladoras das axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade e procedeuse á súa convocatoria, coa finalidade de e ten por colaborar economicamente coas entidades locais na promoción das condicións necesarias para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes, apoiando a realización de actuacións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades e de trato, a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida e a erradicación da violencia de xénero.

As entidades locais, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, son os axentes idóneos para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, para previr e

erradicar a violencia de xénero, para o establecer as condicións que posibiliten a participación das mulleres en todas as esferas da vida, e para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de todas as persoas, mulleres e homes".

O crédito destinado a estas axudas para o ano 2011 foi de 3.748.862 euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo nun 80%.

A convocatoria englobou tres liñas de colaboración coas entidades locais:


- 1.- A promoción da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- 2.- O fomento da conciliación
- 3.- Programa de apoio aos Centros de Información ás Mulleres , que ten a finalidade de garantir a prestación dun servizo de atención ás mulleres que lles proporcione asesoramento xurídico e psicolóxico, información sobre os recursos específicos existentes, así como o desenvolvemento de actividades formativas vinculadas á empregabilidade feminina e calquera outra actividade que teña como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Accións subvencionables:

- Existencia no cadro de persoal de postos de traballo vinculados ao CIM e ocupados por persoal funcionario ou laboral para o desempeño das funcións de dirección do departamento, asesoramento xurídico, asesoramento psicolóxico, animación sociocultural, fomento e dinamización da cooperación entre os CIM ou axentes de igualdade.
- Contratación eventual ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico e psicolóxico e/ou para levar a cabo as funcións de animación sociocultural fomento e dinamización da cooperación entre os CIM ou axentes de igualdade.


| Nº CIMs POR PROVINCIA<br>31/12/2011 |           |
|-------------------------------------|-----------|
| PROVINCIA                           | Nº CIMs   |
| A Coruña                            | 28        |
| Lugo                                | 11        |
| Ourense                             | 14        |
| Pontevedra                          | 26        |
| <b>TOTAL</b>                        | <b>79</b> |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



| PROVINCIA    | Nº DE CONSULTAS 2011 |                 |
|--------------|----------------------|-----------------|
|              | Nº CONSULTAS         | Nº CONSULTANTES |
| A Coruña     | 34.614               | 15.615          |
| Lugo         | 15488                | 5472            |
| Ourense      | 4778                 | 4054            |
| Pontevedra   | 27.887               | 12.830          |
| <b>TOTAL</b> | <b>82.767</b>        | <b>37.971</b>   |


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



■ N° DE CONSULTAS POR AREA

|                              |               |
|------------------------------|---------------|
| ÁREA XURÍDICA                | 30.460        |
| ÁREA ORIENTACIÓN PROFESIONAL | 979           |
| ÁREA EMPREGO                 | 2.345         |
| ÁREA DE RECURSOS             | 12.902        |
| ÁREA INFORMACIÓN DA SXI      | 917           |
| ÁREA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA | 34.701        |
| OUTRAS                       | 463           |
| <b>TOTAL CONSULTAS</b>       | <b>82.767</b> |


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ CARACTERÍSTICAS DAS PERSOAS CONSULTANTES


| SEXO DAS PERSOAS CONSULTANTES |        |
|-------------------------------|--------|
| Mulleres                      | 34.468 |
| Homes                         | 3.503  |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




| IDADE       |        |
|-------------|--------|
| Menos de 15 | 1.314  |
| De 16 A 20  | 1.002  |
| De 21 A 25  | 1.748  |
| De 26 A 35  | 7.935  |
| De 36 A 45  | 12.167 |
| De 46 A 55  | 6.990  |
| 56 ou mais  | 6.815  |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




| Nº DE FILLAS / FILLOS |        |
|-----------------------|--------|
| Ningún                | 7.284  |
| Un                    | 11.307 |
| Dous                  | 13.463 |
| Tres                  | 4.158  |
| Catro ou mais         | 1.759  |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




| HABITAT |        |
|---------|--------|
| Rural   | 20.225 |
| Urbano  | 17.746 |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



| TRABALLA |        |
|----------|--------|
| Non      | 24.452 |
| Si       | 13.519 |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Acordo de cooperación para a posta en marcha do proxecto europeo CEDIM.

En 2011 a Secretaría Xeral da Igualdade, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, a Comissão para a Cidadanía e a Igualdade de Género de Portugal e a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, asinaron un acordo de cooperación para a posta en marcha do proxecto europeo CEDIM que realizan en conxunto, dentro do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, POCTEP, 2007-2013.

Este proxecto ten como obxectivo mellorar as condicións de vida das mulleres da zona transfronteiriza, entre Galicia e Portugal, dotándoas de formación, información e recursos baixo a utilización compartida de equipamentos e servizos, o que permitirá un mellor aproveitamento e mellor atención ás mulleres, especialmente no que se refire á súa formación e ao emprego.

Entre esas infraestruturas está a creación de catro novos Centros compartidos de Dinamización Integral para as mulleres, tres en Galicia e un en Portugal, que realizarán actividades de información, formación e orientación das mulleres raianas; Estes centros estarán ubicados nos concellos fronteirizos pontevedreses de Tui e A Cañiza e no ourensano de Monterrei, tamén fronteirizo; No caso de Portugal, estará localizado no concello de Vila Verde.

Ademais, o acordo prevé o traballo en rede destes centros , a creación da figura de "dinamizadora de centros compartidos" e a organización de seminarios de formación e intercambio de experiencias dirixidos a usuarias do proxecto e a profesionais que traballen na atención ás mulleres.

Realizarase previamente un estudo para coñecer as necesidades técnicas e persoais dos servizos existentes, e para mellorar as sinerxias da cooperación e da xestión conxunta para a integración socioeconómica e institucional.

O proxecto tamén realizará a identificación e difusión do mapa de recursos transfronteirizos para a promoción da igualdade, e creará unha plataforma web na que se promoverá a incorporación laboral das mulleres a través de mecanismos que faciliten o teletraballo e a optimización das oportunidades existentes no mercado laboral transfronteirizo entre Galicia e o norte de Portugal.

A idea deste proxecto xurdiu da necesidade de dotar á área de intervención do proxecto de mellores recursos en materia de igualdade, e facelo de forma coordinada entre Galicia e o norte de Portugal para utilizar recursos conxuntos que poidan mellorar a situación das mulleres, especialmente no que se refire á súa formación e ao emprego.

O espazo territorial transfronteirizo no que se desenvolve este proxecto é un área de ampla tradición colaborativa e estreitos vínculos sociais, económicos e culturais

que, por primeira vez a través do proxecto CEDIM, van facerse extensivos ás políticas de igualdade entre mulleres e homes.

Para mellorar a cualificación, as condicións de empregabilidade, o emprendemento e as oportunidades das mulleres cun criterio de eficacia, estes centros transfronteirizos adecuarán as actividades dinamizadoras ao perfil das demandantes, en eidos como a formación ou a orientación laboral.

A **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica** contribuirá á “Rede Transfronteiriza de Centros Dinamizadores para Mulleres” a través da infraestrutura da Rede de Centros para a Modernización e a Innovación Tecnolóxica (CeMIT), priorizando a participación nos cursos de formación en novas tecnoloxías daquelas mulleres que acudan aos centros transfronteirizos. O obxectivo é capacitalas nun ámbito, o tecnolóxico, ao que polo seu perfil, no teñen fácil acceso. Esta liña de colaboración permitirá mellorar a eficiencia dos recursos existentes a ambos os dous lados da fronteira e a situación das mulleres, especialmente no que se refire á formación e ao emprego.

#### **Participación no proxecto europeo de dinamización dos centros de información ás mulleres, denominado REDECIM**

O proxecto europeo REDECIM no que participan a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, a Comissão para a Cidadania e Igualdade de Género de Portugal, e a Dirección General de la Mujer da Junta de Castilla y León, ten como obxectivo a promoción de redes de intercambio, experiencias, resultados e boas prácticas dos centros de información ás mulleres dos territorios participantes, así como a creación de plataformas de experimentación para o desenvolvemento conxunto de servizos, metodoloxías, ferramentas e produtos que fomenten a aprendizaxe mutua de novos enfoques e novos modelos de xestión e dinamización dos CIM.

No proxecto REDECIM participan activamente un número significativo de concellos, decidindo as actuacións a levar a cabo, presentando propostas e partillando boas prácticas co resto dos centros dos territorios vinculados a este proxecto: Portugal e Castilla e León.

No eido deste proxecto, xa está en marcha a Escola virtual da Igualdade, que facilita cursos de formación online específicos para o persoal destes centros. Así mesmo, estase traballando na protocolización dos procesos desenvolvidos polas/os profesionais destes centros, o que reverterá na mellora da calidade dos servizos prestados á cidadanía.

No marco do proxecto tamén se encadra a posta en funcionamento dunha ferramenta para a xestión dos datos da actividade diaria, o que permitirá coñecer e avaliar máis rapidamente os resultados da labor realizada, e polo tanto mellorar o servizo de atención, información e asesoramento ás mulleres.

### **SERVIZO DE TELETRADUCCIÓN A 51 IDIOMAS**

No ano 2011 a **Secretaría Xeral da Igualdade** ofertoulles aos 78 centros de información ás mulleres que constitúen a rede de CIMs de Galicia, as casas de acollida que asisten ás vítimas de violencia de xénero e as ONGs que desenvolven a súa actividade solidaria neste eido, un servizo de teletradución a 51 idiomas.

Despois de acreditar a utilidade deste servizo ao longo dun ano no Teléfono de Información á Muller, o departamento de Igualdade da Xunta de Galicia decidiu facelo extensivo a toda a rede de centros e entidades que prestan asesoría e servizo asistencial a mulleres.

Este servizo supón un avance cualitativo en resposta á diversidade poboacional motivada polo aumento da inmigración, o cal obriga á Administración autonómica a mellorar as técnicas para unha eficaz atención ás usuarias, con independencia da súa lingua. A teletradución está pensada para dar apoio a unha parte da poboación que ten dificultades engadidas para acceder aos recursos existentes, formada polas mulleres inmigrantes residentes en Galicia. A través desta plataforma de teletradución, estas mulleres terán a seguridade dun acceso axeitado á información e aos recursos dispoñibles, sobre atención psicolóxica, prestacións económicas, centros de acollida ou asesoramento xurídico.

A través desta plataforma de teletradución, as mulleres estranxeiras residentes en Galicia terán a seguridade dun acceso axeitado á información e aos recursos dispoñibles, sobre atención psicolóxica, prestacións económicas, centros de acollida ou asesoramento xurídico.

O sistema permite a atención tanto presencial, como telefónica, de xeito que as usuarias se comunican cunha intérprete mediante a nova tecnoloxía implementada, desde calquera centro no que se atopen, ben sexa un CIM, unha casa de acollida ou calquera entidade adherida. No caso de que a consulta sexa telefónica, o sistema permite o establecemento de chamada a tres, para que interactúen a usuaria, a persoa profesional da entidade e a intérprete.

A Secretaría Xeral da Igualdade ofertoulle ás entidades dun xeito gratuíto este servizo de teletradución que garante a confidencialidade.


O servizo entra en funcionamento de xeito inmediato, unha vez asinados os convenios de colaboración entre Igualdade e os respectivos concellos para a prestación do dito servizo.

En resposta a ese ofrecemento, manifestaron o seu interese en adherirse ao servizo as **nove entidades** que desenvolven, en Galicia, programas de atención a mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Tamén solicitaron o acceso ao servizo **50 concellos con centros de información ás mulleres e casas de acollida** para vítimas de violencia de xénero.

| Nº DE CIM QUE SOLICITAN ACCESO AO<br>SERVIZO DE TELETRADUCIÓN |           |
|---------------------------------------------------------------|-----------|
| PROVINCIA                                                     | Nº        |
| A Coruña                                                      | 19        |
| Lugo                                                          | 6         |
| Ourense                                                       | 9         |
| Pontevedra                                                    | 16        |
| <b>TOTAL</b>                                                  | <b>50</b> |

*Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia*




Relación de centros de información ás mulleres que solicitaron o servizo de teletradución en 2011:

| <                                                       | PROVINCIA |
|---------------------------------------------------------|-----------|
| CIM DA LARACHA                                          | A CORUÑA  |
| CIM DE ARES                                             | A CORUÑA  |
| CIM DE ARTEIXO                                          | A CORUÑA  |
| CIM DE BOIRO                                            | A CORUÑA  |
| CIM DA CORUÑA                                           | A CORUÑA  |
| CIM DE CULLEREDO                                        | A CORUÑA  |
| CIM DE CURTIS                                           | A CORUÑA  |
| CIM DE CEE                                              | A CORUÑA  |
| CIM DE COIRÓS                                           | A CORUÑA  |
| CIM DE FERROL                                           | A CORUÑA  |
| CIM DE OUTES                                            | A CORUÑA  |
| CIM DE PADRÓN                                           | A CORUÑA  |
| CIM DE ZAS                                              | A CORUÑA  |
| CIM DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES) | A CORUÑA  |
| CIM DE MELIDE                                           | A CORUÑA  |
| CIM DE MUXÍA                                            | A CORUÑA  |
| CIM DE NEGREIRA                                         | A CORUÑA  |
| CIM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA                           | A CORUÑA  |
| CIM DE TEO                                              | A CORUÑA  |
| CIM DE BURELA                                           | LUGO      |
| CIM DE MONFORTE DE LEMOS                                | LUGO      |
| CIM DE PALAS DE REI                                     | LUGO      |
| CIM DE VIVEIRO                                          | LUGO      |
| CIM DE RIBADEO                                          | LUGO      |
| CIM DE MONDOÑEDO                                        | LUGO      |
| CIM DA POBRA DE TRIVES                                  | OURENSE   |
| CIM DE CASTRO CALDELAS                                  | OURENSE   |
| CIM DE MACEDA                                           | OURENSE   |
| CIM DE OURENSE                                          | OURENSE   |
| CIM DO BARCO                                            | OURENSE   |
| CIM DO CARBALLIÑO                                       | OURENSE   |

|                                      |            |
|--------------------------------------|------------|
| CIM DA TERRA DE CELANOVA             | OURENSE    |
| CIM DE VIANA DO BOLO                 | OURENSE    |
| CIM DA MANCOMUNIDADE I.V. DO RIBEIRO | OURENSE    |
| CIM DE CAMBADOS                      | PONTEVEDRA |
| CIM DA LAMA                          | PONTEVEDRA |
| CIM DE GONDOMAR                      | PONTEVEDRA |
| CIM DE PONTECALDELAS                 | PONTEVEDRA |
| CIM DE VIGO                          | PONTEVEDRA |
| CIM DO GROVE                         | PONTEVEDRA |
| CIM DO PORRIÑO                       | PONTEVEDRA |
| CIM DE MOÑA                          | PONTEVEDRA |
| CIM DE POIO                          | PONTEVEDRA |
| CIM DE PONTEVEDRA                    | PONTEVEDRA |
| CIM DE REDONDELA                     | PONTEVEDRA |
| CIM DE SILLEDA                       | PONTEVEDRA |
| CIM DE SOUTOMAIOR                    | PONTEVEDRA |
| CIM DE MARIN                         | PONTEVEDRA |
| CIM DE SANXENXO                      | PONTEVEDRA |
| CIM DE CANGAS                        | PONTEVEDRA |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

### Idiomas máis utilizados en 2011



### ASESORAMIENTO XURÍDICO ONLINE

En setembro de 2011 a **Secretaría Xeral da Igualdade** puxo en marcha un servizo de asesoramento xurídico online, accesible a través da páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, onde se ofrece información personalizada e gratuíta ás persoas usuarias, considerando que o asesoramento axeitado constitúe o primeiro paso para saír da situación de violencia.

Con este servizo, a Secretaría Xeral da Igualdade ten o obxectivo de facilitar ás mulleres o coñecemento dos seus dereitos e axudarlles así a que adopten as decisións

máis axeitadas en cada momento. Son numerosos os casos de mulleres inmersas en entornos de violencia de xénero que descoñecen os dereitos que as asisten, como abordar a interposición dunha denuncia ou que unha correcta exposición dos feitos e dos fundamentos de dereito ao longo de todo o proceso son determinantes para unha resposta xudicial máis efectiva.

O servizo xurídico online permite ofrecer resposta en tempo real a consultas sobre lexislación, violencia de xénero, conciliación, dereito de familia, agresións ou acoso sexual, entre outras, asegurando a confidencialidade. Tenta clarexarlle ás usuarias cuestións que con frecuencia suscitan dúbidas e polo tanto xeran temor, tales como qué actuacións xudiciais pode iniciar, se é necesario contar sempre coa asistencia de avogado/a e de procurador/a ou que medidas urxentes pode solicitar.


As consultas a través deste servizo poden ser complementarias ás que se prestan de xeito presencial nos 78 Centros de Información ás Mulleres, CIM, repartidos por toda Galicia, garantindo o anonimato e a confidencialidade cando así o desexe a muller.

Dende a súa posta en funcionamento, en setembro de 2011 ata o 31 de decembro de 2011 recibíronse un total de 76 consultas a través deste servizo online.

▪ **Nº DE CONSULTAS POR SEXO DAS PERSOAS QUE AS REALIZAN**

| SEXO     | Nº CONSULTAS | PORCENTAXE |
|----------|--------------|------------|
| MULLERES | 59           | 77,64%     |
| HOMES    | 17           | 22,37%     |
| TOTAL    | 76           | 100%       |


*Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia*



▪ N° DE CONSULTAS POR PROVINCIA DAS PERSOAS QUE AS REALIZAN

| PROVINCIA       | N° CONSULTAS | PORCENTAXE |
|-----------------|--------------|------------|
| A CORUÑA        | 36           | 47,37%     |
| LUGO            | 9            | 11,85%     |
| OURENSE         | 4            | 5,27%      |
| PONTEVEDRA      | 23           | 30,27%     |
| RESTO DE ESPAÑA | 1            | 1,32%      |
| OUTROS          | 3            | 3,95%      |
| TOTAL           | 76           | 100%       |


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE CONSULTAS SEGUNDO ESTADO CIVIL DAS PERSOAS QUE AS REALIZAN

| ESTADO CIVIL    | N° CONSULTAS | PORCENTAXE |
|-----------------|--------------|------------|
| CASADAS/OS      | 29           | 38,16%     |
| DIVORCIADAS/OS  | 16           | 21,06%     |
| SEPARADAS/OS    | 8            | 10,53%     |
| SOLTEIRAS/OS    | 17           | 22,37%     |
| UNIÓNS DE FEITO | 2            | 2,64%      |
| VIÚVAS/OS       | 1            | 1,32%      |
| SEN DATOS       | 3            | 3,95%      |
| TOTAL           | 76           | 100%       |


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE CONSULTAS SEGUNDO AS IDADES DAS PERSOAS QUE AS REALIZAN

| IDADE       | N° CONSULTAS | PORCENTAXE |
|-------------|--------------|------------|
| Menos de 18 | 0            | 0,0%       |
| 18-25       | 4            | 5,27%      |
| 26-35       | 22           | 28,95%     |
| 36-45       | 25           | 32,90%     |
| 46-55       | 14           | 18,43%     |
| 56 ou máis  | 11           | 14,48%     |
| TOTAL       | 76           | 100%       |


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ **Nº DE CONSULTAS SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS DAS PERSOAS QUE AS REALIZAN**

| NIVEL DE ESTUDOS                         | Nº CONSULTAS | PORCENTAXE |
|------------------------------------------|--------------|------------|
| PRIMARIOS                                | 8            | 10,53%     |
| BACHARELATO                              | 19           | 25,00%     |
| UNIVERSITARIOS                           | 32           | 42,11%     |
| POSGRAO                                  | 5            | 6,58%      |
| PRIMARIOS OU CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE | 2            | 2,64%      |
| OUTROS                                   | 9            | 11,85%     |
| SEN DATOS                                | 1            | 1,32%      |
| TOTAL                                    | 76           | 100%       |


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE CONSULTAS RECIBIDAS SEGUNDO A SÚA TEMÁTICA

| TEMA DA CONSULTA                 | Nº CONSULTAS | PORCENTAXE |
|----------------------------------|--------------|------------|
| AGRESIÓNS E ABUSOS SEXUAIS       | 2            | 2,64%      |
| ACOSO SEXUAL                     | 0            | 0,0%       |
| ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA     | 19           | 25,00%     |
| CONCILIACIÓN FAMILIAR            | 8            | 10,53%     |
| DEREITO DE FAMILIA               | 7            | 9,21%      |
| DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO | 2            | 2,64%      |
| LEXISLACIÓN                      | 6            | 7,90%      |
| ORDES DE PROTECCIÓN/AFASTAMENTO  | 2            | 2,64%      |
| PROSTITUCIÓN/TRATA               | 0            | 0,0%       |
| VIOLENCIA DE XÉNERO              | 5            | 6,58%      |
| OUTROS                           | 25           | 32,90%     |
| TOTAL                            | 76           | 100%       |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



#### ❑ Servizo de atención 24 horas

##### Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres

O Teléfono da Muller é un servizo gratuito, anónimo, que funciona as 24 horas do día e ten cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Está atendido por un equipo multidisciplinar, coordinado cos diferentes profesionais de toda Galicia, de forma que calquera muller poida facer unha consulta, tanto en horario laborable como en horario nocturno e en días non laborables ao longo de todo ano.

Desde o Teléfono da Muller infórmase e asesórase sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Violencia de xénero: Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais,
- Acoso sexual.
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información ás mulleres, programas para mulleres desfavorecidas, policía especializada, gabinetes de orientación, centros de planificación ...
- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentencias incumpridas.
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas.
- Educación pola igualdade, materiais non sexistas, publicidade discriminatoria.
- Apoio ó asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións.

O Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres réxese polas seguintes pautas de actuación: Anonimato e confidencialidade, gratuidade do servizo.

- **Total chamadas o teléfono da muller: 900 400 273 no ano 2011: 4.490**


| TOTAL CHAMADAS |          |
|----------------|----------|
| Ano 2010       | Ano 2011 |
| 3.797          | 4.490    |

*Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia*

▪ Total de chamadas por mes no ano 2011

| CHAMADAS POR MES | Nº           | %           |
|------------------|--------------|-------------|
| Xaneiro          | 294          | 6,5%        |
| Febreiro         | 269          | 6,0%        |
| Marzo            | 299          | 6,7%        |
| Abril            | 322          | 7,2%        |
| Maio             | 317          | 7,1%        |
| Xuño             | 296          | 6,6%        |
| Xullo            | 282          | 6,3%        |
| Agosto           | 354          | 7,9%        |
| Setembro         | 435          | 9,7%        |
| Outubro          | 541          | 12,0%       |
| Novembro         | 552          | 12,3%       |
| Decembro         | 529          | 11,8%       |
| <b>TOTAL</b>     | <b>4.490</b> | <b>100%</b> |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




▪ Procedencia das consultas por provincia 2011

| CHAMADAS RECIBIDAS NO 900 400 273 |      |         |            |                 |                |
|-----------------------------------|------|---------|------------|-----------------|----------------|
| A Coruña                          | Lugo | Ourense | Pontevedra | Resto de España | Sen clasificar |
| 2.322                             | 367  | 177     | 1.086      | 14              | 524            |
| 51,8%                             | 8,1% | 3,9%    | 24,2%      | 0,3%            | 11,7%          |
| Total:4.490 chamadas              |      |         |            |                 |                |


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Porcentaxe de chamadas por provincia



▪ Sexo das persoas usuarias 2011

| SEXO           | Nº    | %     |
|----------------|-------|-------|
| Home           | 224   | 5,0%  |
| Muller         | 3907  | 87,0% |
| Sen clasificar | 359   | 8,0%  |
| TOTAL          | 4.490 | 100%  |



Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

#### ▪ Nacionalidade das persoas usuarias 2011

| Nacionalidade  | nº          | %           |
|----------------|-------------|-------------|
| Españolas      | 3889        | 86,6%       |
| Estranxeiras   | 108         | 2,4%        |
| Sen clasificar | 493         | 11,0%       |
| <b>TOTAL</b>   | <b>4490</b> | <b>100%</b> |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




#### ▪ Idade das persoas usuarias 2011

| IDADE | nº    | %     |
|-------|-------|-------|
| < 18  | 6     | 0,1%  |
| 18-30 | 167   | 3,7%  |
| 31-40 | 1.066 | 23,7% |
| 41-50 | 935   | 20,8% |
| 51-65 | 1.027 | 22,9% |
| ≥ 66  | 42    | 0,9%  |

|                |              |             |
|----------------|--------------|-------------|
| Sen clasificar | 1.247        | 27,8%       |
| <b>Total</b>   | <b>4.490</b> | <b>100%</b> |


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ Tipo de información consultada 2011

| TIPO DE INFORMACIÓN CONSULTADA | Nº           | %           |
|--------------------------------|--------------|-------------|
| Xurídica                       | 538          | 12,0%       |
| Emprego                        | 55           | 1,2%        |
| Recursos                       | 790          | 17,6%       |
| Información da SXI             | 85           | 1,9%        |
| Atención psicolóxica           | 2.761        | 61,5%       |
| Outras                         | 261          | 5,8%        |
| <b>Total</b>                   | <b>4.490</b> | <b>100%</b> |


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



#### Resolución da demanda 2011

| Resolución da demanda          | Nº           | %           |
|--------------------------------|--------------|-------------|
| Derivación cara outros servizo | 201          | 4,5%        |
| Atención directa               | 4.289        | 95,5%       |
| <b>TOTAL</b>                   | <b>4.490</b> | <b>100%</b> |


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



#### Reincidencia no uso do servizo (chamou en anteriores ocasións)

| Resolución da demanda | Nº           | %           |
|-----------------------|--------------|-------------|
| Non                   | 1.319        | 29.4%       |
| Si                    | 2.501        | 55,7%       |
| Sen clasificar        | 670          | 14,9%       |
| <b>TOTAL</b>          | <b>4.490</b> | <b>100%</b> |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ Chamadas no servizo de atención a persoas con discapacidade auditiva

| Servizo                                     | Nº |
|---------------------------------------------|----|
| Atención persoas con discapacidade auditiva | 37 |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

**Cursos de Autoprotección dirixidos a mulleres vítimas de violencia de xénero.**

Durante o ano 2011, a **Secretaría Xeral da Igualdade**, en colaboración co **Sindicato Unificado de Policía de Galicia**, desenvolveu 11 cursos de autodefensa, dirixidos a mulleres vítimas de violencia de xénero, que tiveron como obxectivo conseguir que as vítimas asuman que poden contribuír á súa seguridade e que certas normas e costumes poden marcar a diferenza ante un intento de agresión.

Impartíronse, por parte de axentes do Corpo Nacional de Policía, cursos de 12 horas nos que participaron un total de **163 mulleres**.

| LOCALIDADE DE IMPARTICIÓN   | Nº MULLERES |
|-----------------------------|-------------|
| Ames                        | 13          |
| Arteixo                     | 17          |
| Ribeira                     | 12          |
| Monforte                    | 18          |
| Vilalba                     | 15          |
| O Barco de Valdeorras       | 11          |
| Verín                       | 14          |
| Cangas                      | 18          |
| Moaña                       | 11          |
| Ponteareas                  | 19          |
| Vigo (Centro de emerxencia) | 15          |
| <b>TOTAL</b>                | <b>163</b>  |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

As mulleres recibiron clases teóricas e prácticas nas que aprenderon tácticas ofensivas e defensivas en diferentes circunstancias e amosáronse como unha boa ferramenta para aumentar a súa autoestima, dándolles a posibilidade de tomar conciencia das súas propias posibilidades e límites. Deste xeito, o pensamento positivo "*nin el é tan forte, nin eu tan débil*" promove unha actitude mental máis determinada ante unha situación de risco. En ningún caso o obxectivo destes cursos foi promover que unha muller se enfrente fisicamente co seu agresor cando exista outra opción, pero, no caso de que iso ocorra, o coñecemento de técnicas e tácticas para a súa defensa persoal pode facilitar que a vítima repela unha agresión e gañe o tempo preciso para recibir o auxilio necesario.

Os cursos contaron cunha parte teórica, que se intercalou coa práctica, no desenvolvemento das clases dunha forma dinámica e participativa. Na área teórica, informouse ás mulleres sobre cales son as competencias de cada administración nesta materia, cales son os seus dereitos, como actuar en caso de violencia e cal é o proceso que se pon en marcha desde o momento da solicitude dunha orde de protección, entre outras cousas.

A parte práctica tivo como obxectivo que as mulleres se impliquen na súa propia seguridade, e para iso, os funcionarios e funcionarias do Corpo Nacional de Policía que

impartiron os cursos ensinaron ás mulleres as técnicas e tácticas de defensa persoal adaptadas á especial situación das mulleres en diferentes circunstancias.

Adestraron técnicas ofensivas, como golpes de puño, de cotobelos, de pernas, inmovilizacións, ou o uso de obxectos cotiás en técnicas ofensivas, como chaves, paraugas, etc.

Na área das técnicas defensivas, as participantes aprenderon a bloquear, a esquivar, a estar en garda e tamén a usar obxectos para defenderse, como cadeiras. Ademais, presentáronse tácticas de defensa propia a aplicar en diferentes supostos, como poden ser agresións no domicilio, agresións a terceiras persoas (menores), agresións sexuais, agresións con obxectos perigosos, etc.

Outro dos eidos nos que se traballou foi no desenvolvemento de medidas de seguridade e autoprotección en lugares como os colexios, os postos de traballo, os domicilios propios ou de familiares ou os desprazamentos a pé, en coche ou en transporte público.


#### ❑ **Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia**

En Galicia estableceuse no ano 2004 o Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP) adscrito á **Secretaría Xeral da Igualdade**, que leva a cabo o seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia, realizando as xestións oportunas ante as diferentes administracións para facilitarlles o acceso aos recursos existentes e ofrecerlles un marco integral de protección.

Desde o momento en que o PCOP recibe desde os xulgados as copias das ordes de protección ou medidas cautelares dictadas, inicia un contacto coa beneficiaria a fin de informala do procedemento que se vai seguir, os recursos de que dispón e a comprobación de que a dita OP se cumpre correctamente. No suposto de que existan quebrantamentos, se lle informa á muller da canle a seguir para interpoñer a correspondente denuncia. A usuaria é informada tamén, se así o desexa, doutros trámites xudiciais como pode ser a separación ou o divorcio, custodia de fillos/fillas, etc. Polo tanto, unha vez recibida a orde de protección, iniciase o contacto coa vítima para, coñecendo a súa situación persoal e as súas propias necesidades, informala dos recursos asistenciais e de protección social existentes aos que ten dereito e pode solicitar.

| Nº DE OP E OUTRAS MEDIDAS CAUTELARES RECIBIDAS NO PCOP |              |              |              |
|--------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| PROVINCIA                                              | 2009         | 2010         | 2011         |
| A Coruña                                               | 562          | 561          | 490          |
| Lugo                                                   | 218          | 214          | 226          |
| Ourense                                                | 223          | 180          | 143          |
| Pontevedra                                             | 451          | 476          | 489          |
| <b>TOTAL</b>                                           | <b>1.454</b> | <b>1.431</b> | <b>1.348</b> |

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



As ordes de protección ditadas en Galicia o longo do ano 2011, e recibidas a esta data no PCOP, **suman en total 1.348**. Segundo estes datos, as provincias de A Coruña e Pontevedra seguen a ser as mais afectadas, con 490 e 489 casos respectivamente, o cal non é nada estraño se temos en conta a distribución da poboación en Galicia. Séguelle Lugo con 226 e Ourense con 143 medidas.

### □ Puntos de Encontro Familiar

Na Comunidade Autónoma de Galicia existen actualmente sete puntos de encontro de titularidade pública situados nas cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Os puntos de encontro familiar de Galicia están regulados polo Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro (DOG nº 17, do 26.01.09) (Corr. erros DOG nº 33, do 17.02.2009). Son servizos que posúen un carácter multidisciplinar e están integrados por expertos e expertas en intervención psico-familiar, dereito de familia e mediación familiar.

Para o seguimento do programa, os puntos de encontro remitirán unha folla de seguimento mensual aos servizos centrais para levar un seguimento e confeccionar os datos anuais de funcionamento dos Puntos de Encontro.

O acceso aos puntos de encontro faise por derivación dun órgano xudicial ou do órgano administrativo competente en materia de servizos sociais nos supostos de menores nos que a Comunidade Autónoma de Galicia teña asumida a tutela ou garda, e os principais tipos de intervención que realizan son: intercambio das/dos menores; visitas tuteladas, naqueles casos nos que as visitas teñan que estar supervisadas por unha persoa do centro; ou visitas sen supervisión, nos caos nos que non existe posibilidade de que a visita se desenvolva noutro lugar o centro poñerá ao servizo das familias as súas instalacións.

Nas súas intervencións os puntos de encontro actúan sempre atendendo aos seguintes principios: interese das e dos menores; voluntariedade; imparcialidade; neutralidade; confidencialidade; non inxerencia; subsidiariedade e temporalidade.

No ano 2011 foron atendidos máis de 1200 casos (458 por motivo de violencia de xénero) segundo o seguinte detalle:

| TOTAL EXPEDIENTES              | A Coruña  | Lugo      | Ferrol    | Ourense   | Santiago  | Vigo       | Pontevedra | TOTAL      |
|--------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|------------|------------|
| Novos                          | 52        | 37        | 53        | 27        | 41        | 58         | 72         | 340        |
| Pechados                       | 31        | 15        | 57        | 31        | 23        | 44         | 73         | 274        |
| Permanecen abertos             | 347       | 114       | 148       | 81        | 168       | 224        | 161        | 1243       |
| <b>Por violencia de xénero</b> | <b>80</b> | <b>67</b> | <b>65</b> | <b>29</b> | <b>36</b> | <b>120</b> | <b>62</b>  | <b>458</b> |

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia

| TOTAL persoas usuarias | A Coruña   | Lugo       | Ferrol     | Ourense    | Santiago   | Vigo        | Pontevedra | TOTAL       |
|------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|-------------|------------|-------------|
| Menores                | 289        | 126        | 265        | 190        | 124        | 380         | 283        | 1656        |
| P. adultas             | Homes      | 308        | 116        | 255        | 180        | 131         | 445        | 1796        |
|                        | Mulleres   | 278        | 104        | 210        | 228        | 108         | 352        | 1576        |
| <b>TOTAL</b>           | <b>875</b> | <b>346</b> | <b>730</b> | <b>598</b> | <b>363</b> | <b>1177</b> | <b>939</b> | <b>5028</b> |

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia

Na actualidade estase a tramitar un novo decreto regulador dos puntos de encontro familiar de Galicia que substituirá o actual.

As modificacións máis importantes que se introducen son as que afectan á competencia na derivación dos casos: será a autoridade competente en materia de familia, e non os xulgados ou os servizos sociais, quen controle a derivación dos casos aos puntos de encontro; porase en marcha un protocolo de derivación que será

responsabilidade da autoridade competente en materia de familia, que é quen financia o servizo, co que se controlará o acceso e permanencia nos puntos de encontro; farase un control técnico sobre o recurso, xestionarase listas de agarda no caso de seren necesaria, e intentarase axilizar o cese no emprego do recurso naqueles casos non produtivos ou enquistados.

As modificacións realízanse fundamentalmente co obxectivo de ter dende a Xunta de Galicia o control sobre o acceso e o cese da utilización dos puntos de encontro familiar.

### Gabinetes de Orientación Familiar (GOF)

Os Gabinetes de orientación familiar constitúense como un recurso especializado no apoio e promoción da calidade de vida das familias, así como de atención a situacións problemáticas ou de riscos que poidan estar asociadas a procesos de desintegración familiar, coa finalidade de servir como un instrumento eficaz na protección da familia de acordo coas competencias atribuídas á **Secretaría Xeral Política Social**.

Este programa pretende axudar ás familias que así o requiran a solucionar tales situacións de crise ou conflito, eliminando ou, cando menos, atenuando as consecuencias que estas levan aparelladas, previndo e evitando especialmente a implicación das/dos fillas/os nos conflitos dos seus pais.

Por outra banda, este servizo actúa como un recurso en estreito contacto cos equipos de atención ao menor, colaborando con eles na atención ás familias de menores susceptibles de ser sometidos a medidas de protección.

Estes gabinetes, dependentes dos departamentos territoriais da **Consellería de Traballo e Benestar**, están integrados por especialistas en traballo social, dereito e psicoloxía. Entre os seus obxectivos destácanse:

- Informar e asesorar tecnicamente ás familias sobre as problemáticas sociais, psicológicas e xurídicas nas que se puidesen atopar.
- Proporcionar ás familias o acceso a recursos axeitados para o desenvolvemento de canles normalizados de convivencia.
- Dotar as familias das habilidades necesarias para enfrontar as súas necesidades.
- Evitar a instrumentalización das/os fillas/os, ante as diferentes situacións de conflitividade.

- Fomentar o mantemento da cooperación parental como protectora da imaxe que as/os fillas/os teñen dos seus proxenitores.
- Informar, asesorar e prestar asistencia psicolóxica ás mulleres, particularmente a aquelas que se atopen inmersas en procesos de conflitividade familiar.

Os servizos concretos que os Gabinetes de orientación familiar poñen a disposición das persoas usuarias, son os seguintes:

1. Asesoramento sobre aqueles servizos de interese social e comunitario, públicos ou privados, que posibiliten a integración das persoas en redes de apoio social e asesoramento xurídico legal en casos de separación matrimonial, divorcio ou incumprimento de acordos e convenios reguladores.
2. Mediación familiar dirixida a promover procesos de negociación entre os membros da parella co obxecto de acadar acordos nos procesos de separación e divorcio e intervencións dirixidas a resolver conflitos entre outros membros da familia (pais/nais, fillas/os, avoas/ós, etc).
3. Apoio e orientación psicosocial en casos de conflitividade ou crise familiar, conxugal ou interxeracional. Prevención e intervención ante crises específicas dos procesos de educación e crianza das/os fillas/os. Apoio e orientación ás familias en procesos de reestruturación por entrada ou saída dalgún membro no sistema familiar.

Para o seguimento do programa, os gabinetes remiten, a través dos departamentos territoriais e dentro dos 15 primeiros días do mes seguinte ao que corresponda, a folla de seguimento mensual aos servizos centrais para levar un seguimento e confeccionar os datos anuais de funcionamento dos GOF.

GOF/ Seguimento anual 2011:

| Demandas  | A Coruña | Lugo | Ourense | Vigo | TOTAL |
|-----------|----------|------|---------|------|-------|
| Atendidas | 186      | 124  | 182     | 184  | 674   |
| Atendidas | 0        | 0    | 0       | 19   | 19    |

| Tipoloxía demandas atendidas  | A Coruña | Lugo | Ourense | Vigo | TOTAL |
|-------------------------------|----------|------|---------|------|-------|
| Conflitos ruptura-convivencia | 37       | 31   | 108     | 61   | 237   |
| Crises conxugais              | 49       | 26   | 27      | 22   | 124   |
| Crises paterno-filiais        | 73       | 30   | 28      | 66   | 197   |
| Crises familia extensa        | 9        | 4    | 2       | 7    | 22    |
| Mixtas                        | 12       | 14   | 3       | 4    | 33    |
| Outras                        | 6        | 19   | 12      | 24   | 61    |

| Fontes de derivación     | A Coruña | Lugo | Ourense | Vigo | TOTAL |
|--------------------------|----------|------|---------|------|-------|
| Servizo do Menor         | 16       | 13   | 17      | 2    | 48    |
| Outros servizos públicos | 83       | 58   | 88      | 79   | 308   |
| Iniciativa propia        | 76       | 46   | 67      | 94   | 283   |
| Outras                   | 11       | 13   | 6       | 9    | 39    |

| Orixe da demanda   | A Coruña | Lugo | Ourense | Vigo | TOTAL |
|--------------------|----------|------|---------|------|-------|
| Local              | 125      | 81   | 129     | 125  | 460   |
| Resto da provincia | 60       | 43   | 46      | 59   | 208   |

| Intervencións       | A Coruña | Lugo | Ourense | Vigo | TOTAL |
|---------------------|----------|------|---------|------|-------|
| Asesoramentos       | 19       | 31   | 256     | 86   | 392   |
| Mediacións          | 5        | 7    | 12      | 52   | 76    |
| Apoios psicosociais | 173      | 86   | 1005    | 47   | 1311  |

| Atención                         | A Coruña | Lugo | Ourense | Vigo | TOTAL |
|----------------------------------|----------|------|---------|------|-------|
| Sesións efectuadas               | 544      | 532  | 1365    | 615  | 3056  |
| Persoas atendidas                | 250      | 215  | 2111    | 735  | 3311  |
| Altas                            | 119      | 133  | 139     | 142  | 533   |
| Derivacións                      | 20       | 0    | 0       | 60   | 80    |
| Abandonos                        | 40       | 17   | 0       | 13   | 70    |
| Seguementos (favorables/desfav.) | 58       | 0    | 0       | 383  | 441   |

| Demandantes de atención         | A Coruña   | Lugo       | Ourense    | Vigo       | TOTAL      |
|---------------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| Mulleres                        | 85         | 80         | 100        | 94         | 359        |
| Homes                           | 39         | 18         | 40         | 55         | 152        |
| Parellas                        | 36         | 22         | 18         | 18         | 94         |
| Grupos familiares               | 26         | 4          | 24         | 17         | 71         |
| <b>TOTAL DEMANDAS ATENDIDAS</b> | <b>186</b> | <b>124</b> | <b>182</b> | <b>184</b> | <b>676</b> |

□ **Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos**

En relación coa previsión do artigo 54, mediante a Resolución do 15 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, constituíronse os servizos comúns de atención á cidadanía e asistencia á vítima, dependentes dos decanatos das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo.

Estes servizos prestan atención á cidadanía e ás vítimas, incluíndo os delitos en materia de violencia de xénero, desenvolvendo a súa actividade baixo os principios de transparencia, información e atención axeitada, nas sete cidades galegas citadas.

## 04 Disposicións adicionais

Primeira: modificación da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.

Terceira: competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia.

Cuarta: Información ao Parlamento de Galicia

Quinta: Creación do Consello Galego das Mulleres.

Sexta: Creación do Observatorio galego da violencia de xénero.

Sétima: Creación da Comisión Interdepartamental de igualdade.

Oitava: Informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusión económica desta Lei.

Novena: Modificación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

Décima: dotación orzamentaria.

### □ Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.

Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a promoción da igualdade.

A **Secretaría Xeral da Igualdade** convocou estas axudas a través da Resolución do 5 de abril de 2011 (DOG nº 71, do 11 de abril), coa finalidade de apoiar e consolidar as actuacións levadas a cabo desde as administracións locais en materia de igualdade, conciliación e de prevención e eliminación da violencia de xénero, actuacións que pola proximidade á cidadanía e o coñecemento da situación específica de mulleres e homes poden resultar particularmente axeitadas para a consecución dos devanditos obxectivos.

As actuacións subvencionadas encádranse dentro dos seguintes programas:

- **Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.**
- Programa de fomento da conciliación
- Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM)

As actuacións da liña de prevención e tratamento integral da violencia de xénero debían vincularse a algunha das seguintes áreas:

a) Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación entre os distintos ámbitos políticos e profesionais dirixidas á eficaz prevención, detección e intervención na loita contra a violencia de xénero e protección das mulleres vítimas, das súas fillas e fillos e das persoas delas dependentes.

b) Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade.

c) Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, coas súas fillas e fillos, así como coas persoas delas dependentes, procurando a recuperación da súa identidade e autonomía e a restauración dos seus proxectos vitais.

d) Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual en xeral e a prostitución en particular; propostas de acción e coordinación entre todos os axentes sociais.

Nos programas con actuacións en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero resultaron beneficiarias un total de **60 entidades locais**, cun importe de **221.070,71 €**

| PROVINCIA    | Nº CONCESIÓN |
|--------------|--------------|
| A Coruña     | 26           |
| Lugo         | 7            |
| Ourense      | 13           |
| Pontevedra   | 14           |
| <b>TOTAL</b> | <b>60</b>    |

Na táboa que se atopa a continuación, podemos observar as actuacións da liña de prevención e tratamento integral da violencia de xénero que se levaron a cabo nos distintos concellos, así coma o seu orzamento.

| ENTIDADE LOCAL                 | ÁREA DE ACTUACIÓN                            | ORZAMENTO |
|--------------------------------|----------------------------------------------|-----------|
| Concello de Allariz            | Prevención, sensibilización e concienciación | 5.006,48  |
| Concello de Piñor              | Prevención, sensibilización e concienciación | 1.210,75  |
| Mancomunidad Terra de Celanova | Prevención, sensibilización e concienciación | 5.249,38  |
| Concello de Cangas             | Prevención, sensibilización e concienciación | 5.011,20  |
| Concello de Meis               | Prevención, sensibilización e concienciación | 1.602,00  |

| ENTIDADE LOCAL                          | ÁREA DE ACTUACIÓN                               | ORZAMENTO |
|-----------------------------------------|-------------------------------------------------|-----------|
| Concello de San Cristovo De Cea         | Prevención, sensibilización e concienciación    | 1.960,00  |
| Concello de Mondoñedo                   | Consolidación e establec. de estruturas de c.c. | 1.009,80  |
| Concello de Arzua                       | Consolidación e establec. de estruturas de c.c. | 4.750,00  |
| Concello de San Sadurniño               | Prevención, sensibilización e concienciación    | 380,00    |
| Concello de Outes                       | Prevención, sensibilización e concienciación    | 3.640,40  |
| Concello de Cuntis                      | Prevención, sensibilización e concienciación    | 1.363,82  |
| Concello da Guarda                      | Intervención integral coas mulleres vítimas     | 4.671,81  |
| Concello de Caldas De Reis              | Prevención, sensibilización e concienciación    | 5.791,50  |
| Concello de Vigo                        | Intervención integral coas mulleres vítimas     | 5.000,00  |
| Concello de Palas De Rei                | Prevención, sensibilización e concienciación    | 2.120,94  |
| Concello da Pobra De Trives             | Prevención, sensibilización e concienciación    | 2.214,70  |
| Concello de Cortegada                   | Prevención, sensibilización e concienciación    | 664,90    |
| Concello de Nigrán                      | Consolidación e establec. de estruturas de c.c. | 2.907,20  |
| Concello de Maceda                      | Consolidación e establec. de estruturas de c.c. | 7.584,00  |
| Concello de Dodro                       | Prevención, sensibilización e concienciación    | 1.392,30  |
| Concello de Quiroga                     | Prevención, sensibilización e concienciación    | 1.800,00  |
| Concello de Monforte De Lemos           | Prevención, sensibilización e concienciación    | 5.470,16  |
| Concello de Vilagarcía De Arousa        | Prevención, sensibilización e concienciación    | 2.620,72  |
| Concello de Ponte Caldelas              | Prevención, sensibilización e concienciación    | 3.691,04  |
| Concello do Porriño                     | Prevención, sensibilización e concienciación    | 4.823,91  |
| Concello de Cerceda                     | Prevención, sensibilización e concienciación    | 2.956,80  |
| Concello de Cee                         | Intervención integral coas mulleres vítimas     | 7.022,12  |
| Concello de Noia                        | Prevención, sensibilización e concienciación    | 8.251,60  |
| Concello de Muxia                       | Prevención, sensibilización e concienciación    | 2.943,00  |
| Concello de Vilasantar                  | Prevención, sensibilización e concienciación    | 862,40    |
| Concello de Trazo                       | Prevención, sensibilización e concienciación    | 4.120,48  |
| Concello de Coirós                      | Prevención, sensibilización e concienciación    | 6.936,22  |
| Concello de Boqueixón                   | Prevención, sensibilización e concienciación    | 4.950,00  |
| Concello de Santiago De Compostela      | Intervención integral coas mulleres vítimas     | 4.632,22  |
| Concello de Zas                         | Prevención, sensibilización e concienciación    | 3.273,60  |
| Concello de Touro                       | Prevención, sensibilización e concienciación    | 5.235,32  |
| Concello de Ordes                       | Intervención integral coas mulleres vítimas     | 4.464,00  |
| Concello da Laracha                     | Prevención, sensibilización e concienciación    | 3.760,00  |
| Concello de Arteixo                     | Prevención, sensibilización e concienciación    | 2.244,20  |
| Concello de Mos                         | Prevención, sensibilización e concienciación    | 2.430,00  |
| Concello de Cambre                      | Prevención, sensibilización e concienciación    | 6.175,00  |
| Concello das Pontes De Garcia Rodriguez | Consolidación e establec. de estruturas de c.c. | 5.253,50  |
| Concello de Avion                       | Prevención, sensibilización e concienciación    | 6.722,10  |

| ENTIDADE LOCAL                    | ÁREA DE ACTUACIÓN                               | ORZAMENTO |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------|-----------|
| Concello de Verín                 | Intervención integral coas mulleres vítimas     | 2.379,89  |
| Concello de Ribadavia             | Prevención, sensibilización e concienciación    | 1.281,28  |
| Concello de Portomarin            | Prevención, sensibilización e concienciación    | 4.491,52  |
| Concello de Ribadeo               | Prevención, sensibilización e concienciación    | 4.559,00  |
| Concello da Coruña                | Prevención, sensibilización e concienciación    | 5.113,60  |
| Concello de Barbadás              | Prevención, sensibilización e concienciación    | 1.602,00  |
| Concello do Carballiño            | Consolidación e establec. de estruturas de c.c. | 3.920,00  |
| Concello de Leiro                 | Prevención, sensibilización e concienciación    | 657,90    |
| Concello de Xinzo De Limia        | Consolidación e establec. de estruturas de c.c. | 3.334,59  |
| Concello de Soutomaior            | Prevención, sensibilización e concienciación    | 4.938,30  |
| Concello de Ortigueira            | Prevención, sensibilización e concienciación    | 2.958,22  |
| Concello de Camariñas             | Consolidación e establec. de estruturas de c.c. | 3.656,60  |
| Concello de Negreira              | Prevención, sensibilización e concienciación    | 2.392,32  |
| Concello de Cabana De Bergantiños | Prevención, sensibilización e concienciación    | 5.130,00  |
| Concello de Lalin                 | Prevención, sensibilización e concienciación    | 6.720,00  |
| Concello de Fene                  | Consolidación e establec. de estruturas de c.c. | 3.298,00  |
| Concello de Cospeito              | Prevención, sensibilización e concienciación    | 467,28    |

**Convocatoria de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais.**

A Secretaría xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar xestiona a Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011, en relación co sector da intervención social coa muller, no relativo a actuacións prioritarias e criterios xerais para a formulación de proxectos promovidos por corporacións locais no marco do Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano en Galicia sinaláronse como áreas de actuación prioritarias na definición dos proxectos a subvencionar no exercicio 2011, entre outras, as seguintes:

- o Proxectos enfocados a favorecer desde o ámbito sociofamiliar, a plena normalización do alumnado xitano. Especialmente: reforzo e atención especial ás alumnas xitanas para evitar o abandono prematuro da etapa de escolarización obrigatoria.
- o Proxectos enfocados a mellorar a empregabilidade e a inserción sociolaboral da poboación xitana. Especialmente: accións de acompañamento dos

procesos de inclusión sociolaboral, especialmente das mulleres xitanas, e actividades de intermediación laboral na última fase do itinerario.

- o Proxectos enfocados á promoción integral da saúde. Especialmente: accións de fomento da saúde reprodutiva nas mulleres xitanas.

No relativo a actuacións prioritarias e criterios xerais para a formulación de proxectos promovidos por corporacións locais no marco do Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento do pobo xitano en Galicia, cabe destacar que dentro dos criterios de formulación dos proxectos que se lles propoñen ás corporacións locais, faise expresa referencia á “incorporación da perspectiva de xénero”.

**Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.**

O artigo 29.3 de Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenos e nenos que teña como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Nesta liña, durante o ano 2011, mantívose a vixencia do Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, asinado o ano anterior, e que converte a Galicia en pioneira no combate contra a trata de seres humanos.

A través deste protocolo perséguese modificar a situación existente, na que a maioría das causas contra redes de explotación sexual “acababan arquivadas”, incluso antes de chegar a xuízo, pola imposibilidade de conseguir testemuñas e formalizar a denuncia.

O Protocolo tenta axilizar a aplicación dos beneficios de protección recollidos na lexislación vixente, entre os que destaca a posibilidade de conceder permiso de residencia a aquelas mulleres que denuncien ás mafias que as explotan, para que manteñan o seu testemuño ata o fin do proceso penal, tentando facilitar a colaboración das vítimas de trata coa xustiza.

Por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría xeral da Igualdade, ponse a disposición das vítimas, unha vez son identificadas, ben por vontade propia ou pola intervención policial nun local, como vítimas dun delito de trata de seres humanos, un aloxamento que garanta o exercicio do dereito ao período de reflexión, para elas e para as súas fillas e fillos menores de idade, así como asistencia psicolóxica, médica e xurídica gratuíta.

Na **Secretaría Xeral da Igualdade**, e no marco deste Protocolo, o exercicio 2011 recolleu a continuidade na colaboración con organizacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento das diversas actuacións de prevención e asistencia ás vítimas de trata, así como a tarefa de coordinación de todos os servizos e programas dispoñibles para a atención das vítimas.

Igualmente, ao longo do ano 2011 desenvolvéronse diversas xornadas formativas e informativas sobre a implementación e aplicación do Protocolo, tanto co persoal dos recursos de carácter social como con xuíces/as, fiscais e persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado que traballan na loita contra a explotación sexual, elaborándose tamén diversos materiais informativos dirixidos a estes e estas profesionais, así como outras publicacións co fin de sensibilizar e informar á cidadanía sobre a dimensión e os efectos da lacra que supón a trata de persoas con fins de explotación sexual.

Dados os recentes cambios lexislativos operados tanto nos último meses do ano 2010 pola reforma da Lei Orgánica de Estranxeiría como do Código Penal no ano 2011, procederase en breve a unha revisión do Protocolo para adaptalo ás modificacións sinaladas e seguirase incidindo na súa aplicación.

#### **Programa de atención a mulleres inmigrantes en situación de prostitución e/ou trata con fins de explotación sexual.**

Continuando co programa iniciado no 2010, no ano 2011 asináronse 9 convenios de colaboración entre a **Secretaría Xeral da Igualdade**, a **Secretaría Xeral da Emigración** e distintas entidades sen ánimo de lucro para levar a cabo programas de atención a mulleres inmigrantes en situación de prostitución e vítimas de trata con fins de explotación sexual.

En Galicia son escasos os servizos de atención específicos para inmigrantes, e os existentes non ofrecen unha resposta integral e específica ás mulleres inmigrantes que

exercen a prostitución e son vítimas de trata e explotación sexual, polo que de xeito conxunto, a Secretaría Xeral da Igualdade e a Secretaría Xeral da Emigración tratan de reforzar e ampliar os servizos existentes que xa están a traballar con estas mulleres, de xeito que poidan abranguer toda a Comunidade Autónoma galega. Foméntase así a colaboración con entidades que teñen unha acreditada experiencia no traballo coas persoas inmigrantes, concretamente con mulleres en situación de trata e explotación sexual, co obxecto de levar a cabo este Programa, de atención a mulleres inmigrantes en situación de prostitución e vítimas de trata con fins de explotación sexual, coa finalidade de apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas, e cofinanciado con FSE do Programa Operativo 2007-2013 para Galicia.

Entre as actuacións que realizan estas ONGs están as de asesoramento, apoio e información respecto aos recursos sociais e xurídicos; acompañamento para a realización de trámites administrativos e burocráticos; creación de grupos de apoio para lograr espazos de referencia para o encontro, intercambio e apoio mutuo; capacitación de mediadoras sociais ou axentes de cambio; desenvolvemento das potencialidades e capacidades das beneficiarias, a través de actividades de socialización, educación, formación e integración, con especial incidencia na formación para facilitarlles ó acceso o emprego de novas tecnoloxías; a realización de obradoiros sobre diversos temas e o traballo na sensibilización da sociedade sobre a situación das mulleres que están a padecer esta situación.

| Ano  | SX Igualdade | Importe       |           |
|------|--------------|---------------|-----------|
|      |              | SX Emigración | TOTAL     |
| 2011 | 266.000 €    | 75.000 €      | 341.000 € |

| Nº atencións desenvolvidas por provincia |              |
|------------------------------------------|--------------|
| A Coruña                                 | 1.441        |
| Lugo                                     | 129          |
| Ourense                                  | 76           |
| Pontevedra                               | 882          |
| <b>TOTAL</b>                             | <b>2.528</b> |

**Proxecto ITÍNERIS. Protección dos dereitos das persoas migrantes contra a explotación, de Brasil cara á Unión Europea,**

O Proxecto internacional *Itíneris*, no que participan Galicia, Portugal e Brasil, xunto co ICMPD (International Centre for Migration Policy Development), con sede en Viena, Austria, e que actúa como xefe de filas do Proxecto, ten como obxectivo principal afrontar a trata de seres humanos en orixe, neste caso en Brasil, e establecer actuacións coordinadas para protexer os dereitos das persoas inmigrantes en Galicia e Portugal, fundamentalmente no referente a situacións de explotación sexual e da trata.

A participación en *Itíneris* é de gran interese para Galicia por varias razóns:

Brasil é un país dinámico, con profundas raíces culturais con Europa, moi particularmente con Portugal, por tanto tamén con Galicia. En 2008 atopábase no número 9 do ranking de países de fora da Unión Europea con maior número de cidadáns e cidadás vivindo en Europa, evidenciando ademais un gran descoñecemento por parte dos e das migrantes brasileiras sobre os seus dereitos e da opción da migración legal, o cal os fai moito mais vulnerables a situacións de explotación.

Ademais, Brasil encabeza os países de orixe das mulleres que exercen a prostitución (en moitas ocasións en situación de trata) na nosa Comunidade Autónoma, xunto con Romanía e Nixeria, segundo os datos proporcionados pola memoria de 2008 da Fiscalía Superior.

Debemos ter en conta tamén que a ONU consideran que España é utilizada como país de tránsito nun grao que se considera baixo e como país de destino nun grao alto de vítimas de trata de seres humanos (sobre todo con fins de explotación sexual), recibindo vítimas procedentes de Colombia, República Dominicana, Nixeria, Rusia, Ucraína, Romanía, Bulgaria, Brasil, Croacia, República Checa, Polonia e outros países.

Segundo recolle o Plan Nacional contra a Trata, aprobado polo Goberno español en 2009, o aeroporto de Peinador en Vigo está considerado como un do puntos de entrada das mulleres vítimas de trata procedentes de Centroamérica e Sudamérica,

que viaxan moitas veces a través de terceiros países do territorio Schengen para evitar vos directos a aeroportos españois. Brasil é o principal país de orixe, e é moi frecuente que estas vítimas fagan escala en París, para logo dirixirse aos aeroportos de Bilbao, Madrid e Peinador.

Sinalar por último que, segundo recolle o II Informe sobre o Estado de situación do Plan Integral de Loita contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual, no ano 2010 foron identificadas en España 1.641 vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual, das cales o 92% eran mulleres de nacionalidades predominantemente romanese, brasileira, paraguaia e dominicana.

#### **Obxectivos do proxecto**

O proxecto, que ten unha duración de 30 meses e rematará en novembro/décembro de 2013 ten como obxectivo xeral o de protexer os dereitos das persoas migrantes, especialmente contra a trata e a explotación, proporcionándolles a esas persoas información en orixe e aumentando a capacidade, a formación e a experiencia dos actores que traballan na súa atención e asistencia, a través das seguintes liñas de traballo:

- 1.-Prever a migración irregular a través de campañas de información: Para isto proporcionaráselle apoio ao Consello de Migracións do Brasil no "saber facer" preciso para levar a cabo campañas de información pre-migración, completas e exhaustivas no que se refire á situación dos países da UE que son destinos preferentes da migración brasileira.
- 2.-Promover a capacidade das administracións nacionais para loitar contra o tráfico e a trata de persoas. En concreto, representantes dos 8 centros anti-tráfico e trata de seres humanos de Brasil, que están situados nos Estados de Acre, Bahía, Ceará, Goiás, Pará, Pernambuco, Río de Janeiro e Sao Paulo, serán formados especificamente, para que podan proporcionar correcta atención ás vítimas de tráfico e trata.
- 3.-Fortalecer a cooperación nacional e internacional na loita contra a trata, particularmente no que se refire ao intercambio de información e boas prácticas.

Durante o ano 2011 puxéronse en marcha as primeiras accións contempladas dentro do Proxecto, cunha serie de encontros mantidos ente todo os socios; En xuño 2011 en Viena (Austria) como punto de partida, e en novembro de 2011 en Recife (Brasil), no que ademais de avaliar os resultados do I Plan Nacional de enfrontamento ao tráfico de persoas do Goberno Brasileiro, establecéronse tamén os obxectivos e contidos do II Plan, que contén propostas estruturadas en tres eixos:

- a) Prevención do tráfico de persoas
- b) Represión deste delito
- c) Atención ás vítimas.

Segundo datos do Ministerio de Xustiza de Brasil, no país hai detectadas 241 rutas de tráfico interno e internacional de adolescentes e mulleres para fins de explotación sexual. España, e nomeadamente Galicia, figura entre os principais países de destino en Europa, xunto a Holanda, Italia e Portugal. Polo xeral, estas mulleres atopan nos seus destinos unhas condicións de traballo que as obrigan a exercer entre 10 e 13 horas diarias no mercado do sexo, con insalubridade e sen acceso aos servizos de saúde.

A avaliación da participación da Secretaría xeral da Igualdade da Xunta de Galiciano II Encontro Nacional da Rede Brasileira de enfrontamento ao tráfico de persoas o pasado mes de novembro é claramente positiva, tanto pola posibilidade de coñecer de maneira directa o funcionamento da citada Rede, como por poder ter colaborado na consolidación do II Plan Nacional de enfrontamento ao tráfico de persoas do Goberno Brasileiro, participando nos debates para a recollida de propostas para o dito Plan, e pola posibilidade de intercambio e fortalecemento de relacións entre actores nacionais e internacionais para a loita contra o tráfico de persoas en Brasil e no ámbito da Unión Europea e dos países integrantes do Mercosur.

Ademais, neste encontro de coordinación e posta en común dos tres países participantes en Itíneris, Brasil. Portugal e Galicia, celebrado en Recife (Brasil), pecháronse diversos aspectos que afectan directamente ao papel de Galicia dentro do proxecto:

1. Elaboración dende a Xunta de Galicia dun informe destinado a coñecer en profundidade a realidade da trata de seres humanos en Galicia, o estado de situación, facendo especial fincapé na situación das mulleres brasileiras.
2. Conxuntamente con Portugal, desenvolvemento dunha investigación sobre o acceso ao dereitos establecidos pola lexislación vixente, tanto en Portugal como en España, por parte dos/das migrantes brasileiros en Galicia e Portugal, así como en Brasil por parte dos migrantes procedentes da UE.
3. No marco do Proxecto Itíneris, a Secretaría xeral da Igualdade organizará en maio de 2012 unha “visita de estudo” a Galicia por parte dunha delegación de axentes brasileiros/as composta de 13 representantes das institucións vinculadas á loita contra a trata en orixe: centros anti-trata, Secretaría Nacional de Xustiza de Brasil e Policía Federal Brasileira.

Así mesmo, as entidades integrantes de Itíneris colaborarán coas autoridades brasileiras no apoio e na elaboración de materiais para as potenciais persoas migrantes e na asistencia e a “formación de formadores/as” ao persoal das 28 Superintendencias do Traballo brasileiras e dos centros anti-trata.

Igualmente tentarase crear ao abeiro do Proxecto, unha rede de contactos entre os axentes brasileiros, portugueses e galegos en materia de loita contra a trata de seres humanos. Exemplo deste inicio de colaboración foi a comunicación no mes de novembro 2011 por parte dos ICMPD (International Centre for Migration Policy Development), xefe de filas do Proxecto Itíneris, da extensión da cobertura, por parte do Departamento de Política da Muller de Brasil, da liña telefónica 180 para as mulleres brasileiras vítimas de violencia que se atopen en Portugal, España e Italia, indicando os números dispoñibles de xeito gratuíto desde estes países

#### **Convenio de Colaboración entre as distintas Comunidades Autónomas para a coordinación dos seus recursos de acollida a mulleres vítimas de violencia de xénero**

En outubro de 2011 a Xunta de Galicia adheriuse ao convenio de colaboración asinado polas Comunidades Autónomas de Andalucía, Aragón, Cataluña, Castela León, Castela A Mancha, Illes Balears, Extremadura, A Rioxa e Valencia, para a **coordinación dos seus recursos de acollida ás mulleres vítimas de violencia de xénero.**

Na Xunta de Galicia, e dende a apertura do primeiro centro de acollida na nosa Comunidade Autónoma, véñense asinando cada ano convenios de colaboración con diversos concellos titulares dun recurso de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, para o mantemento dos mesmos, en concreto cos concellos da Coruña, Ferrol, Culleredo, Lugo e Ourense. Todos os centros atópanse incluídos na rede autonómica de centros de atención a mulleres, e cumpren cos requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

O obxecto deses convenios é a colaboración da Xunta de Galicia no financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento dos centros de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, comprometéndose os concellos a manter os centros en funcionamento e a prestarlle ás mulleres vítimas un servizo integral de atención, emerxencia, apoio, acollida e recuperación. Establécese ademais a cooperación e colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade nas derivacións das mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos, procedentes doutras comunidades autónomas, de acordo cos protocolos e procedementos establecidos para estes efectos

Dado o carácter de recurso de protección que seguen mantendo os centros de acollida, non son infrecuentes as ocasións en que, maiormente por motivos de seguridade, pero tamén de carácter persoal ou profesional, este centros de acollida deben realizar traslados fora da Comunidade galega, actuando tanto como receptores de vítimas ameazadas noutras partes do estado que son derivadas a Galicia como enviando a mulleres que residen nun centro en Galicia a outro fora da nosa comunidade autónoma. Neste sentido, a **coordinación institucional** amósase como unha ferramenta imprescindible para conseguir unha atención eficaz ás vítimas, evitando a dispersión de recursos, logrando unha maior efectividade dos mesmos e contribuíndo a garantir a seguridade das mulleres.

Neste sentido, a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, de cara a garantir os dereitos que a lexislación lles outorga ás vítimas da violencia de xénero, promove e impulsa a prestación dos servizos establecidos na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e considera prioritaria a atención ao funcionamento dos centros de acollida

para as vítimas, funcionamento no que se debe incluír a colaboración interinstitucional e a cooperación entre **todos os servizos autonómicos das mesma natureza no Estado español**, de xeito que o traballo en rede e a articulación entre os distintos centros permita conseguir a seguridade das vítimas, e as apoie na súa recuperación psicolóxica social e laboral.

#### **Coordinación en materia de violencia de xénero entre todos os axentes implicados en Galicia.**

No mes de abril de 2011 celebrouse, a instancias da Secretaría xeral da Igualdade, a segunda xuntanza de Coordinación en Materia de Violencia de Xénero, para analizar a situación en Galicia.

Á xuntanza asistiron, ademais da Secretaría xeral da igualdade, , o director xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o director do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) o Fiscal Superior de Galicia,o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o director xeral de Interior da Consellería da Presidencia, a xefa da Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da Delegación do Goberno en Galicia, o comisario xefe da Xefatura da Policía Autonómica de Galicia, o comisario principal da xefatura Superior de Policía de Galicia, o xefe da Unidade de Protección, Asistencia e Prevención da Xefatura Superior de Policía de Galicia e o tenente Xefe da Unidade de Policía Xudicial da Guarda Civil.

No encontro analizouse a situación da violencia de xénero en Galicia en relación cos datos presentados pola Secretaría Xeral da Igualdade no seu informe anual ao Parlamento de Galicia relativo ao ano 2010, abordouse o asunto da reeducación dos maltratadores, e incorporáronse datos relativos ás actuacións policiais que se realizaron na nosa comunidade autónoma relativos á violencia de xénero.

Por outra banda abordouse a realización, a proposta da Fiscalía, dun informe sobre as características dos maltratadores de xénero en Galicia, co obxectivo de que esa información poida proporcionar datos que permitan mellorar a seguridade das vítimas e ter ademais un coñecemento máis profundo da casuística que se da na nosa Comunidade Autónoma.

Tendo en conta que durante anos os estudos realizados sobre a violencia se centraron sobre todo nas vítimas enténdese que, para atacar o problema da violencia de xénero,

é necesario ter tamén un coñecemento igual, ou incluso maior, dos agresores. Saber os actos concretos, os instrumentos de violencia, onde ocorren, como reacciona a vítima, a idade, a relación de parentesco, os datos socioeconómicos, en definitiva, ter uns indicadores claros para poder actuar dende todos os eidos de forma máis eficaz, entendendo que estes datos, xunto co papel que realiza o Instituto de Medicina Legal de Galicia, o IMELGA, serán instrumentos valiosos para poder predicir os niveis de risco, detectalo e tentar evitar as agresións

□ **Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia**

Actuacións policiais da Unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia:

A unidade realizou un total de 132 actuacións co seguinte desglose:

- 5 ordes de protección remitidas pola autoridade xudicial
- 5 atestados policiais
- 3 detidos
- 38 xestións
- 48 contactos
- 23 identificacións persoais
- 3 informes
- 4 inspeccións
- 3 notas informativas

▪ A temática da igualdade e violencia de xénero nos procesos selectivos de persoal policial e a súa formación.

- Policías locais: a orde do 28 de xaneiro de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos de ingreso, promoción e mobilidade nos corpos de policía local, inclúe esta temática nos anexos I, II, IV e VI.

- **Persoal da UPA:** esta temática recóllese como unha materia específica no curso de adaptación a realizar polo persoal a integrar na Unidade Adscrita e que se imparte na Academia Galega de Seguridade Pública. O persoal docente está integrado por persoas relacionadas coa violencia de xénero, xuíces, fiscais, persoal funcionario das forzas e corpos de seguridade..., cunha axeitada preparación e cualificación didáctica nesta materia, e de sensibilización e práctica de actuacións policiais.

No eido da formación do persoal da unidade é de salientar que a formación inicial e a súa promoción interna segue os plans establecidos polas respectivas direccións xerais da Policía e da Garda Civil; respecto da formación continua ademais da propia das sinaladas polas referidas direccións establécense cursos específicos para esta unidade na Academia Galega de Seguridade Pública.

- **Ámbito de actuación.**
  - a) **Policía Autonómica:** a actividade policial da UPA respecto da violencia de xénero desenvólvese polo persoal integrante dos Grupos de Menores e Violencia Intrafamiliar. Estes operativos ubícanse nas capitais de provincia e nas cidades de Vigo e Santiago de Compostela (sedes das respectivas unidades).
  - b) **Policías Locais:** haberá que distinguir aqueles concellos con maior número de persoal, caso das grandes cidades, respecto doutros con menos efectivos. Aínda así, o labor formativo desenvolvido pola Academia Galega de Seguridade Pública nesta materia respecto do persoal das policía locais de Galicia abrangue un número total de 1.316 persoas que recibiron unha formación axeitada respecto da temática analizada.

#### □ **Información ao Parlamento de Galicia**

O presente informe da cumprido trámite á obriga legal establecida da Disposición Adicional Cuarta da Lei: "O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que contará coas achegas de todos os departamentos implicado na prevención

e no tratamento da violencia de xénero". O dito informe presentouse ante a Cámara galega en nos anos 2009, 2010, 2011 e 2012, coa información correspondente ao desenvolvemento , por parte da Xunta de Galicia, das medidas contidas na Lei 11/2007, no ano inmediatamente anterior ao da súa presentación.

❑ **Creación do Consello Galego das Mulleres.**

A Lei 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional quinta, crea o Consello Galego das Mulleres como órgano colexiado e institucional de Galicia, de carácter consultivo, de participación e asesoramento en materia de políticas de igualdade.

O día 13 de xaneiro publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 2 de xaneiro de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se acorda someter a información pública o proxecto de Decreto polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

Dita Resolución cumpre co establecido no parágrafo segundo do artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que establece que, cando o contido e a repercusión da disposición o aconsellen, será sometida a información pública e así acorda abrir este trámite por un prazo de 15 días hábiles co obxecto de que todas as persoas e entidades interesadas poidan consultar o texto do proxecto e achegar as súas alegacións.

Ao mesmo tempo, enviáronse notificacións ás federacións e asociacións mais representativas inscritas no RUEPSS nos ámbitos de muller e igualdade, dándolles trámite de audiencia.

Unha vez cumpridos os trámites anteriores, continuarase coa recabación de todos os informes preceptivos, previos á aprobación do proxecto polo Consello da Xunta de Galicia.

❑ **Creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero**

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sexta, prevé a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da

avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

No momento actual, o decreto de desenvolvemento lexislativo da Lei 11/2007 atópase na preceptiva fase de recabación de informes, para a súa próxima aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

□ **Creación da Comisión Interdepartamental de Igualdade**

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sétima, establece que se creará a Comisión Interdepartamental de Igualdade como órgano colexiado e institucional de Galicia, á que lle corresponderán, entre outras, as funcións de seguimento da aplicación desta lei e dos correspondentes plans para a igualdade e de loita contra a violencia de xénero.

No momento actual, o decreto de desenvolvemento lexislativo da Lei 11/2007 atópase na preceptiva fase de recabación de informes, para a súa próxima aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.



